



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 23

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 15 de maio de 2013

Presidencia da Excm. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 3761 (09/PNP-000263)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Vázquez Díaz, Ramón

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos concertos educativos establecidos cos centros privados de ensino

Publicación da iniciativa, BOPG n° 58, do 26.02.2013

4.2 4288 (09/PNP-000313)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a construción do novo hospital público na área sanitaria de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG n° 64, do 06.03.2013

4.3 5576 (09/PNP-000419)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez González, Román e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de política lingüística

Publicación da iniciativa, BOPG n° 80, do 03.04.2013

4.4 6538 (09/PNP-000496)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Sánchez García, Antón

Sobre as medidas que debe implementar o Goberno galego para o fomento da incorporación de persoas mozas á actividade agraria

Publicación da iniciativa, BOPG n° 89, do 18.04.2013

4.5 6677 (09/PNP-000503)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat, e Jorquera Caselas, Francisco Xesús
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 25.04.2013

4.6 6682 (09/PNP-000504)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Docasar Docasar, Ricardo Vicente e 2 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei orgánica de mellora da calidade educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 25.04.2013

4.7 6853 (09/PNP-000514)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme e 3 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e a súa aplicación en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 25.04.2013

4.8 6921 (09/PNP-000516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caamaño Domínguez, Francisco e 2 máis

Sobre a elaboración e a presentación polo Goberno galego dun plan de salvagarda da edición do libro en galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 95, do 02.05.2013

Punto 5. Interpelacións

5.1 4877 (09/INT-000206)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

García García, Pablo e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego sobre a campaña de prevención e extinción de incendios para o ano 2013

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 20.03.2013

5.2 6449 (09/INT-000265)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Martínez García, María Consuelo

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas cámaras de comercio e, en concreto, coa de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 89, do 18.04.2013

5.3 6940 (09/INT-000288)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sobre a aplicación en Galicia da Lei 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e o anuncio da súa reforma polo Goberno central

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 25.04.2013

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 7453 (09/POPX-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Jorquera Caselas, Francisco Xesús

Sobre a valoración das operacións de venda de Galicia por parcelas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 8.05.2013

6.2 7454 (09/POPX-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vázquez Fernández, Manuel

Sobre a evolución producida, en termos de calidade democrática, durante o mandato do Sr. presidente da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 8.05.2013

6.3 7455 (09/POPX-000024)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda

Díaz Pérez, Yolanda

Sobre os obstáculos para a entrega da documentación oficial dos contratos subscritos pola Xunta de Galicia coa estrutura societaria de Marcial Dorado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 8.05.2013

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 7434 (09/PUP-000033)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

González Santín, Juan Carlos, e Quintas Álvarez, María Remedios

Sobre as medidas ou xestións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coas oficinas do Banco de Caja España de Inversiones, Salamanca y Soria, ou Banco CEISS, en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 8.05.2013

7.2 6937 (09/POP-000642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Franco, María Tereixa, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre o impacto para a provincia de Ourense do peche da empresa T-Solar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 95, do 02.05.2013

7.3 5345 (09/POP-000485)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Díaz Pérez, Yolanda, e Martínez García, María Consuelo
Sobre o financiamento do dique flotante para Navantia, na ría de Ferrol

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 27.03.2013

7.4 7472 (09/PUP-000034)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Veira, Pedro Manuel e 7 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia do acordo que permitiría á empresa mexicana Pemex entrar a formar parte do accionariado do estaleiro Hijos de J. Barreras, situado na ría de Vigo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 8.05.2013

7.5 7503 (09/PUP-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación co consenso establecido no Plan xeral de normalización da lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 8.05.2013

7.6 1739 (09/POP-000130)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e 4 máis
Sobre os obxectivos da Rede Eusumo creada para o fomento do cooperativismo e a economía social, en especial no actual contexto económico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 25, do 03.01.2013

7.7 7485 (09/PUP-000035)

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda
Sánchez García, Antón
Sobre as medidas de fiscalización previstas polo Goberno galego en relación coa tramitación pola Consellería do Medio Rural e do Mar de subvencións para a reforestación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 99, do 8.05.2013

7.8 5110 (09/POP-000443)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Soneira Tajés, María Soledad
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para aclarar as denuncias presentadas polos veciños da Costa da Morte en relación con supostas irregularidades na tramitación de subvencións para a reforestación de terras non agrarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 20.03.2013

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración das operacións de venda de Galicia por parcelas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 10.)

Contestación do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 10.)

Réplica do autor: *Sr. Jorquera Caselas (BNG).* (Páx. 11.)

Réplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 11.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a evolución producida, en termos de calidade democrática, durante o mandato do Sr. presidente da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 12.)

Contestación do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)

Réplica do autor: *Sr. Vázquez Fernández (S).* (Páx. 15.)

Réplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 15.)

Pregunta de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os obstáculos para a entrega da documentación oficial dos contratos subscritos pola Xunta de Galicia coa estrutura societaria de Marcial Dorado. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx. 16.)

Contestación do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Sra. Díaz Pérez (AGE).* (Páx. 18.)

Réplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de política lingüística. (Punto cuarto da orde do día.)

A señora presidenta anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 20.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Baamonde Díaz (P).* (Páx. 20)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 22) e *Sr. Caamaño Domínguez (S).* (Páx. 23)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Fernández Calviño (AGE).*(Páx. 24.)

O señor Baamonde Díaz (P) intervén para posicionarse respecto das emendas e pechar o debate. (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe implementar o Goberno galego para o fomento da incorporación de persoas mozas á actividade agraria. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 26.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Sánchez García (AGE). (Páx. 26.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. García Pacín (P). (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Paz Franco (BNG) (Páx. 30.) e Sr. García García (S). (Páx. 31.)

O señor Sánchez García (AGE) intervén para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Fajardo Recouso (AGE) (Páx. 35.), Sra. Quintas Álvarez (S) (Páx. 37.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 38.)

Nova intervención da señora Prado Cores (BNG). (Páx. 40.)

O señor presidente (Santalices Vieira) anuncia a seguinte proposición non de lei por iniciativa do señor Docasar Docasar (S) e suspende a sesión durante uns minutos por non estar presente no salón de sesións o seu autor. Unha vez incorporado o señor Docasar Docasar retómase a sesión. Nun breve diálogo co señor presidente explica a razón do seu atraso e comeza a súa intervención, que se ve interrompida por unha indisposición do orador. O señor presidente, logo de consultarlle aos portavoces, decide pasar ao debate da seguinte proposición non de lei mentres se recupera o señor Docasar. (Páx. 42.)

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e tres deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e a súa aplicación en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 43.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Adán Villamarín (BNG). (Páx. 43.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: Sra. Acuña do Campo (S). (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Solla Fernández (AGE) (Páx. 46.) e Sra. Rodríguez Barreira (P). (Páx. 47.)

A señora Adán Villamarín (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 50.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei orgánica de mellora da calidade educativa. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Santalices Vieira) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 51.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Docasar Docasar (S).* (Páx. 51.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Pombo Rodríguez (BNG).* (Páx. 53.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Vázquez Díaz (AGE)* (Páx. 54.) e *Sr. Rodríguez González (P).* (Páx. 56.)

O señor Docasar Docasar (S) intervéñen para posicionarse respecto da emenda e pechar o debate. (Páx. 57.)

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Caamaño Domínguez e dous deputados máis, sobre a elaboración e a presentación polo Goberno galego dun plan de salvagarda da edición do libro en galego. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Caamaño Domínguez (S).* (Páx. 58.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 60.), *Sr. Ron Fernández (AGE)* (Páx. 61.) e *Sra. Piñeiro Martínez (P).* (Páx. 62.)

Nova intervención do señor Caamaño Domínguez (S). (Páx. 63.)

Votación das proposicións non de lei

A señora presidenta anuncia que se vai proceder á votación das proposicións non de lei. (Páx. 64.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos concertos educativos establecidos cos centros privados de ensino: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Santalices Vieira e seis deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a construción do novo hospital público na área sanitaria de Vigo: *aprobada por 38 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 64.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de política lingüística: *aprobada por 38 votos a favor, 33 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

O señor Sánchez García (AGE) dá lectura ao texto transaccionado ao que se chegou co Grupo Parlamentario Popular. (Páx. 65.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe implementar o Goberno galego para o fomento da incorporación de persoas mozas á actividade agraria: *aprobada por 64 votos a favor e 7 abstencións.* (Páx. 65.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei orgánica de mellora da calidade educativa: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e tres deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e a súa aplicación en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Caamaño Domínguez e dous deputados máis, sobre a elaboración e a presentación polo Goberno galego dun plan de salvagarda da edición do libro en galego: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 66.)

Declaración institucional

A señora presidenta informa de que os grupos parlamentarios lle fixeron chegar unha declaración institucional á que dá lectura (Páx. 66.)

Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego sobre a campaña de prevención e extinción de incendios para o ano 2013. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. García García (S).* (Páx. 67.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar.* (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. García García (S).* (Páx. 71.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar.* (Páx. 72.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

Interpelación do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas cámaras de comercio e, en concreto, coa de Pontevedra. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (AGE).* (Páx. 73.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria.* (Páx. 74.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (AGE).* (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria.* (Páx. 76.)

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a aplicación en Galicia da Lei 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e o anuncio da súa reforma polo Goberno central. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 79.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade.* (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Acuña do Campo (S).* (Páx. 82.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade.* (Páx. 83.)

Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e D^a María Remedios Quintas Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas ou xestións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coas oficinas do Banco de Caja España de Inversiones, Salamanca y Soria, ou Banco CEISS, en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. González Santín (S).* (Páx. 83.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda*. (Páx. 84.)

Réplica do autor: *Sr. González Santín (S)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Facenda*. (Páx. 85.)

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto para a provincia de Ourense do peche da empresa T-Solar. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 87.)

Réplica da autora: *Sra. Paz Franco (BNG)*. (Páx. 87.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 88.)

Pregunta de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o financiamento do dique flotante para Navantia, na ría de Ferrol. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 89.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Martínez García (AGE)*. (Páx. 90.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 91.)

Pregunta de D. Pedro Manuel Arias Veira e sete deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da Xunta de Galicia do acordo que permitiría á empresa mexicana Pemex entrar a formar parte do accionariado do estaleiro Hijos de J. Barreras, situado na ría de Vigo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 92.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 92.)

Réplica do autor: *Sr. Arias Veira (P)*. (Páx. 93.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria*. (Páx. 93.)

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación co consenso establecido no Plan xeral de normalización da lingua galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*. (Páx. 95.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 96.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*. (Páx. 96.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e catro deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre os obxectivos da Rede Eusumo creada para o fomento do cooperativismo e a economía social, en especial no actual contexto económico. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 97.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar*. (Páx. 98.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Traballo e Benestar*. (Páx. 99.)

A señora presidenta anuncia a acumulación das preguntas seguintes. (Páx. 99.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas de fiscalización previstas polo Goberno galego en relación coa tramitación pola Consellería do Medio Rural e do Mar de subvencións para a reforestación. (Punto sétimo da orde do día.)

Pregunta de D^a María Soledad Soneira Tajés, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para aclarar as denuncias presentadas polos veciños da Costa da Morte en relación con supostas irregularidades na tramitación de subvencións para a reforestación de terras non agrarias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 100.)

Intervención da autora: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 100)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar.* (Páx. 101.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (AGE).* (Páx. 102.)

Réplica da autora: *Sra. Soneira Tajés (S).* (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural e do Mar.* (Páx. 103.)

Remata a sesión ás seis e corenta minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.

Reiniciamos a sesión co punto seis da orde do día, que é o de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración das operacións de venda de Galicia por parcelas

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Grazas, señora presidenta.

Mire, señor Feijóo, Unión Fenosa, R, Azkar e outras moitas empresas, mercadas por capital foráneo; e agora semella que Pescanova está abocada a padecer a mesma sorte. E mentres isto acontece desde que vostede é presidente, primeiro o Banco Pastor pasou a mans do Banco Popular; logo o Banco Etcheverría foi mercado por Banesco —un banco venezolano—; máis tarde, o Banco Gallego pasou a mans do Banco Sabadell, e Novagalicia Banco vai polo mesmo camiño. Por se ten algunha dúbida, no informe económico de 2012 de Novagalicia Banco afirmase textualmente que o escenario máis probábel é a venda a un grupo financeiro de recoñecida solvencia. E o informe encargado polo FROB á consultora McKinsey conclúe que o futuro que lle agarda é ser limpadado e vendido.

Señor Feijóo, o proceso de descapitalización que está vivindo o país é consecuencia da súa ausencia de política económica e industrial, e é consecuencia tamén da liquidación do sector financeiro. Non hai país que poida ter futuro se non preserva unha base económica propia, se non conta cun forte tecido empresarial autóctono e se non ten institucións financeiras propias. E, mire, desde que vostede é presidente, Galiza está en deconstrución, Galiza está sendo vendida por parcelas. ¿E que fai vostede? Pois o que fai é actuar como un auténtico cabalo de Troia. Desde que vostede é presidente, os beneficiarios das principais contratas públicas no noso país son empresas foráneas. O seu Goberno ten subvencionado a deslocalización

de empresas radicadas en Galiza presentándoas como axudas á internacionalización. E vostede non viaxa a México para buscar oportunidades no exterior a empresas galegas ou para conseguir novos contratos para o naval ou para poñer prazo aos xa famosos floteis. Non, non viaxa a México para nada disto. Vostede viaxa a México para fuxir da negra sombra de Marcial Dorado e viaxa a México para actuar de *broker* vendendo unha empresa galega a unha empresa mexicana.

Por iso, señor Feijóo, formúlolle a seguinte pregunta: ¿vostede valora positivamente que Galiza se estea vendendo por parcelas? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta.

Señoría, como vostede sabe, hai unha serie de empresas que seguro que vostede as coñece pola súa importancia económica, social e de emprego na comunidade. Refírome á empresa francesa Citroën, que dá emprego a entre 6.500 e 7.000 persoas de forma directa. Refírome á empresa estadounidense Alcoa, que é unha das grandes empresas de aluminio de Europa e que dá emprego a máis de 1.500-1.600 persoas. Refírome, por exemplo, á empresa suíza Nestlé, á empresa danesa Vestas, á empresa noruega Stolt Sea Farm, á empresa xaponesa Denso.

Supoño, señoría, que todas estas empresas que sendo estranxeiras dan emprego en Galicia, apostan por Galicia e crean riqueza na comunidade autónoma. Supoño, señoría, que o seu caderno económico non plantexa que estas empresas se vaian de Galicia. Supoño, señoría, que vostede se dá conta de que Vigo hoxe é unha gran capital do sector do automóbil de Europa grazas a esta empresa. Supoño, señoría, que vostede sabe que na Mariña lucense a primeira empresa, fundamental —que, por certo, vostedes de vez en cando defenden e outras atacan—, é Alcoa.

Señoría, non entendo cal é a súa política económica, entre outras cousas, porque non ten vostede unha política económica homologable a ningún país de Europa nin a nin-

gunha rexión de Europa. En consecuencia, señoría, debería vostede revisar a súa política económica.

Señoría, a internacionalización da nosa economía hai que facela en dúas direccións. Eu sentínme orgulloso vendo nas calles de México Distrito Federal máis de 140 tendas de Inditex. E sintóme tamén orgulloso cando a cuarta petroleira do mundo e a primeira empresa de México se fía de Galicia para investir, para crear emprego e xerar riqueza.

Señoría, non só temos que traer capital a Galicia, que é un síntoma de competitividade da nosa economía e é un síntoma de confianza en Galicia, senón que temos que exportar. Por iso Galicia neste ano 2013 está exportando máis que España. Por iso Galicia no ano 2011 ten a balanza comercial máis positiva da súa historia. E por iso Galicia no ano 2012 segue tendo unha balanza comercial beneficiaria e positiva en máis de 1.600 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Señoría, trátase de facer dúas cousas, traer riqueza e exportar. Por iso vostedes cando estaban no Goberno non crían niso de exportar. Nós levamos multiplicado por catro as facilidades e o apoio ás empresas galegas para exportar.

Señoría, si me gustaría que revisara vostede a historia, porque a historia xa está escrita. O deterioro do balance das entidades financeiras de Galicia ten o punto fatídico durante os anos 2005 e 2009. Xa sei, señoría, que a vostede lle dá igual...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... porque me dá a sensación de que como lle vaia a Galicia ás veces ao BNG dálle igual.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Jorquera Caselas.

O señor JORQUERA CASELAS: Mire, señor Feijóo, son dúas cousas totalmente distintas que empresas de fóra invistan en Galiza e que Galiza se descapitalice. E voulle explicar en que consiste a súa política económica apelando á prensa mexicana: *“El objetivo que persigue Pemex es trans-*

ferir a medio plazo el conocimiento tecnológico de Barreras. La idea que se tiene es que en un momento dado el astillero se traiga a Méjico, probablemente a Ciudad del Carmen, Campeche, e iniciar de esta forma la transferencia tecnológica completa”. *El Universal*, México, martes 7 de maio. ¡Marabilloso!, esta é a súa gran visión estratéxica.

É vostede un curioso neoliberal, señor Feijóo. Vostede oponse á creación dun banco público galego que evite o espolio do noso aforro cando é a única maneira de manter institucións financeiras propias. Non contempla a posibilidade de converter a Barreras nun estaleiro público galego. Pero, iso si, non ten reparo a vendelo a prezo de ganga a unha empresa pública mexicana para que logo se traslade a tecnoloxía e finalmente o estaleiro a México.

Mire, señor Feijóo, fronte á falsa crenza de que é igual quen sexa o tenedor de capital, a experiencia demostra que as actividades que xeran máis valor engadido, máis emprego de calidade e estábel, están onde está radicada a matriz, e en casos de desinvestimento empézase sempre polas terminais periféricas. E pónolle dous exemplos, señor Feijóo: *“Gas Natural traslada de Galicia a Cataluña la atención al cliente de Unión Fenosa”.* ¿Que significa isto? A perda de 105 postos de traballo no noso país. ¿Quere outro exemplo? San Luis, a súa venda significou primeiro pechar o centro de distribución de Piadela, e agora Darty vén de anunciar o peche de todas as tendas e a desaparición de 150 postos de traballo en Galiza. E a vostede isto parécelle normal.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Mire, señor Feijóo, desde que vostede é presidente, Galiza é moito máis feble economicamente, máis inxusta socialmente, pero, iso si, moito máis dependente.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Jorquera.

O señor JORQUERA CASELAS: Niso consiste a súa política. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Réplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Creo que está claro, señoría, que vostede quere un

banco público e nós non; vostede quere estaleiro público, nacionalizar Barreras. ¿Exactamente para que, señor Jorquera? ¿Para que? Barreras non ten pedidos, Barreras non tiña capacidade nin sequera de presentar un aval ante un pedido no que a Xunta de Galicia tivo moito que ver, un flotel de 190 millóns de euros.

Señoría, ¿por que non escoita máis os sindicatos de Barreras e o comité de empresa de Barreras, que o que quere é carga de traballo, capital para refloatar Barreras, para crear emprego en Barreras, para que a ría de Vigo volva ter emprego no sector naval, mentres vostedes se dedican a outra cousa, que simplemente é crear incertidume e crear dúbidas sobre a capacidade de Galicia?

Señoría, xa lle digo, estamos traballando noutro tema. Queremos que estaleiros galegos e estaleiros mexicanos, en alianza, presenten ofertas para renovar a frota menor de Pemex, cun contrato de máis de 200 millóns de dólares. E estamos estaleiros galegos e estaleiros mexicanos poñéndonos de acordo para presentar unha oferta e volver conseguir 200 millóns de dólares de carga de traballo. *(Aplausos.)* Xa ve, señoría, como a nosa política económica e a súa é totalmente distinta.

Señorías, ¿pero que é isto de nacionalizar Barreras? ¿Que quere nacionalizar?, ¿unhas gradas?, ¿ou o que quere é crear traballo e que esas gradas estean cheas de barcos? Señoría, pero ¿cal é a súa proposta? Honradamente solicítollo, ¿cal é a súa proposta en materia económica? ¿Vostede está de acordo ou en contra do comité de empresa de Barreras? *(Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Nós a favor.

Señoría, o problema de todo isto é que fai falla ter memoria. Sobre o asunto de Fenosa, ¿vostede non recorda aquilo de Fenosa?: “o conselleiro nacionalista do BNG está convencido de que capital galego pode comprar a maioría de Fenosa”. Roldas de prensa, grandes aparicións públicas, e ao final, señor Jorquera, ¿que? Ao final nós estamos intentando —e pódolle asegurar que espero conseguilo— que boa parte ou algunhas das filiais de Gas Natural-Fenosa

teñan o domicilio social en Galicia. Vostedes non foron capaces de mantelo e nós vamos ver se o recuperamos. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza, señoría. *(Aplausos.)* Esa é a gran diferenza.

Señoría, vostedes queren que en plena globalización pechemos as portas de Galicia. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu xa lle digo, mire: investimento estranxeiro en Galicia de Pemex, benvido. E plantéxolle, oxalá veña máis investimento estranxeiro a Galicia para crear postos de traballo. Oxalá que o investimento de Pemex teña un efecto chamada noutras grandes empresas do sector naval. Señoría,...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...xa sei que non lle parece ben a entrada de Pemex. Probablemente non lle pareza ben que Citroën estea en Galicia ou que Nestlé estea en Galicia. Señor Jorquera, a nosa proposta é moi clara...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...queremos que haxa barcos galegos en México e queremos que haxa capital mexicano en Galicia.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(O señor Beiras Torrado pronuncia palabras que non se perciben.)

Por favor, señor Beiras, estamos facendo preguntas ao presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Manuel Vázquez Fernández, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a evolución producida, en termos de calidade democrática, durante o mandato do Sr. presidente da Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a súa pregunta, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Bos días, señora presidenta.

Señor Feijóo, moitos galegos estano pasando mal no noso país. Vostede presume de Inditex, presume de Citroën, pero non fala de Pescanova, de T-Solar, da Fábrica de Armas, do sector eólico, de 290.459 parados, de 180.000 desempregados que non reciben ningunha prestación, de 20.000 familias que non pagaban comedores escolares e os van ter que pagar. Fronte a esta situación, vostede escolleu un camiño –explicouno o outro día–: o relato. Ocultalo todo, negar a verdade, impedir que os verdadeiros datos cheguen á cidadanía. Está convertendo o seu Goberno, señora presidenta, e a este Parlamento –coa complicidade deste Parlamento–, nun xigantesco altavoz no que repetindo mentiras e ocultando información intenta facer as súas verdades.

Si, señorías, de 552 peticións de comparecencia; aceptaron 4. De 7.800 preguntas orais no Parlamento, contestaron 1.400, non contestaron 6.400. Dez mil preguntas na anterior lexislatura que quedaron sen contestar. Señorías, artigo 9, o dereito de cada parlamentario de pedir información ao Goberno a través deste Parlamento. Fixemos 144 solicitudes e concedéronnos 8. Vostedes están ocultando a realidade deste país e están facendo política a través da comunicación.

Mire, hoxe vemos como saca peito vostede no control de déficit, presumindo e esixindo o control de déficit de Galicia. Pero unha pregunta, señoría, ¿quen ten escondido o informe do Consello de Contas dende hai oito meses, no que o Consello de Contas e o señor Orza din que manipulou o déficit deste país, din que ocultou 400 millóns de euros no ano 2010, non sabemos cantos no 2011 e non sabemos cantos no 2012?

Señora presidenta, ¿onde está escondido o informe do Consello de Contas?

Señoría, Marcial Dorado. Diga dunha vez xa por que, que está ocultando, quen o chantaxea. Mándanos ao secretario xeral do Sergas. Por certo, o que era vostede cando paseaba no iate con Marcial Dorado. *(Aplausos.)* Secretario xeral do Sergas, si, señoría.

Ímoslle facer só unha pregunta a ese secretario xeral, xa que nolo mandan, nós non o pedimos. Señor secretario

xeral do Sergas, ¿vostede subiría nun iate con Marcial Dorado e iría de vacacións por toda España con el sendo secretario xeral do Sergas? A ver se nos di que si ou nos di que non.

Señoría, segue ocultando información.

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato.

Auditoría de KPMG, pedímoslla nove veces. Argumentou nesta Cámara que a fusión era fabulosa para Galicia cunha auditoría. Custou...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...1.200 millóns de euros, adxudicouse a dedo e non a viu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, 1.200.000 euros...

A señora PRESIDENTA: Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...1.200.000 euros. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Adxudicouna a dedo...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...e non a viu ningún, señor presidente.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato, señora presidenta, remato.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Señor Vázquez...

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ¿Esa é a calidade democrática...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...esa é a transparencia do seu Goberno?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, moitas grazas.

Silencio, por favor.

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señora presidenta.

Realmente me perdo co seu relato, señor Vázquez, porque Inditex, Pescanova, Pemex, auditoría de KPMG, secretario xeral do Sergas, déficit, Consello de Contas e Parlamento. ¿Que me propón vostede que lle conteste? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Imos entón falar da calidade democrática. Grazas, señoría, por centrar a pregunta. *(Risos.)*

Señoría, mire, a calidade democrática entendemos que ten dúas variantes: que o Goberno responda ante o pobo e que o Goberno se someta ao control parlamentario. Señoría, dende ese punto de vista este Goberno é transparente, é democrático, e dos datos que lle vou dar saque vostede as conclusións de se é o Goberno máis transparente e o Goberno máis respectuoso co pobo e co Parlamento.

Señorías, este Goberno cóstalle moito menos aos cidadáns que aquel do que vostede formaba parte. Este Goberno reduciu de 13 a 8 as consellerías, un 50 % os altos cargos e un 36 % os membros de gabinete.

Permítame que lle dea unha serie de datos que están de moda noutros ámbitos provinciais.

En dietas de locomoción este Goberno diminuíu un 64 % o gasto, e en atencións protocolarias —dígoos porque creo que isto lle soa— diminuíu un 68,5 % o gasto.

Señoría, este Goberno fixo dous plans de diminución da Administración paralela, extinguindo 56 entes públicos, e este Goberno aprobou unha lei de racionalización da Admi-

nistración autonómica para seguir afondando na avaliación da nosa Administración.

Señoría, este Goberno sométese á organización, por exemplo, de transparencia internacional, onde acredita que a Administración autonómica ten 90 puntos en transparencia internacional, e a media das comunidades autónomas non chega a 80.

Esta Xunta de Galicia foi a primeira que publicou os seus bens no *Diario Oficial de Galicia*. Este Parlamento foi o primeiro en trinta anos de Autonomía que colgou o seu patrimonio á disposición dos galegos. Este presidente foi o primeiro presidente que amosou as súas declaracións de renda e patrimonio antes, durante e agora como presidente da Xunta de Galicia. E non é unha cuestión deste Goberno, non, por lei o presidente da Xunta e os membros do Goberno terán que facelo no futuro.

Señoría, como vostede parece que non conta moi ben, quero dicirlle que o número de iniciativas na anterior lexislatura foron 63.000, tantas como en trinta anos de Parlamento. Señoría, o número de preguntas contestadas na anterior lexislatura foron 29.600. Vostedes contestaron 9.000; 9.000 fronte a 29.600. *(Aplausos.)*

Señoría, o número de comparecencias, 250 comparecencias.

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, no que levamos de lexislatura temos aprobado por proposta deste grupo, e co visto e praxe de todos, unha comisión de investigación sobre as caixas —non se preocupe da auditoría KPMG— *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* e unha comisión de estudos...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...sobre a corrupción.

Señoría, permítame que non fale doutras administracións locais nin provinciais.

Moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señor presidente, calidade democrática é ter transparencia na xestión do Goberno, e vostede está ocultando os elementos claves da súa xestión política.

Vostede, por moitas voltas que lle dea ás cifras, está impedíndolles a estes parlamentarios –que, por certo, vostede quere reducir–... De 144 iniciativas desta lexislatura do artigo 9, para saber cal é a realidade deste país, soamente contestou a 8. Si, vostede dá leccións en Barcelona e en Madrid, pero onde as ten que dar, no Parlamento galego, e dar a documentación, oculta a documentación, señorías, señora presidenta, cunha certa complicidade deste Parlamento, que ten que esixirille que nos ten que dar a documentación.

Señor Feijóo, volvéuselle olvidar na intervención. O Consello de Contas, con todo respecto ao defunto señor Orza, nada sospeitoso de ser socialista, acusouno a vostede e ao seu Goberno de manipular o déficit deste país, de presumir de algo que non é certo. Agora, cando vostede recorre España dicindo “*yo cumplo*”, o Consello de Contas dille: vostede engana, vostede manipulou. Pero dígame unha cousa, ¿tan difícil é, señor presidente, ou señora presidenta, dicir onde está o informe do 2010 do Consello de Contas? ¿Téñeno vostedes? ¿Teno arriba alguén? ¿Quen o ten? ¿Non sabe ninguén quen o ten? Ninguén sabe onde está.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señoría, informes de Pemex. Vinte veces lle pedimos os contratos de Pemex.

Señoría, auditoría de KPMG. ¡Pero se presentou vostede aquí esa auditoría! A señora Marta Fernández Currás argumentoulle a toda Galicia e a este Parlamento que esa auditoría de 1.200.000 euros adxudicada a dedo, que non viu ninguén máis que vostede, non a viron as caixas...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...non a viron os parlamentarios, non a viu ninguén... ¿Onde está? ¿Como se con-

tratou? ¿Quen a pagou? ¿Que pon? ¿Que di? ¡E fala vostede aquí de transparencia e de calidade democrática!

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señor Feijóo, vostede no caso Marcial Dorado, fusión de caixas, auditoría, está sempre contando mentiras. Relato, e acabo co seu relato. Deixe de darlle consellos...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...a Rajoy de que busque relato,...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: ...e vostede menos conto e máis... (*O señor Vázquez Fernández pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra, para a réplica, o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, reitérolle os datos que acabo de referir.

Máis actividade parlamentaria de control ao Goberno nesta lexislatura que en trinta anos de Parlamento. (*Murmurios.*) Máis preguntas respondidas; 29.000 na anterior lexislatura, por tres na lexislatura da que vostede formaba parte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E este presidente da Xunta de Galicia é o presidente...

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, déase por chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que máis preguntas responde á oposición dende que temos Parlamento.

Señoría, podemos seguir avanzando, sen ningunha dúbida.

Fálame vostede do déficit. ¿En que quedamos, señoría? ¿Gastamos pouco ou gastamos moito? ¿Temos que

gastar máis ou temos que gastar menos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿O déficit público é o que sinala a ministra Salgado, do Partido Socialista, e o señor Montoro, do Partido Popular, ou é o que a vostede se lle ocorra?

Señoría, o Consello de Contas que veña á Cámara e que presente o que considere oportuno. O déficit público non o sinala nin a Xunta *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* nin o Consello, senón a Intervención Xeral do Estado, do Ministerio de Facenda, con datos de Eurostat e con cuestións homologables en toda Europa.

Señoría, pero ¿que é realmente o que lle preocupa a vostede? Gustaríame sabelo. Se acaso lle preocupa se temos avanzado desde o punto de vista democrático, *(Murmurios.)* eu creo que temos avanzado en moitos aspectos. É verdade que desde o punto de vista da oposición...

A señora PRESIDENTA: Señor Beiras, déase por chamado á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...temos retrocedido en moitos aspectos.

Señoría, eu lamento que o Goberno non poida contar co Partido Socialista Obreiro Español en Galicia case que para nada. Eu lamento que o Partido Socialista en Galicia se apunte a facer de vez en cando determinados circos no Parlamento galego. E eu lamento profundamente que se deixen arrastrar por determinadas actitudes que nunca fixeron historia na súa longa historia como Partido Socialista democrático, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que cre nas institucións, que cre no Parlamento e que cre no Goberno. Levan máis dun século defendendo o Parlamento e as institucións,...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...señor Vázquez,...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...pídolle que o sigan facendo un século máis.

Señoría, cada vez que pactabamos con algún deputado seu algunha cuestión na anterior lexislatura, automaticamente foron laminados das listas do Partido Socialista; xa non hai ningún, xa non hai ningún. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señoría, vólvollo reiterar, gustaríame poder ter con vostede e co seu grupo pontes de diálogo. Gustaríame, señoría, que nos propuxeran como debemos cumprir o noso compromiso electoral –que o cumpriremos– de facer un parlamento de acordo coa situación actual de Galicia e de acordo co Estatuto de autonomía. Gustaríame, señoría, que renováramos as institucións que temos pendentes. Non vou citar ao meu compañeiro de goberno por respecto á situación na que está a súa vacante, simplemente porque vostedes non se poñen de acordo en renovar vacantes do Consello de Contas.

Señoría, vólvolle facer unha proposta,...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...traía vostede sosego, traía vostede propostas, discrepe pero dialogue. Faga o favor de darlle exemplo ao Partido Socialista e a tantos militantes socialistas...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que queren un Partido Socialista útil.

Máis nada e moitas grazas, señoría. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre os obstáculos para a entrega da documentación oficial dos contratos subscritos pola Xunta de Galicia coa estrutura societaria de Marcial Dorado

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días, presidenta.

Señor Feijóo, falaba antes e presumía de ter vendidos os estaleiros privados. Dígolle, xa que fala de sindicatos, que

os sindicatos da comarca de Ferrolterra están en pé de guerra. Xa hai convocada folga xeral. As gradas, señor presidente, están baleiras e temos fame. A mentira é o seu sinal de identidade, e a mentira fíxose eco xustamente no último pleno, no que vostede non foi quen de respostarlle a esta voceira.

Señor Feijóo, vostede dixo que non sabía a que se dedicaba o señor Marcial Dorado. Dixo mesmamente nun xornal –que é o *ABC*–, directamente, que lle preguntara ao seu amigo Manuel Cruz e que, efectivamente, lle dicía que non sabía a que se dedicaba. E vostede chegou a afirmar: probablemente non me dixo toda a verdade. O que non lle está dicindo a verdade aos galegos e galegas, señor presidente, é vostede. ¿Quen era ese amigo íntimo chamado Manolo Cruz, señor Feijóo? ¿A que se dedicaba o señor Manolo Cruz? Á parte de ser guerrilleiro de Cristo Rey, de servir aos servizos da Brigada Político-Social en Ferrol e andar con pistola, señor Feijóo, o seu amigo dedicábase ao narcotráfico, señor Feijóo. O seu amigo, que ben coñecía vostede, dedicábase ao narcotráfico. Ese amigo tan vencellado a outro alto cargo que hoxe é tesoureiro do Partido Popular, que se chama Romay Beccaría, señor Feijóo, Romay Beccaría.

Gustaríanos saber, señor presidente, ¿sabía vostede das actividades ilícitas dese testaferro de Marcial Dorado ou non? ¿Tampouco sabía quen era o seu amigo Manolo Cruz? Non o sabía vostede, a pesar, señor Feijóo, de que, efectivamente, como vostede dixo, presumía moito de ser o seu amigo. E casualmente, señor Feijóo, ¿por que na trama Gürtel, cando era secretario de organización o señor Pablo Crespo, o maior ingreso procede de Galicia? ¿Hai financiación ilegal no Partido Popular, señor Feijóo? ¿Pódenos explicar a súa amizade ou tampouco sabía realmente quen era ese guerrilleiro de Cristo Rey, e a que se dedicaba? Porque en Ferrol sabemos todos e todas a que se dedicaba. Ata os seus cargos do Partido Popular saben, efectivamente, que se dedicaba ao narcotráfico.

Esas son as súas amizades, señor Feijóo. Vostede mentiulle a esta Cámara, e, aplicando a súa doutrina, non lle queda máis remedio que dimitir. Non é nobre e honesto para estar presidindo a Xunta de Galicia. Que corra a lista do Partido Popular, señor Feijóo, pero vostede con esas amizades non pode seguir gobernando o noso país.

Pídlle, por favor, que me diga se tampouco sabía quen era Manolo Cruz, señor Feijóo. ¿Non sabía das súas actividades ilícitas? E tamén lle pregunto...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ¿É certo, señor Feijóo, que vostede chamou ao Sergas cando morreu Manolo Cruz –o seu amigo– para dicir que non se lle fixera a autopsia? ¿É certo este feito, señor Feijóo? Pregunto, preguntolle, preguntolle, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ¿É certo, señor Feijóo? (*Aplausos.*) (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Prego silencio, por favor.

(*Interrupcións.*)

Prego silencio, por favor. Silencio, por favor.

Ten a palabra para responder o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, é evidente que a vostede non lle interesan para nada os contratos da Xunta de Galicia durante todas as lexislaturas con empresas relacionadas co señor Dorado. Vostede acaba de volver a retratar o seu grupo e a vostede mesma. Agora fala dun morto, ¿para que? (*A señora Díaz Pérez pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Para que o defenda a súa familia?, ¿para que o defenda eu?, ¿de que?, ¿de inxurias, de calumnias, de autopsias? ¿Vostede realmente cre que isto é un Parlamento que merece unha intervención como a que vostede acaba de facer?

Aínda non se desculpou vostede pola actuación da anterior intervención do seu grupo e agora volve vostede outra vez con outro filibusterismo político e con outra insidia, que non é en ningún caso recibida por Galicia, a manchar este Parlamento.

Señoría, vostede é libre de facer a política que queira, pero, dende logo, de insultos, de violencia, de agresividade e de puñetazos non conte con nós. Señoría, vostede tiña

oportunidade de desculpase agora polo espectáculo lamentable que deu o seu grupo no Parlamento. É evidente, señoría, que eu si me vou desculpar, voume desculpar pola situación política que está vivindo Galicia como consecuencia da súa coalición electoral, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), señoría. Pódese falar co BNG, pódese falar co Partido Socialista Obreiro Español, pero o que é imposible é falar con aqueles que non queren máis que violencia, agresividade e puñetazos. (*Aplausos.*) Señoría, con eses non se pode falar.

Señoría, se vostedes están interesados na economía de Galicia, paréceme moi ben, eu tamén. A miña preocupación segue sendo o paro, segue sendo a crise económica e a situación de moitas familias galegas que viven moitísimo peor que vostede e ca min. O que está claro, señoría, é que un Parlamento non é un lugar para facer o que a un lle pete nin para dicir as barbaridades que a un lle pete envoltos na inmuniidade parlamentaria. Señoría, un parlamento é un lugar que representa o pobo, e ninguén está por riba do pobo de Galicia, e, en consecuencia, ninguén, nin vostede nin ninguén, está por riba do Parlamento galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Por favor.

Réplica. Por favor.

Ten a palabra para a réplica a señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señor Feijóo, comprobamos que padece de amnesia, non hai dúbida ningunha. Levamos máis dun mes intentando que nos diga a verdade: recoñeza que mentiu diante desta Cámara, recoñeza que mentiu diante desta Cámara.

E falando de contratos, señor presidente, ¿vaios entregar a Alternativa Galega de Esquerda os contratos subscritos presuntamente con esa trama empresarial que vostede tan ben coñece, que pertencían a Marcial Dorado? Porque mire, isto que lle entregou a esta voceira é unha vergonza. Vostede, que é licenciado en Dereito, sabe que isto non vale para nada, sabe que isto é unha burla, entre outras cousas porque

nós o que lle pedimos son contratos, señor presidente. Aquí pon “relación de pagos” nunha folliña de word, non sei, de xeito trapalleiro, que ninguén se atreve a presentar nunha pequena administración pública. Queremos contratos e certificados por algunha persoa funcionaria desta casa, da casa da Xunta de Galicia, señor presidente, non queremos isto. Queremos que alguén nos diga, o que nos entregue os contratos, que son certos, e non esta trapallada que lle acaba de entregar a Alternativa Galega de Esquerda. Imos ser quen, señor presidente, de ter os contratos que vostede agocha nunha gabeta e que di que non subscribiu nunca vostede dende a Consellería de Sanidade.

E, señor presidente, vólvolle preguntar, ¿coñecía a que se dedicaba o seu amigo testafarro de Marcial Dorado, Manolo Cruz, que se dedicaba ao narcotráfico e que era un seguidor para o Partido Popular –nun termo moi fino– e para unha trama presunta de financiación ilegal do Partido Popular? ¿Ou tampouco vostede me vai contestar neste intre? (*Interrupcións.*)

Si, si, dino ata...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: Dino os xulgados, non nós. O maior ingreso da Gürtel prodúcese nesas etapas nas que o presidente da Xunta, que non é digno de tal, efectivamente tiña...

A señora PRESIDENTA: Remate, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...amizades perigosas.

¿Vaime contestar? E sobre todo, ¿vaios entregar os contratos, señor Feijóo, ou vai ser unha nova relación de pagos? E diante desta convocatoria –e remato, señora presidenta–...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...do secretario xeral do Sergas, non queremos políticos, queremos funcionarios que certifiquen que o que di vostede é verdade. Polo de agora, o que temos son mentiras.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Dimita, señor Feijóo.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(Aplausos.) (Protestas.)

¿Que pasou?, ¿que pasou?

Silencio, por favor. Silencio. *(Interrupcións.)*

Silencio, por favor. Fagan o favor de gardar silencio.
(Pronúncianse palabras que non se perciben por parte de varios deputados.) (Aplausos.)

Ten a palabra para rematar o debate o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, permítame que non a felicite pola súa intervención.

Mire, eu non vou entrar, xa dixen o que pensaba sobre o que fan vostedes e sobre a situación á que queren levar a rúa en Galicia, as institucións en Galicia, o Goberno en Galicia, o Parlamento en Galicia; en definitiva, a democracia.

Vostede non está por riba do pobo, señoría. Vostede está de deputada polas mesmas razóns que eu estou de presidente. A vostede votárona para estar na oposición e a min votáronme para ser presidente. *(Aplausos.)* Exactamente igual, señoría; exactamente igual.

Señoría, eu comparecín aquí durante dúas horas para falar do que vostedes quixeron e explicar todo o que entendía que tiña que explicar. No pleno contestei as preguntas da oposición, a tres. A de vostede, como é natural, sabe que non a puideron contestar porque vostedes mesmos non me deixaron. Adicionalmente remitín por escrito toda a documentación que temos e hoxe volvo contestar.

Señoría, se vostede me quere seguir falando disto durante toda a lexislatura, eu agradézollo, porque así non terei que preparar as respostas parlamentarias. Polo tanto, pode seguir vostede en cada sesión de control ata o ano 2016, facilítame moito o meu labor porque entenderei que hai dúas preguntas e AGE.

Señoría, pero como vostede parece que de dereito administrativo non sabe moito, permítame que lle diga simplemente unha cuestión. Sabe que as regras de fiscalización, de contabilidade e de gasto público esixen manter durante dez anos os expedientes de gasto. Señoría, se me escoita, poderá entender a explicación. Digo que as regras de contabilidade e de fiscalización obrigan aos órganos que xestionan fondos públicos a ter dez anos os contratos arquivados. Se eu quixera exclusivamente responder ao que vostedes me preguntan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non respondería nada, dado que nada hai anterior ao ano 2003. Fíxese, señoría, como non soamente non temos nada que ocultar, senón que, podendo contestar que non existen expedientes anteriores ao 2003, conforme a lei, estou plantexándolle todos os pagos dende o ano 1993, vinte anos despois. O que pasa é que non lle gusta, señoría. Non lle gusta escoitar que a lexislatura na que máis diñeiro se facturou á empresa do señor Dorado foi na lexislatura do bipartito, onde vostedes de forma indirecta teñen moito que ver porque teñen xente do BNG e votos do BNG, de momento, nas súas siglas. *(Aplausos.)*

Señoría, as dúas lexislaturas onde menos diñeiro se facturou ás empresas do señor Dorado son lexislaturas nas que eu formei parte do Goberno.

Terceiro,...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): En dezaseis anos do presidente Fraga facturouse o 55 %, e en catro anos do bipartito o 45 %. Señoría, a maior axuda pública que se lle deu ao señor Dorado foi...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cando o señor Dorado estaba condenado, e foi o bipartito. ¿Que máis quere que lle diga, señoría?

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, comprendo que os datos van diminuíndo a súa infamia. Dígolle...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente. Xa non ten a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que imos seguir dando toda a información, toda, existan ou non existan contratos. Soamente con que teñamos un rastro de pago, terá vostede información.

A señora PRESIDENTA: Presidente, moitas grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría... *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día co punto catro, de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de política lingüística

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. Socialista, por iniciativa do seu deputado, Francisco Caamaño Domínguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido do punto 1.º) polo seguinte texto:

“1.º) Derrogar o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia de acordo coas sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.”)

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada Ana Belén Pontón Mondelo, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a:

1. Derrogar inmediatamente o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galiza e abrir un proceso de diálogo con todas as forzas políticas con representación parlamentaria, comunidade educativa (sindicatos, anpa, movementos de renovación pedagóxica, asociacións estudantis) e asociacións en defensa do galego, co obxecto de procurar un acordo sobre as medidas para impulsar a normalización do galego no ensino non universitario, coherente co disposto na Lei de Normalización Lingüística e o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.

2. Aplicar as medidas contidas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega.”)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a proposición non de lei o señor Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señoras deputadas e señores deputados.

Están aínda na memoria recente as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia respecto do chamado Decreto do plurilingüismo, sentenzas asumidas polo Goberno da Xunta de Galicia por tres razóns xa expostas reiteradamente nesta Cámara.

En primeiro lugar, polo principio fundamental de respecto ás decisións dos órganos xurisdiccionais. En segundo lugar, para blindar a seguridade do propio decreto e asegurar o compromiso do Partido Popular cunha política lingüística baseada no equilibrio, na defensa e na promoción do galego e na introdución do plurilingüismo. E, en terceiro lugar, para

tentar sacar definitivamente das aulas, co aval da xustiza, a pugna política sobre a lingua.

Ao acatar as sentenzas do tribunal o Partido Popular cumpriu as expectativas dos que demandaban este paso como requisito para iniciar un proceso de consenso en materia de política lingüística.

Hoxe, nestas datas –non hoxe concretamente, pero nestas datas nas que nos movemos–, estanse a cumprir os 150 anos da publicación dos *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, os 50 anos da celebración do primeiro Día das Letras Galegas e tamén os 30 anos da publicación da Lei de normalización lingüística, por iso cremos que é un bo momento para abrir un proceso encamiñado á consecución dun pacto social sobre a cuestión lingüística. Creemos que é o momento oportuno para tentar poñer fin á confrontación e iniciar unha política lingüística de consenso, onde cada cal asuma –loxicamente– a responsabilidade que lle corresponda.

O Partido Popular vén reclamando este consenso desde hai tempo por boca precisamente do propio presidente da Xunta. O Partido Popular deu o primeiro paso nesa dirección ao non recorrer e acatar as sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza, agora mesmo o que estamos a facer é presentar unha iniciativa que ten por obxecto explorar, buscar, a posibilidade de consenso e tratar de saber cal é a posición dos grupos políticos a este respecto. Loxicamente, para camiñar cara ao consenso hai que poñer enriba da mesa a propia posición e, a partir de aí, avanzar nun proceso de diálogo cara a posturas integradoras de superación ou de cesión.

Sobre cal é a postura do Partido Popular neste tema, loxicamente non hai ningún segredo porque é unha postura reiterada e mantida desde hai moito tempo, unha postura clara e unha postura que conta co respaldo da maioría social de Galicia. Unha postura que descansa en dous piares fundamentais: por un lado, o respecto á legalidade vixente, e, por outro, a aceptación da realidade bilingüe de Galicia.

Polo que respecta á legalidade vixente, obviamente nosoutros movémonos nas prescricións que establece a Constitución; nas do Estatuto de autonomía, que tamén establece a cooficialidade de galego e de castelán, e movémonos dentro do espírito de consenso recollido na Lei de normalización lingüística.

Polo que respecta ao bilingüismo, o arraigo en Galicia de dúas linguas, o galego e o castelán, é consecuencia de acontecementos históricos coñecidos que, loxicamente, poden ser enxuizados desde a óptica que a cada cal lle pareza oportuno, pero que, en calquera caso, nosoutros entendemos que constitúe un suceso absolutamente irreversible. Xa sabemos que nalgúns sectores o bilingüismo esperta unha virulencia especial, a pesar de que moitos sectores do galeguismo e galeguistas históricos como Castelao, Risco ou Vilar Ponte defenderon ese bilingüismo.

En calquera caso, o que entendemos desde o Partido Popular é que facer plantexamentos estratéxicos baseados no monolingüismo en galego non axuda a que teñan calado social as políticas de defensa do idioma. Pretender a expulsión do castelán dos espazos públicos de Galicia ou reduci-lo a un idioma meramente residual é unha quimera, como unha quimera tamén é a de pensar que as políticas lingüísticas se poden impoñer simplemente por decreto, de costas á realidade social de Galicia e ao que opina a maioría social do noso país. Por iso o que nosoutros propoñemos é avanzar cara a unha política lingüística de carácter equilibrado que permita o desenvolvemento do galego, a súa convivencia pacífica co castelán e a introdución do plurilingüismo.

Os catro puntos básicos para acadar o consenso nesta materia de maneira xenérica foron xa enunciados polo presidente da Xunta de Galicia: recoñecemento do galego como idioma propio de Galicia; cooficialidade de galego e castelán; medidas positivas en favor do galego e liberdade de uso.

A oposición, polo de agora, nunca contestou ás ofertas de consenso. Agora, polo que se deduce das emendas presentadas, dá a impresión de que quere establecer como condición *sine qua non* para avanzar nese consenso unha única cuestión: a derogación do chamado Decreto do plurilingüismo. A este respecto, permítanme recordarlles que o Decreto do plurilingüismo é unha norma validada nas urnas; é unha norma aceptada pacificamente pola maioría social de Galicia e é unha norma absolutamente legal, por canto se pretende a súa aplicación dentro dos límites establecidos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O feito de insistir nesta teima da derogación do Decreto do plurilingüismo como condición previa e *sine qua non* para calquera tipo de acordo fainos pensar que vostedes non

entenderon ben de todo a proposta que estamos a facer na nosa iniciativa, por iso permítanme facer unhas precisións ao respecto.

En primeiro lugar, aclarar en canto ao seu obxectivo que, aínda que é unha oferta xenérica, contén unha oferta moi precisa e moi estrita; unha oferta sobre un pacto lingüístico en orde á política lingüística no seu conxunto, non só cinguido ao ensino, que tamén, naturalmente, pero que se poida estender e que poida abranguer todas aquelas áreas onde se poida avanzar na penetración social do galego. Dende o punto de vista metodolóxico, obviamente non é unha proposta programática, non contén unha folla de ruta predeterminada ou preestablecida. Trata de ser un punto de partida cara ao consenso, no que as actuacións concretas se irán determinando a través do diálogo e da converxencia de posturas. O que pretende é apelar á responsabilidade dos grupos políticos para tentar deseñar unha política sobre a lingua que substitúa a confrontación polo consenso, con actitudes de xenerosidade e de intelixencia por todas as partes; tan só lle pedimos que mostren disposición ao diálogo. Se somos capaces de acadar esa disposición, evidentemente iremos artellando a través do diálogo sucesivo a forma concreta de levalo adiante.

A lingua, señorías, hoxe máis que nunca, necesita actuacións conxuntas e consensos unívocos. Se somos capaces de acadalos, a sociedade e a propia lingua, obviamente nolo agradecerán. Se non somos capaces de facelo, pois, loxicamente, cada cal debe de enfrontar a súa responsabilidade.

Máis nada e moitas grazas, ata coñecer a súa resposta.
(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Baamonde.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Baamonde, teño que dicirlle que subo a esta tribuna sen saber moi ben se isto todo que vostede dixo vai en

serio, é unha tomadura de pelo, ou vostede nos toma por parvos, xa non só aos deputados e deputadas, senón ao conxunto dos galegos e das galegas. Ou tamén, claro, pode formar parte desa estratexia que xa sabemos que é a estratexia que lle preocupa ao señor Núñez Feijóo, que o único que lle preocupa é o relato. Entón reinventamos a historia deste país, reinventamos o que pasa, e dámoslle a volta a cal é o problema que ten a lingua.

Teño que dicirlle que me encanta que vostede pida que o galego teña unha convivencia pacífica co español. ¡Teremos que pedirlle ao español, en todo caso, que teña unha convivencia pacífica co galego; e teremos que pedirlle ao Partido Popular que teña unha convivencia pacífica co galego! Porque, claro, vostedes –en honor á verdade– profesan unha política contra a lingua que realmente é sangrante, e fano todo parece ser que con base no amor que lle teñen á nosa lingua e no gran aprecio que lle teñen ao idioma galego. ¿Como entenden vostedes apoiar a lingua galega? Bueno, pois compartindo pancarta con Galicia bilingüe, organización, efectivamente, que está no ámbito da ultradereita antigalega; iso é o que fixeron vostedes. ¿Como defenden vostedes o galego? Prohibindo que se utilice nas matemáticas, en tecnoloxía, en física e química. ¿Como defenden vostedes o galego? Tirando miles de libros ao lixo porque cometen o delito de estaren escritos na nosa lingua. ¿Como apoia o Partido Popular o galego? Eliminando como un requisito para o acceso á función pública que se teña que acreditar o dominio real da lingua do noso país. Tamén supoñemos que forma parte do amor que vostedes lle profesan ao idioma que favoreceran unha estratexia que conduciu á eliminación de toda a prensa escrita en galego no noso país, e que cando rexorden iniciativas cidadáns de apoio teñan cero euros por parte da Xunta de Galicia. Iso si, ¡moitos millóns de euros levan vostedes destinado a outros medios de comunicación!, supoño que, efectivamente, para que non haxa fisuras na mensaxe oficial do réxime. Imaxino que tamén para vostedes unha mostra de amor cara ao galego é que lle destinen o 0,06 % dos orzamentos da Xunta de Galiza ás políticas de apoio a lingua; un terzo, señorías, do que dedicaba o señor Fraga hai vinte anos ás políticas de promoción do galego.

Imaxino que todo isto, efectivamente, son as mostras de amor, esas mostras de espírito de consenso, esas mostras que vostedes teñen de convivencia pacífica. Vostedes están atacando sistematicamente a lingua, o galego, é o que levan

facendo durante esta lexislatura e a pasada. Efectivamente vostedes consideran a lingua galega estranxeira na súa patria, e están cometendo un delito contra a racionalidade e contra o que marca a propia legalidade vixente neste momento no noso país.

Miren, as proposicións non de lei normalmente son para instar a Xunta de Galiza. Pero aquí xa estamos vendo como non só Feijóo non responde as preguntas, senón que agora temos proposicións non de lei que instan os grupos parlamentarios. Se vostede, o PP, cre que ten que dialogar cos grupos, é tan fácil como que o conselleiro, que está aquí presente, pois dialogue. Pero é que non dialogan, vostedes utilizan isto simplemente como unha parte máis dese debate, que xa é cansino, de tentar darlle a volta á realidade.

Vostedes non tiveron ningún interese en dialogar nada en relación coa lingua. Impuxeron un decreto contra o galego que tivo en contra ás asociacións que defenden o idioma, a todos os sindicatos, ao Consello Escolar, á Real Academia Galega, ao Consello da Cultura Galega, ao Bloque Nacionalista Galego e a milleiros de cidadáns nas rúas que lles pediron que non seguisen con esa política lingüicida, con esa política de galegofobia que destilan nas filas do Partido Popular.

Se vostedes realmente queren dialogar, nós xa llelo dicimos, retiren o elemento de discordia que crearon vostedes. E miren, non nos veñan con cuestións que de verdade rozan o absurdo. Que vostedes nos digan que “necesitamos un marco de diálogo para, tendo en conta a referencia da realidade sociolingüística da comunidade na progresiva aplicación no tempo do Plan xeral de normalización da lingua galega...”. Pero mire, señor Baamonde, o Plan xeral de normalización da lingua galega foi aprobado...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...neste Parlamento hai case unha década, non necesitamos máis tempo de espera. Se vostedes queren aplicalo, aplíqueno, sáqueno da gabetas que o deixaron, e por favor non veñan aquí con debates retorcidos en torno á lingua. A lingua galega, efectivamente, é de todos os galegos e de todas as galegas, dicíao Castelao: “Se aínda somos galegos é por obra e graza do idioma”.

Seguramente por iso é polo que vostedes atacan con tanta zunia a lingua galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caamaño.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Presidente, señorías.

Hoxe a mañá, despois da sesión de control, parece que vai de relato, e a min lembrábame, mentres estaba no escano, “Os outros feirantes” de Cunqueiro, un libro de personaxes máxicos, e pensaba tamén no gobernante dun pequeno país que dicía verdades como mundos, o que pasa é que os mundos eran cadrados; ese era o gran problema que tiñan as súas verdades.

Esta iniciativa é tamén unha iniciativa que nos presenta o Partido Popular para venderlles aos galegos que Galicia é cadrada e construír, efectivamente, unha historia completamente falseada da nosa realidade.

Recorde que o decreto chamado de plurilingüismo contou coa oposición do Consello Escolar de Galicia, do Consello da Cultura Galega; porque hai que lembrar as cousas como son para construír o relato de verdade. Contou coa oposición do Consello Consultivo de Galicia e por suposto de todos os sectores sociais de Galicia. Contou cunha absoluta oposición da cidadanía e dos órganos que se tiñan que pronunciar deste país, con todos menos co da Xunta de Galicia. Dixéronos que non, que o que importaba era a legalidade. Pois ben, foi ao Tribunal Superior de Xustiza e resulta que tampouco lle gustou ao Tribunal Superior de Xustiza. E agora vénsenos cunha iniciativa que xa se leva quentando hai un tempo na sociedade galega, que é que o Partido Popular e o Goberno da Xunta queren un consenso e os malvados da oposición non o queren; ese é o relato que se quere construír por enésima vez para este país para un mundo cadrado. Pois non é certo, ninguén quixo ese decreto do plurilingüismo e pediuse sistematicamente a súa derogación nesta Cámara e nas rúas de Galicia. Tamén o Tribunal Superior de Xustiza llo dixo, pero non fica aí a condición de longo recorrido desta historia. ¿Lembran vostedes o presidente Feijóo

sacando peito en España cando se aprobou o proxecto de lei, a chamada Lei Wert, dicindo que o ministro de Educación importaba para España o seu modelo de bilingüismo cordial que tiña implantado o decreto do plurilingüismo para o sistema educativo de Galicia? Creo que toda Galicia o pode lembrar. Pois ben, eu quero lembrar agora o que acaba de dicir o Consello de Estado precisamente nese punto sobre este pretendido bilingüismo cordial e harmónico do señor Núñez Feijóo. Porque poderán comprobar que ese decreto do plurilingüismo que non lle gusta a toda Galicia tampouco lle gusta ao señor Romay Beccaría, presidente do Consello de Estado, je iso si que é ben curioso!

Permítanme só lembrar parágrafos literais do informe do Consello de Estado onde se ve con toda precisión onde están, o relato falso que agora se nos quiere vender. En primeiro lugar, dise –e leo textualmente–: “Los poderes públicos, el Estado y la Comunidad Autónoma están facultados para determinar el empleo de las dos lenguas que son cooficiales en la comunidad autónoma como lengua de comunicación en la enseñanza”. Polo tanto, non os pais, os poderes públicos, como lle recordou o Tribunal Superior de Xustiza. Non esconda vostede nin faga desleixo das súas competencias nunha pretendida falsa liberdade e nunha pretendida e falsa democracia consultiva aos pais. Vostede está facendo un abandono sistemático das competencias que ten como poder público.

Pero ademais di o Consello de Estado: “No puede desconocerse que desde la Constitución de 1978 nuestra legislación educativa y la doctrina del Tribunal Constitucional han reconocido la competencia de las comunidades autónomas con lengua oficial propia para orientar, en el ejercicio de sus competencias, su sistema educativo hacia un modelo de integración, como así lo han hecho Cataluña y Galicia; o hacia otro de enseñanzas lingüísticas diferenciadas, como es el caso de la Comunidad Valenciana y la del País Vasco. Ambas posibilidades se ajustan plenamente a la Constitución, correspondiendo al legislador autonómico la libertad de opción”. E engade: “Ahora bien, por la misma razón, y puesto que no existe” –subraio no existe– “un pretendido derecho a recibir única y exclusivamente enseñanzas en castellano...”. Se queren podo lelo outra vez de xeito máis alto. Non o dixo só o Tribunal Constitucional, estallo dicindo o propio Goberno de España, o Consello de Estado, que é o órgano asesor do Goberno. Non existe, ninguén ten dereito a

recibir o ensino exclusivamente en castelán porque afecta –conclúe–, por iso a norma que establece o proxecto –e remato esta cita– non pode contemplar, a xuízo do Consello de Estado, o feito de que as comunidades autónomas, para aqueles pais...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ:... que queren que os seus fillos –remato xa– reciban o ensino en castelán, teñan que financiar con fondos públicos esa ensinanza. E recoméndalle que o saquen do anteproxecto de lei.

En resumo, estásenos a construír novamente un relato nun mundo cadrado que non ten nada que ver coa realidade política, coa xeografía social e cos feitos que teñen acontecido en Galicia.

Moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Caamaño.

Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, señor Fernández Calviño.

O señor FERNÁNDEZ CALVIÑO: Bos días a todas e a todos.

Desde Alternativa Galega de Esquerda cremos que o primeiro que debería definir o Partido Popular é cales son os seus obxectivos en materia de política lingüística. E, se compartimos eses obxectivos, pois logo establecer un diálogo que nos poida levar á forma máis eficiente de cumprilos. Se discrepamos nos obxectivos, probablemente sexa inútil calquera tipo de diálogo neste sentido. Sen embargo, eu creo que nos obxectivos podemos coincidir, cando menos formalmente.

Eu voulle dicir cal é o obxectivo en materia educativa, respecto ao galego, da Alternativa Galega de Esquerda, xa o manifestei noutra ocasión. O noso obxectivo é que os nenos galegos, unha vez que rematen o período de ensino obrigatorio, dominen perfectamente tanto o castelán como o galego. Ese é o obxectivo da Alternativa Galega de Esquerda, e quere dicir que cando acaben ese período teñan a mesma

oportunidade de usar correctamente tanto unha lingua como a outra. Se ese é o seu obxectivo tamén, desde Alternativa Galega de Esquerda poñerémonos á súa disposición para facer un debate sincero, poñer enriba da mesa qué é o que nós pensamos que se debe facer, e, polo tanto, tratar de buscar ese consenso do que o Partido Popular tanto fala. Neste sentido, deberíamos escoitar os expertos en normalización lingüística para ver de que forma podemos conseguir este obxectivo dun dominio correcto de ambas as dúas linguas por parte dos nenos galegos unha vez que rematan o período de ensino obrigatorio. Aí terannos ao seu lado.

Sen embargo, vista a traxectoria do Partido Popular nos últimos anos, é necesario un xesto por parte do Partido Popular para que nós poidamos crer nesta oferta de diálogo, nesta oferta de debate, para conseguir un consenso en torno a estes temas de grandísima importancia no noso país. É necesario que nós vexamos pasos do Partido Popular neste sentido, como dixen, e ese paso non é outro que a derogación do actual decreto e abrir as portas a un novo decreto partindo desde cero, no que todos os grupos da Cámara nos poidamos ver representados e onde toda a sociedade galega se poida ver representada.

Eu considero que a maioría da cidadanía galega está de acordo en que os nenos, cando rematen o período de ensino obrigatorio, dominen perfectamente ambas as dúas linguas, cousa que neste momento, por desgraza, non se produce co actual sistema. Reitero o ofrecemento de Alternativa Galega de Esquerda a establecer un diálogo sincero en torno a isto, pero necesitamos ese xesto por parte do Partido Popular.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fernández Calviño.

Grupo autor da proposición, Grupo Parlamentario Popular, señor Baamonde.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, miren que eu procurei ser amable para expoñer a nosa oferta de consenso. Creo ata que o fun —permítanme presumir diso—, pero xa vexo que aquí nesta Cámara hai

quen ten unha maneira perversa de entender o consenso. En vez de entender o consenso como punto de encontro e como punto de integración, hai quen entende o consenso como unha rendición incondicional, hai quen entende o consenso unicamente como a posibilidade de imposición da propia postura. Mire, señora Pontón, se nosoutros quixeramos impoñer a nosa postura, non viñamos aquí ao Parlamento a ofrecer consenso *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, porque a aritmética parlamentaria, loxicamente, nolo permitiría facer. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, di vostede que non entende o que planteamos nosoutros na iniciativa. Eu recórdolle aquilo que dicía aquela revista satírica de hai anos, *La Codorniz (La revista más audaz para el lector más inteligente)*. Se vostedes foran capaces de ler entre liñas, sería capaz de darse conta, señora Pontón, de que o que lle estamos pedindo nosoutros ao BNG é que sexa capaz de ver a realidade, que deixe de vivir de costas á realidade, que deixe de dicirlle á xente o que ten que facer e que escoite o que a xente quere facer. Moí especialmente que deixen vostedes de considerarse os únicos custodios da lingua... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Pontón.

O señor BAAMONDE DÍAZ:... e os únicos titulares da mesma. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, fala vostede de amabilidade... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Pontón.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Señora Pontón, estoulle respondendo, loxicamente.

Fala vostede de convivencia pacífica, de acordo, pero, miren, a resposta que dan vostedes en polémicas que están mantendo con institucións importantes de Galicia deixa entrever unha virulencia realmente preocupante. E, por outra parte, esa mesma virulencia na resposta cando alguén lles di que se están apropiando da lingua galega deixa a dúbida de se non será verdade aquilo que dicía Talleyrand, de que as verdades ofenden moitísimo máis que as calumnias. Recapiten, señorías, sobre esa cuestión. *(Aplausos.)*

En canto ao señor Caamaño, señor Caamaño, vostede fala de relato, pero está falando tamén dun relato fantástico. O Decreto do plurilingüismo evidentemente que foi avaliado polo Consello Consultivo de Galicia, posto que se aceptaron as súas recomendacións ao respecto. O decreto foi avaliado nas urnas pola sociedade galega, foi ratificado pacificamente pola maioría social de Galicia. En canto á sentenza do Tribunal Superior, vostede, que é xurista, sabe mellor ca min que, loxicamente, naquilo que non foi anulado, está plenamente ratificado, e, polo tanto, é total e absolutamente legal.

E o que lle pedimos nosoutros ao Partido Socialista é que sexa capaz de definir unha postura propia, que teña unha identidade propia en relación coa lingua e que deixe de ser o eco e o reflexo pálido...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor

O señor BAAMONDE DÍAZ: ... da postura do nacionalismo.

Sobre as emendas —e remato xa, señor presidente— direi que en principio non podemos aceptalas en canto que parten da derogación do Decreto do plurilingüismo. En calquera caso, eu distingo entre a do BNG, que non podemos aceptala de ningunha maneira porque é unha emenda de ruptura, e ademais vén acompañada agora recentemente por outra pretensión que nos deixa preocupados, cal é a petición de modificación da Lei de normalización lingüística, e a emenda do señor Caamaño, onde, a pesar de todo, pola forma de redacción deixa entrever a posibilidade de conseguir iso que é o que nosoutros buscamos coa nosa iniciativa, chegar a un acordo, a un pacto, sobre a lingua galega, que haberá que concretalo co devir dos acordos e das negociacións posteriores. Recollemos ese guante. Igual que aceptamos e agradecemos a intervención do señor voceiro de AGE, que tamén deixa entrever esa disposición de chegar a un pacto.

Estamos dispostos a tender esa man, que era o que facíamos coa nosa oferta. E facémola extensiva, a pesar de todo, ao Bloque Nacionalista Galego, esperando que en ben de Galicia, dunha vez por todas, todos sexamos capaces de ceder algo, que iso tamén é política e que iso é algo que a sociedade galega nos agradecería.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Baamonde.

Seguinte proposición.

Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe implementar o Goberno galego para o fomento da incorporación de persoas mozas á actividade agraria

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

“Onde di: “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a implementar as seguintes medidas de fomento da incorporación de mozos e mozas á actividade agraria:[...]”

Debe dicir: “ O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un grupo de traballo, coa participación dos Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e da Consellería do Medio Rural e do Mar, de cara a analizar a viabilidade da implementación, melloradas e perfeccionadas, das seguintes medidas de fomento da incorporación de mozos e mozas á actividade agraria para o ano 2014: [...].”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días a todos e a todas.

Eu veño falar do futuro do rural e do agro en Galiza e quería empezar por facer público que nós cremos que o Plan sectorial de actividades extractivas recentemente publicado pola Xunta de Galicia é incompatible co futuro do rural e co futuro do desenvolvemento sostible deste rural. E pedimos que se reconsidere e que se retire este Plan sectorial para non

desprotexer totalmente os solos do rural galego; solos con especial aptitude agronómica que con este plan sectorial quedarían totalmente desprotexidos.

Alternativa Galega de Esquerda considera obxectivos políticos prioritarios a creación de emprego –principalmente na mocidade–, frear o despoboamento do rural, frear o envellecemento do rural revitalizándoo con políticas radicalmente diferentes ás que se veñen realizando e que nos trouxeron á situación actual, cuns datos que, evidentemente, indican todo o que dicía anteriormente.

Sobre esta base, o rural é para Galiza hoxe en día unha oportunidade de futuro. O mellor plan demográfico que podería levar a cabo a Xunta de Galicia sería mudar as políticas do medio rural e procurar o futuro no emprego da mocidade no agro, no monte, no turismo verde, etc. Para isto hai que facer políticas públicas activas para reverter as tendencias negativas que actualmente se dan. É necesario facer unha análise do contexto actual. Non é o mesmo a situación que vivimos hoxe que a de hai catro anos. E eu vou enumerar unha serie de datos que para nós son como pezas dun puzzle que se deberían encaixar mediante unha decidida intervención política.

Xa superamos os 300.000 desempregados en Galiza. No tramo das idades de 16 a 34 anos a porcentaxe de paro é do 55 %. Galiza sofre un saldo migratorio negativo, xa que emigra máis xente da que entra no país e, como é evidente, a xente que sae principalmente é xente moza, e principalmente xente moza formada con estudos superiores. Segundo o Instituto Galego de Estatística o 68 % dos mozos quere emigrar, considérao unha opción, a opción máis posible é a emigración. E o 55 % son mozos e mozas con estudos superiores.

O fluxo migratorio en Galiza, ademais, é máis negativo que no Estado. Os índices demográficos amosan tamén que morre máis xente da que nace en Galiza, situando a pirámide demográfica nunha mala situación, na que o relevo xeracional non está garantido. Existe unha relación alta, como din os expertos, entre o abandono da actividade agraria e o envellecemento da poboación.

Por outra parte, só o 22 % da terra está aprobeitada –cifra que segue a baixar– fronte, por exemplo, á media estatal, que

é do 50 %, ou á media europea, que é do 55 %; desaproveitando un recurso escaso e non renovable, como é o solo con aptitude agraria, e producindo, ademais, os efectos ambientais coñecidos, principalmente o aumento dos incendios forestais.

Un dato: entre os gastos que asume a Xunta de Galicia na loita contra os incendios e as perdas ocasionadas polos incendios, de media suman aproximadamente 300 millóns de euros anuais, cunha estimación á baixa a partir dos estudos de expertos galegos. Por outra banda, tamén Galiza conta con 300.000 vivendas baleiras, case 100.000 no rural, e con 1.500 núcleos de poboación abandonados. Galiza conta cun modelo agrario e forestal moi pouco diversificado, moi dependente no eido agrario do sector lácteo, que supón o 61 % da produción final agraria; e no eido forestal, dependente da produción de eucalipto, madeira de baixo valor engadido e pouco creadora de emprego.

Existen, polo tanto, outros sectores con potencial de alto desenvolvemento que están sen desenvolver, como pode ser a agricultura ecolóxica, fruticultura, produción micolóxica, froitos do bosque, transformacións cárnicas e lácteas, conserveiras, etc.

Temos tamén un balance totalmente negativo entre exportacións e importacións, xa que o valor do que vendemos fóra non supera o 15 % do que compramos. Isto quere dicir que, por exemplo, en produtos agrícolas, principalmente, que se utilizan para a alimentación animal temos unha diferenza entre o que vendemos e o que compramos de -576 millóns de euros, balance negativo que ten Galiza, 576 millóns de euros. En froitas e hortalizas, 103 millóns de euros que compramos máis, cando poderíamos producirlo neste país. Incluso en viño, en viño, compramos 188 millóns de euros máis do que vendemos fóra. No último ano, por exemplo, outro sector a potenciar, a agricultura ecolóxica, facturou 22 millóns de euros, e foi presentado como un gran logro. Pois isto significa o 1 % da actividade agraria total. No Estado actualmente está no 5 %. Para chegar á media do Estado hai un camiño moi grande por percorrer. Coa demanda potencial podería chegar ata o 20 %, na media da Unión Europea está no 15 % e aquí estamos no 1 %. Polo tanto, Galiza non é capaz de producir o que consome. O noso agro non produce suficiente para alimentarnos.

O balance aínda é máis negativo se lle sumamos a tecnoloxía, onde non producimos nada e compramos todo. Ademais, gastamos todos os anos en formar agrónomos, agrícolas, forestais, economistas, sociólogos, etc., que, como dixemos antes, teñen que emigrar e que serían moi necesarios para desenvolver o futuro deste país. Aquí non teñen oportunidades para facelo. Facemos un investimento que non ten retorno, o retorno vai para outros sitios. Temos un modelo agrario, como dicía antes, moi dependente do exterior e dos derivados do petróleo, nun momento en que xa é evidente que iso é unha debilidade moi perigosa, cada vez máis perigosa.

Con todas estas pezas, cremos que é preciso montar o puzzle a través dunhas políticas que as fagan encaixar. Estas políticas que actualmente non se están a facer. Este puzzle é que temos terras abandonadas, deámoslles uso. Temos vivendas abandonadas e xente que necesita vivenda. Deámoslles uso e evitemos a perda dese patrimonio. Temos sectores cun enorme potencial para o seu desenvolvemento, témolos que desenvolver a través de plans específicos.

A xuventude non ten traballo. Pois nós dicimos que no rural si que hai marxe para facer proxectos vitais e hai marxe para facer políticas públicas agrarias. Formamos a eses mozos en todas as especialidades necesarias para facer do rural galego un lugar con futuro, unha oportunidade. Deámoslle entrada á xente moza a este desafío. Fagamos posible que as universidades, os licenciados e os diplomados xoguen o papel que deberían de xogar no desenvolvemento do país.

Gastamos, como dixen antes, moitos millóns de euros por culpa dunha lacra que son os incendios, causada fundamentalmente polo abandono do rural. Utilicemos parte deste diñeiro en reverter a situación, en que non se teña que gastar na extinción de incendios, en que non se teña que gastar cada vez máis en contratar brigadas antiincendios. Vaíamos cara a un modelo da prevención.

Temos un modelo produtivista que está esgotado. No mundo e en Europa aparecen novos paradigmas: a soberanía alimentaria, a agroecoloxía, a sustentabilidade, a multifuncionalidade da agricultura. Temos uns ecosistemas, unha estrutura da terra, que se adaptan realmente ben a estes novos desafíos. Temos as pezas necesarias e fan falta as políticas que as encaixen, e non seguir en políticas que as afastan cada día máis.

As circunstancias fixeron que teñamos unha boa base para inserírmolos nos novos tempos, cun modelo propio a partir da realidade actual. Polo tanto, nós, con esta proposición non de lei, presentamos sete medidas concretas, formuladas a partir da nosa experiencia. E digo “nosa” de moita xente, tanto da Alternativa Galega de Esquerdas como da xente comprometida co desenvolvemento rural que ao longo dos anos, a partir da realidade, detectamos necesidades ou problemas que atopa calquera mozo ou moza cando se quere incorporar.

Evidentemente, poderá haber solucións diferentes sempre que os obxectivos sexan os mesmos. Pedimos dotación de persoal para as oficinas agrarias comarcais, dotación de persoal para os centros de investigación agraria, dotación de persoal para titorizar, seguir, asesorar a esta xente que quere incorporarse. Pedimos a creación dunhas liñas de prácticas en explotacións agrarias. Liñas de axudas ao circulante, cando actualmente as únicas axudas que se prestan aos mozos que se queren incorporar son ao investimento, fomentan un investimento desmesurado en proxectos que non están suficientemente madurados; polo tanto, estase despilfarrando diñeiro. Tampouco sería nin sequera gastar máis diñeiro, senón gastalo con máis cabeza. Iniciar o proceso de descentralización da actuación do Bantegal a través de quen mellor o pode facer, que son os concellos. Establecer tamén colaboración cos concellos en materia de vivenda,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...potenciar os circuitos curtos, mercados locais, establecer plans específicos dos sectores a desenvolver, marcando obxectivos e avaliando a eficiencia destes plans.

Polo tanto, alguén pode pensar que para resolver os problemas do modelo actual hai que seguir insistindo neles, falando do que se chama modernización, e só estaríamos profundando nestes problemas. Nós presentamos as nosas propostas, pero sabemos que non existen receitas nin solucións universais. Só é posible, como diría un marxista, a análise concreta da solución concreta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez García.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora García Pacín.

A señora GARCÍA PACÍN: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Señor voceiro de AGE, seguindo coa actitude amable da anterior iniciativa e en busca do consenso e do diálogo a prol de atopar esa solución definitiva para o tema que nos ocupa, como é a incorporación de mozos e de mozas na actividade agrogandeira e forestal no noso rural, presentamos unha emenda que o que vén a sinalar é a necesidade de entre todas as forzas políticas con representación neste Parlamento, xunto coa Consellería do Medio Rural, propor atopar un consenso, traballar dun xeito frutífero, dun xeito no que atopemos resultados. Porque, como moi ben dicía vostede, os obxectivos son comúns, os obxectivos son únicos: paliar o despoboamento rural, aumentar a natalidade, descender o envellecemento da nosa poboación. Facía vostede referencia aos índices da pirámide demográfica. Realmente todas estas características que definiu na súa intervención pois caracterizan non só o rural galego, senón o rural do noso país e de todo o mundo occidental, tal e como coñecemos. E as políticas das administracións, neste caso autonómicas, estou segura de que en todos os gobernos tiñan como unha gran prioridade, un obxectivo, intentar frear e loitar contra todas estas eivas.

Falaba vostede da necesidade de aproveitar o potencial produtivo da nosa superficie. Ben, vostede sabe que a situación actual non está diversificada e derivase sobre todo ao cultivo en terras agrarias de cara ao eido gandeiro, a forraxes. E están outros cultivos, como pode ser a agricultura ecolóxica ou os frutícolas, cultivos como a horta, cultivos mesmo de cereais e outras alternativas, como a nosa pataca.

Eu creo que todas as medidas que vostede propón son moi susceptibles de ser melloradas, son todas realmente cuestionadas, porque cuestionan unha xestión que xa na anterior lexislatura principiamos dende o Partido Popular, apoiando un goberno que ten como prioridade favorecer o

acceso á terra produtiva mediante o Banco de Terras. A min gustárame saber se vostede escoitou ou indagou se os concellos estarían dispostos a asumir máis responsabilidades que poder axudar paralelamente a políticas autonómicas. Si se precisarian fondos técnicos para poder facer todo o que vostede propón.

Vostede fala –escoitámolo nas comisións– que mesmo nas oficinas agrarias comarcais son insuficientes os medios, coma se os técnicos, os preto de douscentos técnicos repartidos nas 66 oficinas comarcais actuais, fosen un condiccionario para a actividade emprendedora. Eu asegúrolle que por falla de asesoramento... Vostede tamén criticou moitas veces a burocracia. Realmente esa burocracia é a que permite que se acheguen fondos e se acheguen axudas e novas liñas de axudas dende outros fondos, mesmo dos fondos europeos.

Falaba vostede da creación de liñas de axudas ao circulante, cando realmente sabemos que o programa de desenvolvemento rural que naceu na lexislatura do bipartito ten piares, un deles son as liñas de axudas específicas para a incorporación de mozos e mozas, que son moitos millóns, un 25 % máis no ano 2012. E estamos falando de 9,9 millóns únicos para esa liña, sendo ao que os mozos e as mozas poden acceder. Falaba vostede ao final de agricultura ecolóxica. Todas estas producións teñen as súas propias liñas de financiamento.

E non me dá tempo a resumir máis, porque o tempo é moi limitado nesta intervención. Pero eu creo que o consenso debe partir de traballar todos xuntos e de atopar esa solución que vostede demanda. A nosa emenda nesa liña a presentamos. E sendo todas as medidas que vostede propón susceptibles de ser melloradas, entendemos que temos que seguir traballando todos xuntos, ser xenerosos e poder aceptar todas aquelas propostas que veñan mellorar os obxectivos polos que todos –asegúrolle, todos– loitamos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora García Pacín.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Parece que, despois da ofensiva contra a oposición da fase anterior do pleno do Parlamento, agora entramos na fase tranquila, na fase do consenso. Pero eu non acabo de entender moi ben en que vai consistir ese consenso que propón o Partido Popular e en que vai consistir esa boa vontade. Porque, efectivamente, no Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego –que anunciamos que apoiamos a iniciativa de Alternativa Galega de Esquerda tal e como está na súa formulación por parte do seu autor– cremos que o rural galego ten un gran potencial neste momento de crise económica. Porque, efectivamente, temos moita capacidade para a produción de alimentos, e a produción de alimentos de calidade, que no contexto actual, como o que temos, de crise económica é unha importante saída. E, de feito, conséntase nos datos como se produciu unha redución dos abandonos das explotacións a pesar da gravísima situación pola que están atravesando.

Pero, efectivamente, para fixar poboación no medio rural e sobre todo para fixar activos novos, activos mozos, na actividade agraria son precisos tres factores fundamentais. Un, apoio a esa fixación dos activos novos. Dous, apoio ás súas explotacións –pero non apoio unicamente para poñer en marcha esas explotacións, non só o apoio que consiste en forzar a realizar cada vez máis investimentos e, polo tanto, que se endebeden cada vez máis as explotacións agrícolas do noso país senón apoio consistente en establecer as medidas políticas adecuadas para que a comercialización deses produtos se poida facer, na medida das posibilidades, cos menos intermediarios posibles, e sobre todo coa participación dos produtores na súa cadea de valor para que poidan percibir unhas rendas dignas polos seus produtos e polos seus traballos–. E, terceiro, que tamén se dean as condicións de vida no medio rural que permitan que as persoas novas poidan fixar alí a súa residencia, tanto no ámbito dos servizos públicos como dos servizos sociais.

E por iso non sabemos en que consiste o consenso que nos ofrece o Partido Popular, porque vemos que os instrumentos que ten a Xunta de Galiza para lograr estes tres obxectivos ou para traballar en conseguir eses tres obxectivos se están malversando literalmente, no sentido etimolóxico da palabra.

Vemos, por exemplo, como ano tras ano se van aparcando os proxectos dinamizadores, e sobre todo como, ademais de aparcarse, non se utilizan para o que foron concibidos, que é para fomentar e promocionar aqueles proxectos que teñen capacidade de xerar emprego e diversificación produtiva no medio rural. Vemos como o Partido Popular reorientou os proxectos dinamizadores para que, no canto de que eses cartos vaian parar a mans de produtores de iniciativas empresariais, de iniciativas produtivas no medio rural, vaian parar a mans dos concellos. E vemos como, por exemplo, para o período 2012-2013 os proxectos dinamizadores para as empresas para crear emprego, para crear dinamismo produtivo no medio rural, son tres millóns e medio de euros, mentres que as axudas aos concellos son de case quince millóns de euros. E insisto –e xa sei que ao Partido Popular non lle gusta que falemos diso–, se miramos a resolución desa orde de axudas vemos como, na liña que ten como finalidade dotar de servizos básicos para a economía e a poboación rural, que son practicamente o 90 % deses quince millóns de euros, van todos dirixidos a construír pistas polideportivas, pistas de pádel, arranxo de parques biosaludables, incluso hai axudas para actividades marítimas e para mobiliario de equipamento de praias. Ese é o desenvolvemento económico do medio rural que preconiza o Partido Popular.

Por certo, tamén nos proxectos dinamizadores dirixidos a entidades empresariais e privadas hai curiosamente unha axuda para a construción dunha pista de pádel á Asociación de Cabalistas O Mundil, que os que son de Ourense saben que é dun famoso enchufado do señor Baltar, tenente de alcalde do Concello de Cartelle. Curiosa a concepción que ten o Partido Popular do uso dos cartos públicos no desenvolvemento rural e de cales son as prioridades...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PAZ FRANCO: E agora véñennos con que hai que constituír un grupo de traballo. Mire, señora García Pacín, xa nos tiveron entretidos toda a pasada lexislatura cunha comisión para analizar os problemas de demografía no noso país, entre eles os problemas e as necesidades para fixar poboación no medio rural e para traer novos activos ao medio rural, e para o rexuvenecemento produtivo no medio rural. Comisión que vostedes se pasaron polo forro. E a

señora conselleira presentou un plan de demografía, que teño aquí, que no que se refire ao medio rural...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor, señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: ...non é máis que papel mollado. Polo tanto, con nós non contan para seguir perdendo tempo en máis grupos de traballo para estudar non se sabe moi ben o que.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Paz.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidente.

Efectivamente, nós tamén imos apoiar esta proposición non de lei, independentemente de que teríamos moitas máis e que algunhas delas incluso nos parecen tan amplas e tan profundas que darían para unha iniciativa soa. Pero coincidimos plenamente, sobre todo na filosofía, en falar de creación e emprego no rural como unha oportunidade. Oportunidade que seguramente, se non abandonásemos os nosos sectores produtivos durante moitísimos anos, hoxe teríamola máis fácil. É máis, non teríamos a situación de desemprego en moitos concellos e en moitas zonas que temos; polo tanto, sería menos necesario.

E, ademais, eu creo que hai unha cousa obvia –vostede o dixo aquí–, esa optimización do territorio. Parece increíble, e tan só temos que saír deste país para ver simplemente en calquera comunidade do lado, onde imos pola autopista, o territorio aproveitado, mentres que aquí, en determinadas zonas, como o que vemos é totalmente desaproveitado.

Pero eu, como son diso de pensar en global pero actuar no local e no concreto, claro, éme moi complicado falar da filosofía, na que coincido –repito, estou disposto a aportar o meu gran de area en todo iso–. Pero imos ao concreto. Se estamos falando de incorporación dos mozos ou de calquera persoa a traballar no rural, a min paréceme que o máis lóxico é dicir: ¿que mecanismos está utilizando a Xunta de Gali-

cia neste momento para incorporar a xente ao rural? E existe unha liña clara, que é a incorporación de mozos ao rural e os plans de mellora que a acompañan. E polo tanto, claro, chocamos coa verdadeira realidade. Por certo –do que onte tamén se falou aquí– aquí era onde nós queríamos destinar aqueles cartos que nas emendas dos presupostos quitabamos de extinción e propoñíamos metelos aquí. Porque –primeira cousa– desde que goberna o Partido Popular esta liña está en discusión, é dicir, antes, ou durante moitas épocas, tamén dos gobernos do Partido Popular, cando o Partido Popular era outra cousa, esta liña de incorporación de xóvenes parecíanos a todos un tema tan fundamental que non estaba en discusión, se había ou non había subvencións, se esas subvencións se aprobaban ou non se aprobaban. Era algo que non estaba en discusión. Hoxe, por desgraza, e desde que goberna o Partido Popular, si.

Entón, vaíamos ao concreto. Esta orde saíu –o ano pasado, a deste ano aínda non saíu– o 12 de maio. Tivo un mes só de vixencia para acoller as solicitudes, e tiña ata o 30 de setembro para xustificar as obras, cousa inviable neste país, posto que calquera de vostedes sabe que é imposible, por exemplo –que é ao que en gran parte se acollen os novos mozos de incorporación, que aproveitan esa axuda para facer instalacións–, obter unha licenza municipal nese prazo; polo tanto, totalmente inviable.

Esa é a realidade da axuda que está facendo a Xunta de Galicia no concreto, que estou seguro de que, se facemos unha comisión, no discurso, señora Pacín, estaremos de acordo. É máis, coincido moitas veces, cando o oíu falar do tema lácteo, co señor Feijóo, en case todo o que oíu falar. Despois non o fai, e queda de facelo. Non o fai, pero no que fala, eu coincido perfectamente. Polo tanto, tamén vou coincidir con vostede nesa comisión, pero despois no concreto vemos que non é o que se está facendo.

Por certo, esa mesma orde –para ir ao concreto– impide calquera tipo de mellora nas instalacións. É dicir, algo tan básico como que un mozo se queira incorporar á explotación do seu pai e queira mellorar esa explotación non pode facelo, ten que facer unha construción nova. Non sabemos moi ben por que, ou non sabemos moi ben a que vén.

E, por certo, señora Pacín, non faga como a directora xeral, que me dixo en comisión que era mentira e estouna

esperando na seguinte para ler o artigo da orde. Non pretenderá tamén que llo lea a vostede.

Polo tanto, a xente encóntrase nun callejón sen saída, non pode arriscar, ten que adiantar os cartos, ten que facer investimento. Teno que facer, posto que esta orde está en discusión, antes non había este problema. Pero como hoxe non se aproban todas as solicitudes e está en discusión, non sei, desde maio que sairá este ano ten que facer a obra antes do 30 de setembro, e ao mesmo tempo ter a licenza municipal, cousa que o fai practicamente inviable.

Na reforma, xa dixen, non entran. Na redución, o ano pasado, unha vez que a solicitaron –e solicitaron nunhas determinadas condicións e investiron nunhas determinadas condicións, e contaban, polo tanto, cunha axuda na porcentaxe que a orde lle recoñecía–, despois, cando o resolveron a Xunta de Galicia failles unha quita do 10 % con base na concorrencia competitiva. Polo tanto, xa fixeran as súas contas, xa fixeran os seus investimentos, e despois danlles un 10 % menos do que a propia orde dicía.

Fálame vostede de terra. Soben a esixencia da terra, das UGM por hectárea. Ata o ano pasado eran dúas UGM por hectárea, e o ano pasado xa era de 1,5; é dicir, vostedes están penalizando un problema que vostedes recoñecen todos os días que temos neste país, que é o acceso á terra por parte dos propietarios.

Os que fan eses investimentos –volvo incidir– teñen que adiantar os cartos. Os pagos son outra cousa. Se fai a obra, se adianta os cartos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...se fai o investimento e, como moito, cobra despois dun ano, ¿como sobrevive esa explotación despois dun ano?

Por certo, o máis escandaloso de todo é que estamos falando de fondos dos que de cada 100 euros a Xunta e o ministerio aportan 20, o resto son fondos cofinanciados pola Comunidade Económica Europea. ¿Como, como país, por non poñer eses 20 euros por cada 100, renunciámos aos 80 e deixamos de incorporar a xente ao campo. Iso é o que veñen facendo vostedes nos últimos anos, señora Pacín.

Entón, falar, falemos do que vostede queira, para iso estamos. Pero teremos que empezar a falar polo concreto. E se o único mecanismo que temos neste momento máis concreto –non o único, dos outros eu xa non falo, como a señora Paz, xa sabemos a que se dedican–, o concreto, o que temos, o que realmente podemos utilizar, estámolo utilizando como o estamos facendo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...desde que vostedes gobernan, entenderá que é moi difícil de explicar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor García.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Antes que nada, para que despois non me lía e me esqueza, en relación coa emenda do Partido Popular nós temos unha proposta de transacción sobre ela. Porque, como ben se dixo aquí, temos a experiencia de grupos de traballo, comisións, que non van ao concreto. Polo tanto, a nosa redacción vai máis para que a redacción signifique un traballo concreto, cuns obxectivos, e que sexa máis asertiva, ou sexa para implementar estas medidas, para implementar as medidas que se tomen a raíz do traballo do grupo que se forme. Queremos, ademais, fixar como obxectivo o 2014. Iso é o que quería eu aclarar en relación coa nosa posición.

Despois, en relación co que aquí dixo a señora García Pacín, dicía que os obxectivos son comúns. Pola nosa parte, aínda non está demostrado que os obxectivos sexan comúns a todos. Que os obxectivos son comúns demostrárase cando o Partido Popular, no seu discurso e na súa actuación, faga políticas conducentes a chegar a estes obxectivos. Polo de agora permítame que lle diga que non. As obras son amores e, polo tanto, se o obxectivo do Partido Popular é revitalizar o rural e frear o despoboamento, ata o de agora non demostrou que sexa un dos seus obxectivos.

Falaba dos concellos, sobre se estarían dispostos a asumir novas responsabilidades. Os concellos xa están asumindo unha serie de responsabilidades que lles empaquetan desde Madrid, e téñenas que asumir, e sen financiamento. E están quedando nunha situación na que teñen que aturar servizos sociais (facturas de servizos sociais e doutros moitos servizos) sen ter diñeiro para facelo, e estase desmantelando toda a autonomía municipal. Polo tanto, os concellos claro que deberían de asumir esas competencias.

Estas non son propostas xerais nin é filosofía, é un cambio transcendente no que é a xestión do Bantegal. Nós facemos todas estas propostas con base no coñecemento da realidade. Sabemos que para que a cesión de terras ao Bantegal funcione ten que ser xestionada dende a cercanía, que a xente que ceda esas terras as ceda moito mellor e con moita máis facilidade —como se está a demostrar— a unha persoa que coñece, ao seu alcalde ou ao tenente de alcalde, ou ao concelleiro de Medio Rural, que a un ente que está en Santiago, que ten que facer a través de internet determinadas xestións. Polo tanto, si que é un cambio transcendente.

E os concellos teñen que asumir, porque nós non os queremos vaciar de contido, queremos darlles o papel que merecen. Non queremos esa falsa austeridade de vaciar os concellos e aforramos catro pesos á custa despois de gastar millóns e millóns, por exemplo, na extinción de incendios. Claro que hai que darlle contido a iso.

Falaba de Extensión Agraria. ¡Home!, estamos falando da realidade, non se pode mentir. A Extensión Agraria está sendo desmantelada, cada vez ten menos recursos, cada vez fan menos o traballo que deberían de facer porque non poden. Na última comisión preguntei sobre as oficinas agrarias comarcais de Ribeira, Padrón e Pontedeume, xubiláanse os técnicos de Extensión Agraria e non se cobren as prazas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e contestáronme —un momento, por favor— que ía o xefe de área un día á semana a cada sitio, o xefe de servizo, porque quere, non porque lle mandara ninguén, porque quere. E acaban de aprobar unha circular na que un técnico para saír a facer unha visita de campo ten que comunicalo con trinta días de antelación.

¿Isto é coñecer o rural? Iso é totalmente inviable, pois con trinta días de antelación non se pode saír a facer ningunha visita de campo. A realidade é a que eu estou contando: que non serven para o que foron creadas, non existen na orde de plans de mellora e incorporación, non existe ningunha liña para circular, non existe, só é para inversión. E a xente agora encóntrase, como moi ben explicou, con que os bancos nin sequera lle dan cartos para anticipar o..., e estamos falando de solucionar con base na cuestión real e na actual...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...E en definitiva aceptamos se o Partido Popular acepta a nosa transacción, aceptaremos facer un grupo de traballo para que no 2014 os resultados deste grupo de traballo se poidan implementar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Sánchez.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para a defensa da mesma ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

As previsións económicas para o 2013 e os datos definitivos de déficit certifican o fracaso clamoroso das políticas económicas do Goberno do Partido Popular. Todos os indicadores arrojan cifras negativas, cada día que pasa os problemas son maiores, un fracaso tras outro, fracasos con consecuencias sociais excesivamente dramáticas e sangrantes. As persoas que quedan sen traballo non diminúen, os ingresos das familias caen e os problemas de exclusión e pobreza

estrema dispáranse. O Goberno do Partido Popular anunciou e asegurou que a economía ía recuperarse na segunda metade do 2013, e agora non lle quedou outra que recoñecer que a recesión e a depresión van afondarse e prolongarse aínda máis. Os sacrificios que lle están pedindo ao pobo son inútiles para recuperar a economía e frear a crise, e só están a arrasar coas condicións de vida da xente.

Ao igual que fixera o Goberno galego, nas previsións de desemprego para o ano 2013, que xa foron superadas nos primeiros dous meses deste ano 2013, o Goberno español fixo unha previsión de caída da economía do 0,5 %, como xa onte se dixo aquí na comparecencia da conselleira de Economía, que xa tivo que ratificar cunha previsión que triplica a previsión inicial. Unha brutal caída que vai significar novos recortes, vai seguir levando por diante miles de empregos e deterioración das condicións de vida.

Medidas que non solucionan o problema, porque en realidade o seu obxectivo non é ese, non é solucionar o problema da xente, senón que o obxectivo non é nin sequera a recuperación de emprego, o obxectivo que buscan é o rescate dos bancos única e exclusivamente. Todo o sacrificio para o pobo no obxectivo de salvar a banca e de salvar os oligopolios.

Unha política de seguimento cego dos mercados, unha política de seguimento cego da banca, de seguimento cego da troika. Unha política de cesión de soberanía, de submisión practicada polo Goberno do Estado, polo Goberno español, practicada polo Goberno galego con Feijóo á cabeza, que non teñen ningún problema en poñer por diante, primeiro, coma sempre, os intereses de España antes que os problemas de Galiza, e no caso que hoxe nos ocupa os problemas da mocidade galega.

Unhas políticas que só deixan damnificados no camiño, e dentro deses damnificados desde logo está a nosa mocidade, a xuventude traballadora. A situación laboral da mocidade é de tal gravidade en magnitude que cando desde o BNG a cualificamos de dramática aínda quedamos curtos: presenza excesiva en empregos eventuais, vulnerabilidade, exposición á discriminación laboral, menores salarios, maior temporalidade, taxas de desemprego inasumibles.

Miren, o paro xuvenil medrou un 34 % en Galiza en apenas un ano. Esa é a realidade. En Galiza o paro de menores

de 25 anos está no 50,6 %, 123 % máis de cando empezou a crise. E dos que teñen traballo máis do 65 % é traballo temporal. Ademais, os que levan no paro máis dun ano están a medrar insistentemente. Esta é a realidade: en 2012, 25.472 mozos e mozas de entre 20 e 34 anos abandonaron Galiza; 2.122 ao mes e 70 cada día. Non me vou cansar de repetírllelo porque esa é a realidade dos datos.

E neste contexto o Estado español aproba o Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendemento e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, un título moi rimbombante, e logo a Estratexia de emprendemento e emprego xuvenil 2013-2012. E poñen en marcha tanto o decreto como a estratexia exclusivamente porque a Unión Europea decidiu destinar fondos para evitar a escalada de desemprego xuvenil e evitar unha explosión social. A Unión Europea, a cambio de roubarnos, a cambio de desmantelar os nosos sectores produtivos, de imposibilitar o desenvolvemento da economía de Galiza, resulta que decide mandar fondos para un Plan de emprego xuvenil, unha Estratexia de emprego xuvenil. E o Estado español, o Partido Popular, pon en marcha só para gastar eses cartos que manda Europa; non hai estudos previos, non hai folla de ruta, non hai estratexia. Europa decide, o Estado español efectiviza e a Xunta de Galiza obedece submisamente. Un real decreto que apenas son medidas paliativas, que non van á orixe do problema, nin moitísimo menos. Quixeron presentar este real decreto como un remedio milagreiro, a solución para o paro da xente nova do noso país, mais a realidade é como poñerlle tiritas ou darlle aspirinas a un doente que está na UCI. Esa é a auténtica realidade.

Non hai país no mundo capaz de crear emprego sen crecemento económico, sen preservar a súa base económica. E as medidas que leva posto en marcha o Partido Popular evidentemente van todas na dirección contraria: peche do crédito, aumento dos impostos indirectos, desmantelamento dos sectores produtivos... E logo veñen con medidas como este real decreto que son simplemente pura propaganda e que non van solucionar ningún dos problemas que ten a mocidade traballadora. É única e exclusivamente unha estafa, é un retroceso nos dereitos laborais enmarcados dentro da regresiva reforma laboral que aprobaron vostedes hai pouco mais dun ano.

Aproban toda unha serie de medidas destinadas non a crear emprego, senón a beneficiar á patronal, con transfe-

rencias económicas e flexibilidades na contratación á custa dunha maior precariedade e explotación da mocidade traballadora. Un paquete de medidas que contén este real decreto que supoñen máis contratos precarios, salarios míseros, contratos a tempo parcial, contratos en moitos casos sen dereito á prestación por desemprego.

Un real decreto que contempla a ampliación das actuacións que poden levar a cabo as ETT, as empresas de traballo temporal, para que poidan subscribir contratos de formación, reforzando cada vez máis o seu poder dentro do mercado laboral, privatizando cada vez máis o mercado laboral. Permítenlle con este decreto ás empresas de traballo temporal formalizar contratos para formación e aprendizaxe. Unha modalidade impulsada xa na reforma laboral que favorece a explotación da mocidade, que permite que mozos e mozas poidan ser aprendices con menores salarios ata os 33 anos. Esa é a realidade deste decreto.

O BNG solicitamos a derogación deste decreto, porque nun escenario como o actual de desmantelamento do noso tecido produtivo, de peche continuo de pequenas e medianas empresas, de baixada do consumo polos seus recortes, pola subida de impostos, pola baixada de salarios, a inexistencia de crédito, desde logo a solución non pasa por este plan, con medidas que só podo cualificar de ridículas. Póñolles un exemplo: permite este real decreto a capitalización do 100 % das prestacións por desemprego na mocidade que queira acollerse, pero se a maioría dos mozos e mozas teñen contratos que non teñen dereito á prestación de desemprego. E logo poñen como medida estrela que poden capitalizar os recursos para montar unha empresiña. Desde logo, repito que non é máis que unha estafa.

Pedimos a derogación deste decreto, porque o Parlamento galego non pode ser unha sinxela correa de transmisión de execución do que se decide en Madrid ou en Bruxelas. O Parlamento galego ten a obriga de servir aos intereses dos galegos e das galegas. E desde logo este Plan de emprego para os mozos do Estado español e este decreto non responden aos intereses da mocidade traballadora galega.

Hai un par de días, o señor Puy –que non está neste momento aquí na Cámara– propoñía a redución de deputados e deputadas desta Cámara como un xeito de lanzarlle unha mensaxe á cidadanía galega. A auténtica mensaxe que

hai que lanzarlle á cidadanía galega é que este Parlamento ten como prioridade os problemas dos galegos e das galegas. Esa é a mensaxe que hai que mandarlle. E con medidas como as que se contemplan neste real decreto están roubando o futuro da xuventude, están roubando o futuro da mocidade traballadora. Pretenden amosar as vantaxes do que na práctica é unha ofensa e unha auténtica fraude.

Desde logo, no BNG non temos ningún problema en dicilo alto e claro: que con medidas coma estas, con lexislación como esta, o único que están é a sacrificar a xuventude para engordar a banca e os seus oligopolios. Esa é a realidade das decisións que un día e outro está adoptando o Partido Popular; adoptando por decisións impostas, pero facéndoo submisamente. Porque diante de situacións coma estas, diante de situacións dramáticas dun paro na xente nova de máis do 50 %, un goberno ten dúas opcións...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e o Goberno galego ten dúas opcións: asumir sen ningún tipo de protesta as decisións que lle impoñen e que o único que fan é aumentar o paro, e os datos están aí, ou revelarse contra estas decisións. E o que propoñemos hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego é que nos revelemos contra estas decisións que veñen impostas pola Unión Europea e que non teñen como obxectivo á xente moza, senón darlle máis recursos a esa banca e a ese capital financeiro.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda, señor Fajardo.

O señor FAJARDO RECOUSO: Bo día a todos e todas.

Nós imos compartir a proposta do Bloque Nacionalista Galego, porque é tan necesario derrogar este decreto que incluso o propio Partido Popular reconece a imposibilidade de que coas súas medidas se acabe co desemprego. Se non como se entende que ese Partido Popular que nos quere

governar a todos con base nun proceso electoral –que todos sabemos viciado por unha lei electoral inxusta– diga que para solucionar o emprego hai que utilizar, por exemplo, o que plantexa Carlos Negreira, que é rezarlle á virxe do Rosario, ou que na televisión pública do Estado plantexen que para os desempregados a mellor solución é rezar? Polo tanto, se eles mesmos se encomendan ao rezo para acabar co desemprego, teñen claro que a súa actividade política non serve para acabar co desemprego, senón todo o contrario.

Utilízase o desemprego e os desempregados como arma arrojadiza e como escusa para as novas reformas como este decreto. Este decreto é unha nova reforma laboral pero ademais é unha amnistía fiscal para moitas empresas e moitas multinacionais deste país. E vou poñer os exemplos.

Pero é que ademais vostedes con este tipo de decretos, que non só precarizan o emprego, senón que fan que o emprego sexa peor remunerado, están seguindo as recomendacións da FAO e da ONU. Vostedes queren que os nosos traballadores acaben comendo insectos porque é o que lles recomenda a Unión, a FAO e a ONU para acabar coa fame no mundo. Vostedes queren traballadores con peores condicións laborais, con peores recursos, para que o pouco que hai no conxunto deste país acabe en mans dos catro de sempre. Deses catro de sempre que teñen multinacionais, deses catro de sempre que pasean en iate ou deses catro de sempre que se pasean cos que teñen o iate para crecer politicamente neste país.

E presentan un decreto lei que dite medidas de apoio ao emprendedor e o estímulo ao crecemento, cando en verdade deberían chamarlle a ese real decreto “Decreto lei de apoio ao traballo escravo e de como continuar espremendo a clase obreira para o crecemento dos beneficios empresariais deste país”. E é tanto así que na propia exposición de motivos deste real decreto se plantexa que o obxectivo non é outro que incrementar o grao de flexibilidade do noso mercado laboral, polo tanto, o traballo precario, e o segundo obxectivo: axustar os prezos e salarios relativos. Polo tanto, vostedes están plantexando un decreto onde recoñecen no seu preámbulo que o que queren é flexibilidade laboral, polo tanto, traballos de merda, traballos absolutamente precarios, e ademais peores salarios.

E é tanto así que poñen dúas propostas: a primeira é para traballadores menores de 30 anos, onde se plantexan contra-

tos absolutamente precarios, con menos recursos e con despedido libre e gratuíto. Vostedes xa conseguiron o despedido libre neste país e camiñan na senda do despedido gratuíto, que é o que vostedes queren. Un despedido absolutamente que non hai que xustificar e un contrato que non está causalizado. Polo tanto, neste país con este real decreto pódese contratar a calquera xoven aínda que ese traballo sexa para un traballo estrutural da empresa.

Pero ademais introducen unha novidade que é absolutamente aberrante en termos de lexislación laboral, que son os contratos en prácticas. Se xa agora é imposible que se controle que os contratos en prácticas teñan unha parte de formación, vostedes agora introducen unha nova reforma que di o seguinte: calquera traballador contratado en prácticas poderá selo aínda que teña terminados os estudos que habilitan esas prácticas hai dez anos. Polo tanto, ¿que sentido ten? Vostedes o que queren é incrementar o contrato en prácticas para que caiba todo e, polo tanto, se poida contratar de forma precaria a calquera.

Pero ademais é unha amnistía fiscal, porque co obxectivo de crear emprego vostedes plantexan que aquelas empresas nos dous seus primeiros anos de actividade que teñan beneficios por encima dos 300.000 euros teñan unha cota reducida do 20 %. É dicir, mañá unha multinacional aséntase neste país e ten beneficios multimillonarios, terá que pagar unha cota reducida. Cando vostedes reducen os impostos ás grandes empresas o que están facendo é que os impostos aquí soamente os paga Juan Pueblo, soamente os pagan a clase obreira. Namentres perdoan e reducen impostos a grandes empresas como con esta proposta acaban de subir o IVE e acaban de subir impostos municipais que pagan todos os veciños e veciñas.

Polo tanto, todo este decreto é unha absoluta farsa, non ten nada que ver cos obxectivos que plantexan en teoría, senón coa precarización. Cando a solución para o emprego é acabar coa baza do crédito ás pequenas empresas, introducir dunha vez por todas medidas de estímulo e, dende logo, ser capaces de pagarlles a aqueles emprendedores e ser capaces de que financien os seus proxectos. ¿Cal é a realidade? A realidade é que vostedes insisten no erro e continúan cunha proposta que o único que pretende é que a crise a pague a clase obreira e os traballadores a cambio de peores salarios e peores contratos. E este modelo e esta posición, que para

vostedes a aplican de forma absolutamente insensible por-
que viven nunha realidade paralela...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor FAJARDO RECOUSO: ...a min recórdame moito o que lle acontecía a aquela rapaza que era protagonista dunha canción dun dos grandes da cultura deste país como eran Los Suaves, *Dolores se llamaba Lola*: “*Cuando era Dolores le daba igual todo*”, igual que ao Partido Popular, “*y acabó convirtiéndose en Lola*”, e acabar nas catacumbas do sistema. Eu espero que o Partido Popular pola súa indecencia política e pola absoluta falta de sensibilidade cos problemas deste país acabe nas catacumbas do sistema e de forma extraparlamentaria.

O señor FAJARDO RECOUSO: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Fajardo.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Bueno, é un decreto lei con medidas laborais de seguridade social e fiscal que introduce cambios na regulación dos seguros privados e nos fondos das pensións. Este é o decreto lei que plantexa o Partido Popular en Madrid. Que se tramite como proxecto de lei neste momento este *totum revolutum* que o PP presentou, fundamentalmente porque había unha subvención europea, é posible que poida reparar parte do seu contido, pero en ningún caso vai reparar a barbaridade das súas propostas iniciais.

O Partido Popular, baixo o pretexto de favorecer o emprendemento, presenta unhas medidas manipulando estatísticas, mentindo e non dando solucións á cidadanía e moitísimo menos aos xóvenes, coa falsa pretensión de abordar un problema que día a día o Partido Popular está convertendo nunha sangría, que é o paro e o éxodo xuvenil, a precariedade, o sufrimento, a cambio dunhas políticas brutais neoliberais. É a cuarta vez que o Partido Popu-

lar en quince meses cambia o seu criterio en relación coas bonificacións.

En relación coas medidas fiscais, o PP presenta de xeito moi positivo a redución do tributo do imposto sobre sociedades do 15 ao 20 %. Pero a realidade é que o tipo real das grandes empresas e entidades financeiras está no 5 % ou menos, mentres que o tipo real das pemes –que supostamente teñen un tipo menor que as grandes empresas– está situado no 23 %. Coma sempre maquíllanse os datos e faise trilerismo político.

Este decreto lei é a continuidade da reforma laboral do Partido Popular. Unha reforma laboral que permite claramente que se apliquen verdadeiras barbaridades. Ademais engádese a posibilidade de que un novo contrato a tempo parcial fomenta que masas de xóvenes sexan contratados canto máis en precario mellor. A eses mozos dinlles que se queren traballar teñen que adaptarse, mentres o desemprego non baixe do 15 %, ou sexa, nunca para esa xeración de xóvenes.

Preséntannos medidas de incentivo do emprego que son absolutamente cambios estruturais na lexislación laboral, orientados fundamentalmente a aumentar a precariedade. O Partido Popular decidiu que sexan os traballadores os que carguen co axuste económico en exclusiva, vía destrución de emprego, vía redución de salarios. Isto, desde logo, é o seu único xesto.

Desde que empezou a crise as rendas empresariais contiúan crescendo, en cambio as rendas do traballo caen absolutamente en picado. Señores do Partido Popular, o empobrecemento dos traballadores non é a solución, é a ruína do país. En Galicia estamos xa en 300.000 parados, crecemos incluso a un ritmo superior que o resto do Estado. Fálase de emprendedores, de emprego xuvenil, de entidades locais, de trens, de gasolineras. Unha burda e impresentable proposta. Como dicía ao principio, un *totum revolutum*.

As medidas reais do Partido Popular son: a alta temporalidade, a baixa empregabilidade, pobreza e emigración dos xóvenes –máis do 50 % dos xóvenes galegos–. Claramente, señores do Partido Popular, o problema non son os xóvenes, o problema non é a crise, o problema son vostedes. O PP pretende facer aos xóvenes culpables da súa situación e,

desde logo, pódese oír que non encontran emprego porque non fan esforzos suficientes, e culpabilizan vostedes a xente parada da súa situación. Ocultan deliberadamente que a política do Partido Popular é a que está posibilitando este aumento desenfreado do paro. O 54 % da xuventude encóntrase en paro, o 46 % restante encóntrase nunha situación de precariedade permanente.

O real decreto lei está xa en vigor e pouco vale o que digamos agora pero desde Galicia temos a oportunidade de facer algo se queremos. Imos apoiar, por suposto, esta proposta do Bloque Nacionalista Galego.

O Partido Popular propón aprobar e que abordemos que o futuro dos xóvenes –gran parte deles formados–, que corren o risco de sufrir unha severa descapitalización, botar todo ese futuro pola borda, botar a formación que financiamos cos nosos impostos pola borda. Os xóvenes que buscan emprego no estranxeiro significa que van traballar a baixo custo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...para incrementar o produto interior bruto do estranxeiro. É unha verdadeira tolemia, estamos competindo contra nós mesmos.

Fíxense: no título III do real decreto amplíase unha nova fase do mecanismo de financiamento para o pagamento de provedores, entidades locais e comunidades autónomas. Botamos de menos e esperamos na intervención do Partido Popular algunha aclaración por parte do Partido Popular de Galicia, do Goberno galego, porque isto claramente pode entrar nun conflito competencial. Botamos de menos, por suposto, que vostedes tiveran dito algo posto que temos competencias neste eido.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Cremos sinceramente que esta política...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, remate; remate xa.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...non pode ser eficaz –vou rematando, señor presidente–...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, non, non, non vaia rematando, remate xa porque xa se pasou un minuto. Moitas grazas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Ben, imos apoiar esta proposta e despois de catro cambios. Falaba o señor Feijóo de circo hoxe pola mañá, circo das políticas de emprego...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Quintas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: ...do Partido Popular. ¡Catro cambios en quince meses!

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora QUINTAS ÁLVAREZ: Señores do Partido Popular,... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Quintas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Señorías, unha vez máis o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presenta unha iniciativa en positivo, unha iniciativa construtiva con eses tempos verbais que tanto lle gusta conxugar ao BNG, que é derrogar, paralizar, obstaculizar. Logo non digan que non entenden por que na rúa lles chaman “Os do non”. Chámanlles “Os do non” precisamente porque estas son as súas propostas. (*Aplausos.*)

Señorías do BNG, ¿que é a precariedade? A precariedade é non ter emprego, a precariedade é vivir dun subsidio, a precariedade é non ter expectativas de futuro. Iso é o que vostedes queren para a nosa mocidade e por iso rexeitan este real decreto. Vostedes, señorías do BNG, foron os cómplices necesarios do Goberno que máis emprego destruíu en España, do Goberno do Partido Socialista, e veñen agora con esta iniciativa, que o único que demostra é o seu mal corpo.

O Goberno de España, o Goberno de Mariano Rajoy, ten aprobado o pasado 22 de decembro un Real decreto lei de apoio ao emprendedor e de estímulo ao crecemento e á creación de emprego cun único obxectivo, cun obxectivo claro, que é promover e incentivar a contratación de mozos e mozas menores de 30 anos. O real decreto enmárcase na Estratexia de emprendemento e emprego xoven 2013-2016 que é froito, señorías do Partido Socialista, dun proceso de diálogo social cos axentes. Diálogo social do Goberno de España coa Confederación de Empresarios, con CEPYME e cos sindicatos maioritarios UXT e Comisións Obreiras. Entendemos que vostedes dan a espalda –como o demostra a señora Quintas– a todo o que ten que ver co diálogo social, cos axentes sociais.

A nós preocúpanos o seguidismo do Partido Socialista, porque o BNG non ten responsabilidade ningunha, non ten ningunha obriga, son un partido minoritario que ademais demostra día a día que aspira a ser cada vez máis minoritario. Non van facer unha proposta en positivo e xa o din abertamente, simplemente derrogan e non propoñen nada. Pero o PSOE, señorías do Partido Socialista, ten un plus de responsabilidade, é o segundo partido de España e debería presentarse con algunha proposta. Hoxe a proposta do Partido Socialista é derrogar un real decreto que foi pactado polo Goberno de España cos axentes sociais. Esa é a súa opción. E nós dende o Partido Popular pedímoslles responsabilidade e que polo menos respecten os seus propios votantes.

O plan contempla unha serie de medidas destinadas a impulsar a contratación xuvenil e o emprendemento e contribuír así á redución do desemprego deste colectivo. O programa supón o establecemento dunha tarifa plana de 50 euros mensuais na cotización á Seguridade Social durante os primeiros seis meses para os novos autónomos menores de 30 anos. Entendemos que BNG, AGE e Partido Socialista están en contra.

Outra das propostas aprobadas neste real decreto consiste en poder compatibilizar a prestación por desemprego co inicio dunha actividade por conta propia. Supoñemos que o BNG, AGE e Partido Socialista tamén están en contra.

O real decreto permite a ampliación da capitalización do desemprego para iniciar unha actividade emprendedora. Vostedes están en contra.

O decreto que vostedes rexeitan permite reanudar o cobro da prestación por desemprego. É o programa Emprende con red, que permite que se un desempregado decide iniciar unha actividade por conta propia, e no prazo de cinco anos causa baixa, poida reanudar o cobro da prestación por desemprego. BNG, AGE e Partido Socialista están en contra.

O real decreto contempla fórmulas para a mellora da intermediación laboral. Vostedes están en contra.

Este real decreto contempla ademais medidas de apoio ao acceso ao financiamento para os emprendedores, como fondos de capital semilla, fomenta a fórmula dos *business angels*, os préstamos participativos. Vostedes tamén están en contra.

O decreto contempla estímulos á contratación de mozos e mozas ata que a taxa de paro diminúa por baixo do 15 %. Vostedes están en contra.

Estamos falando de axudas do 75 % para empresas de máis de 250 traballadores e de ata o 100 % para empresas de menos desa cantidade. Vostedes están en contra.

Grazas a este decreto que vostedes rexeitan os autónomos e as empresas de ata 9 traballadores beneficiaríanse dunha redución do 100 % da cota de empresa á Seguridade Social por continxencias comúns. Vostedes están en contra.

Establécese o contrato “Primer empleo joven”; modificación do actual contrato eventual, para contratar a menores de 30 anos desempregados sen experiencia profesional previa, con incentivos para a súa transformación indefinida, cunhas bonificacións anuais de 500 euros ata 700 euros ao ano. Vostedes están en contra.

O texto que vostedes rexeitan incentiva tamén o contrato de prácticas para o primeiro emprego. Vostedes están en contra.

E, en fin, así moitísimas, moitísimas iniciativas que se contemplan neste real decreto, que vostedes rexeitan por un simple feito: porque o ten feito o Partido Popular.

Señorías, unha de dúas: ou vostedes non leron o decreto que piden derrogar, ou ben vostedes non teñen a máis mínima preocupación polo desemprego xuvenil.

Señorías do BNG,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...vostedes piden a derrogación deste decreto, igual que fixeron co Decreto da reforma laboral. Iso si, logo de acollerse aos beneficios da norma para despedir a boa parte dos seus traballadores, para reducilles o seu salario (*Aplausos.*) ou para reducir a súa xornada laboral. Iso en política chámase cinismo político, cinismo político.

Lamento ademais que todas as súas propostas sexan esas: derrogar, paralizar, obstaculizar. Ese é o papel do Bloque Nacionalista Galego, que nós respectamos. Lamentamos en todo caso que un partido con responsabilidade como debe ser o Partido Socialista faga ese exercicio de seguidismo político a un partido minoritario como o BNG ou como AGE. Lamentamos que ese sexa o seu camiño.

Si que me gustaría dicirlle ao señor Fajardo que nos dicía que o Partido Popular oxalá vaia...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...ás catacumbas. Eu non sei se o Partido Popular vai acabar nas catacumbas políticas. Só teño que dicirlle que o PP estará onde decidan os cidadáns de España, onde decidan os galegos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E os galegos e os españois o que decidiron é que o Partido Popular con maioría absoluta governe en España e governe en Galicia. Iso é o que teñen decidido os cidadáns. Vostedes...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señor...

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...fan política, nós non sei se acabaremos nas catacumbas políticas...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Tellado, grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...pero vostedes fan política dende as cavernas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grupo autor da proposición non de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señor Tellado, teña conta de non morrer de éxito, porque vostedes son unha organización política de ocupación coma os exércitos de ocupación que ocuparon os territorios en contra das persoas deses territorios, pero logo foron expulsados. Teñan coidado, teñan coidado.

Mire, o BNG (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), o BNG di... (*Murmurios.*) Non, non chama á orde e segue correndo o tempo. Isto é... (*Murmurios.*)

Ben, mire, o BNG...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Hai presidente, hai presidente. (*Murmurios.*)

A señora PRADO CORES: ...o BNG... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): O que ten que haber é deputados que se comporten tamén. Presidente hai ¡eh!, e deputados que se comporten, ¡eh! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

Coñezo ben as funcións de presidente e tamén coñezo as funcións de deputado, pasei polas dúas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E, polo tanto, pido que se comporten todos.

Prosiga, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Pídlle ao señor presidente que levo máis de medio minuto sen poder falar e vostede non me cortou o tempo. Eu pídlle que, efectivamente, exerza as súas funcións de presidencia e faga o que ten que facer. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, exactamente, deixar que corra o tempo. Moi ben.

Mire, dicíalle ao señor Tellado que o BNG di que non a este decreto, di que non ás políticas letais do Partido Popular, e os únicos cómplices necesarios cos bancos, cos espe-

culadores son vostedes. E vostedes si que son cómplices das políticas que se están a levar a cabo, auténticos cómplices e consentidores.

E nós dicimos que non a iso, pero dicimos si a plantarse diante das medidas da Unión Europea que espolian a nosa economía. Dicimos si a ter un sistema financeiro propio, señor Tellado. Dicimos si a que o aforro galego quede en Galiza, non se lles roube aos das preferentes e o aforro galego sirva para dinamizar a economía galega. Dicimos si a un sistema fiscal que pague máis quen máis ten. Dicimos si a perseguir a fraude fiscal das grandes empresas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –iiii– e das grandes fortunas, non detrás dos autónomos nin dos traballadores. Dicimos si a todo iso. Dicimos si a crer nas posibilidades de Galiza e a poñelas en marcha. Dicimos si a todo iso. Dicimos si a crear emprego apoiando os nosos sectores produtivos. Dicimos si a un cambio radical de rumbo, nunha dirección totalmente contraria, non de roubar a xente para beneficiar aos bancos, senón para poñer os recursos en beneficio da maioría. Mire a cantas cousas dicimos si e quen son os do non precisamente aquí nesta Cámara, quen son os do non. Mire moi ben aquí quen son os do non.

A vostedes, ao Goberno do Estado, ao Goberno galego, á Unión Europea, ao Partido Popular, igual non lles interesa que a xente moza deste país teña dereito a ter un traballo digno na nosa terra, pero ao BNG si lle preocupa. E como lle preocupa precisamente trae medidas aquí como a derrogación deste decreto, que é nefasto para a mocidade galega, nefasto; simplemente o único que fai é precarizar o traballo, simplemente o que fai é cobrar menos para traballar máis.

Dende logo con este proxecto, cun plan de mobilidade europea que vostedes queren presentar como unha oportunidade para que a xente nova coñeza mundo, dende logo, non é a solución nin moitísimo menos.

O que vostedes chaman fomento do emprendemento xa hai tempo que está testado, señor Tellado, e os resultados son catastróficos. Esa é a fórmula dos *freelance*, xa que lle gustan tanto os idiomas. Iso dos *freelance*, formas flexibles, formas de contratación non vinculantes, que é o que hai detrás da palabra emprendemento, ¿eh? Que se fagan autónomos, que paguen a súa Seguridade Social, que paguen o coche, que paguen o teléfono, que poñan todos os seus recursos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate por favor.

A señora PRADO CORES: ...cobrando menos. Esa é a fórmula que vostedes están a poñer en marcha.

As necesidades de conseguir un traballo, un contrato sexa como sexa, do tipo que sexa, que están vostedes fomentado polo altísimo nivel de paro que hai entre a xuventude, está a provocar unha competitividade feroz entre a mocidade, non unha competencia sa, senón unha competitividade feroz. Hai informes que indican que dende que empezou a crise a competencia para conseguir un traballo aumentou máis do 150 % entre a xente nova. E iso é...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, remate por favor.

A señora PRADO CORES: ...–Si, agora remato–. Iso é o que vostedes queren fomentar entre a xente nova.

E, efectivamente, súpome ao que dicía o compañeiro de Alternativa Galega de Esquerda, vostedes teñen a solución: encomendarse aos santos. Negreira, á virxe do Rosario; a ministra Báñez, ao Rocío, e Feijóo encomendarse...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...ao apóstolo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora PRADO CORES: ...ou a unha ración de botafumeiro.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Vostedes cunha ración de botafumeiro solucionan o problema da mocidade. Dende logo, hai que solucionalo con propostas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Prado.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei orgánica de mellora da calidade educativa

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a defensa da proposición non de lei ten a palabra o señor Docasar. *(Pausa.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Suspendemos momentaneamente o pleno, tres ou catro minutos. Suspendemos momentaneamente o pleno. Non imos alterar a orde do día porque non se pode facer agora, non están avisados os outros portavoces.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Suspéndese a sesión plenaria por tres minutos e quince segundos.

Retómase a sesión.

O señor DOCASAR DOCASAR: Síntoo moito, estaba na Mesa da Comisión 1ª. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Moi ben. Estaba na Mesa da Comisión 1ª. Lamento moito este atraso, non é culpa miña seguramente pero, bueno, igual a próxima vez non vou á Comisión 1ª. Non vou á Comisión 1ª e xa está, porque eu pensei que era un pouquiño máis tarde. Síntoo de verdade.

Bueno, señor presidente, señorías, bos días.

O Grupo Socialista trae hoxe aquí unha iniciativa moi clara e moi concreta: vimos pedir solemnemente, señor conselleiro, que este Parlamento se dirixa ao Goberno de España para proceder á retirada da LOMCE e que se inicie unha vía de diálogo auténtica e sen cortapisas coa comunidade educativa. A finalidade última desta proposta iría encamiñada a dotar dunha vez por todas de estabilidade o noso sistema educativo; cuestión que, por certo, leva demandando o conxunto da comunidade educativa dende hai moitos anos.

A política, señorías, está en débeda coa comunidade escolar. É o momento de ser xenerosos e non soberbios nin prepotentes. É o momento de conducir coas luces longas e non coas luces de posición. *(Tose.)* É o momento de atopar entre todos un modelo educativo que non responda só aos desexos dun partido político, aínda que conte cunha maioría para facelo lexítima e suficiente. É o momento de facer unha lei educativa que responda ás necesidades do conxunto da sociedade española, e de ser capaces que esa lei dure no tempo e que non sexa cambiada de maneira automática cando se produce un novo cambio de goberno. *(Tose.)* Son dos que digo sempre que en educación non hai cuestións básicas, non existen, existe o traballo constante e sostible no tempo, pense o que pense o señor Wert.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que, a pesar do que se di con pouco rigor, nos últimos anos o sistema educativo ten funcionado ben; mellorouse na equidade e na calidade e na igualdade de oportunidades. Disfrutamos... dun servizo público educativo que chega a toda a poboación sen condicións, en condicións de igualdade, e que tan malo non debe ser. Estou un pouco nervioso, sinceramente, estou-no pasando mal...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, pero tranquilícese. Por encima de todo tranquilícese...

O señor DOCASAR DOCASAR: Xa, xa...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non hai problema nisto. Vostede e eu pactamos aquí un tempo e a presidencia nisto tamén é soberana, ou sexa que vostede por encima de todo tranquilo.

O señor DOCASAR DOCASAR: Bueno, pois non o estou.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pois se non está tranquilo descanse, tampouco hai ningún problema. Non teñamos unha cuestión por isto. Reláxese, se vostede necesita un pouco máis, non hai ningún problema tampouco. ¿Necesítao?

O señor DOCASAR DOCASAR: Si.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pois descanse un momento. Non hai ningún problema.

Suspendemos momentaneamente.

O señor DOCASAR DOCASAR: Mais é un tema para min importante este e estouno pasando mal...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Pero suspendemos momentaneamente, descanse vostede.

O señor DOCASAR DOCASAR: Pois agradézollo sinceramente.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Suspendemos momentaneamente, dous ou tres minutos.

Suspéndese a sesión plenaria por dous minutos.

Retómase a sesión.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señorías, gustaríame saber se están todos os portavoces da seguinte proposición non de lei. Debateremos a seguinte proposición non de lei e retomamos despois a orde do día. ¿Están todos os portavoces? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Falta? É que este é o problema de sempre.

(Pausa.)

Entón debatemos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín.

Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e tres deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproyecto de lei de modificación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e a súa aplicación en Galicia

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Carmen Acuña do Campo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento

to da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto 4 bis, que quedará redactado co seguinte contido:

“4 bis. Que o Goberno manteña e estenda os COF de forma homoxénea e equitativa por toda a Comunidade Autónoma para que poidan reforzar e cumprir o Programa da Muller que se desenrole dende Atención Primaria.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta proposición non de lei ten a palabra a señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Ben, efectivamente, tiñamos convidadas na tribuna, agardo que vaian chegando ao longo desta intervención.

Hoxe hai vinte e tres anos, exactamente o 2 de maio de 1990, a deputada Pilar García Negro, do Bloque Nacionalista Galego, debatía neste Parlamento unha iniciativa para modificar a Lei de interrupción voluntaria do embarazo de 1985. Fíxense: ¡fai vinte e tres anos! Facíase eco da voz de nove organizacións de mulleres. Igual que hoxe vemos en Galiza como todas as organizacións de mulleres e os grupos feministas están unindo as súas voces para demandar que non se modifique a lei actual. Daquel –podemos dicir– estuendo discurso que facía a deputada Pilar García Negro –eu teño aquí unha copia que podo deixarlla a quen lle interese–, eu hoxe vou utilizar o mesmo principio no cal ela se baseaba: que a interrupción voluntaria do embarazo é un proceso que viven as mulleres, e que elas son o axente de curso da propia acción de interrupción voluntaria do embarazo, algo que durante décadas os movementos de mulleres e os grupos feministas corearon nas rúas de Galiza baixo o lema: “Nós decidimos”. (*Aplausos.*)

Hoxe voltamos aquí para defender catro cuestións básicas: que se manteña a Lei 2/2010, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo; que se garanta a súa aplicación na sanidade pública galega; que non

se financien grupos antiabortistas con cartos públicos, nomeadamente que non se faga a respecto da RedMadre, e, por último, que se dea formación aos profesionais nesta materia.

Pero quero facer brevemente un pouco de historia, porque a interrupción voluntaria do embarazo é unha práctica habitual en todas as sociedades e en todos os tempos da historia. Calcúlase que se producen no mundo 46 millóns de interrupcións voluntarias do embarazo ao ano, pero cerca da metade en condicións de inseguridade, sobre todo naqueles países nos que non se despenalizou ou nos que non hai accesibilidade aos servizos de xeito axeitado. Deses máis de 20 millóns de interrupcións voluntarias en condicións inseguras, un 17 % acaba coa morte da muller. Segundo os organismos internacionais de dereitos humanos, a saúde é o que os gobernos deben ter presente cando dan este debate.

Tamén segundo os datos oficiais do Ministerio de Sanidade –que poden consultar na súa páxina web– atopamos que no Estado español e de xeito clandestino durante os anos 1974 a 1986 unhas 220.000 mulleres interromperon voluntariamente o seu embarazo en Holanda ou en Inglaterra. Repito: 220.000 mulleres, segundo datos do propio ministerio. A maioría de familias acomodadas que podían pagar a viaxe, a clínica e o aloxamento; familias que no Estado español estaban en contra dunha lei que o permitía. Outras, pola contra, tiñan que buscar remedios máis cercanos e máis caseiros, que podemos computar efectivamente como abortos en condicións de inseguridade. Isto muda radicalmente a partir de 1985 e tamén, segundo datos oficiais, comprobamos como en 1995 soamente 328 mulleres viaxaron.

A realidade hoxe é que no Estado español, segundo datos do ministerio, a taxa de interrupcións voluntarias do embarazo é moi inferior á media da Unión Europea, de Estados Unidos ou do Canadá. En 2011 un 12,44 %, pero en Galiza é das máis baixas do Estado, cun 7,76 % no ano 2011 ou un 6,46 % no ano 2010. Non é dende logo unha preocupación xeral da sociedade, senón unha preocupación das mulleres que viven esa situación tan dramática e que a sanidade pública non lles dá as garantías necesarias.

Soamente por información: o nivel de coñecementos que teñen as mulleres que interrompen voluntariamente o embarazo, segundo os datos que constan na páxina do

Ministerio de Sanidade, que son os datos –digamos– máis fiables que atopei neste aspecto, constata que o nivel de estudos medios e superiores é a práctica maioría das mulleres que interrompen voluntariamente o embarazo, só unha porcentaxe moi pequena son mulleres sen estudos ou mulleres analfabetas.

Tamén podemos comprobar como, segundo a propia páxina do ministerio –non puideron atopar estes datos na Consellería de Sanidade, aínda que me gustaría que os fixera públicos–, as interrupcións voluntarias do embarazo se practican en centros privados nunha media do 97,28 %, nos centros públicos un 2,68 %. Esta é a media segundo os propios profesionais da saúde pública que corresponde a Galiza: en Galiza non se chega a un 3 % en interrupcións voluntarias do embarazo na sanidade pública. Podemos ver como no propio mapa publicado polo ministerio os centros privados son catro en Galiza e os centros públicos soamente dous. Tamén aquí a conciencia se ve que ten prezo.

Pero, efectivamente, necesitamos garantías, necesitamos que se garanten os dereitos das mulleres que queren interromper voluntariamente o seu embarazo e que se garanten tamén os dereitos das mulleres que non queren interromper voluntariamente o seu embarazo e que queren levalo a termo; garantir os seus dereitos e garantir os dereitos dos seus futuros fillos e fillas. Porque o Estado debe garantir as condicións que sustentan a vida; debe efectivamente neste momento poñer fronte á especulación financeira ou ao megacapitalismo; debe poñer diante da sociedade alternativas de sanidade pública, ensino público, servizos sociais; debe garantir a planificación familiar. Non pode agochar debates que xa deberían estar superados; os recortes que se están facendo día tras día e que levan ao empobrecemento da infancia; fronte a grupos abortistas-antiabortistas o que custa esta valla publicitaria que temos aquí ao lado de Santiago, onde se din cuestións como “300 nenos morren cada día como consecuencia do aborto”. Sabemos que esta afirmación é absolutamente falsa e corresponde á dobre moral que estamos vivindo.

Neste planeta, segundo o Código civil, sabemos que un neno é aquel que tiver figura humana e vivir vinte e catro horas enteiramente desprendido do seo materno, segundo o artigo 30 do Código civil. Pois neste planeta cada día morren, segundo esta definición, 10.000 nenos e nenas de

fame, (*Aplausos.*) ;10.000 nenos e nenas de fame! Mentres pasemos hoxe o día aquí, neste planeta, segundo datos oficiais, morren 10.000 nenos e nenas. Pero é que ademais, segundo UNICEF, para vir máis cerca da casa, atopamos que a pobreza infantil se duplicou en Galiza nos últimos anos, que en Galiza tamén existe fame, e que ese problema parece que non preocupa a estas vallas publicitarias. Mentres tanto, utilizamos terminoloxía que non é tal, porque a interrupción voluntaria do embarazo –segundo recolle a propia lei– non se fai segundo un neno ou unha nena, senón segundo os diferentes estadios de formación da vida humana, que –como vostedes saben– teñen diferentes terminoloxías.

Miren, hoxe traemos, efectivamente, unha iniciativa importante para as mulleres galegas a esta Cámara: que se lles recoñeza a capacidade de decidir por si mesmas; que o Goberno galego, en concreto a Consellería de Sanidade e a Secretaría Xeral de Igualdade, poña os recursos necesarios para decidir algo que, efectivamente, é duro e traumático para as mulleres, como é poñer fin ao seu embarazo; que poidan facelo nas condicións sanitarias e de igualdade mellores. Porque do contrario o que nos estaremos é vendo fronte a abortos inseguros, con prácticas de saúde inseguras e estaremos coartando a decisión das mulleres. Será un gran paso atrás o que pretende o Partido Popular.

Vostedes hoxe teñen que votar neste Parlamento que pensan realmente a respecto deste tema, se efectivamente querían garantir os dereitos das mulleres ou soamente facer propaganda con guías sobre apoio á maternidade. Porque tamén os reto a que me digan que medida hai nesta guía, que medida existe nesta guía nova do Goberno galego que non sexa o financiamento da RedMadre. Non hai ningunha, rétoos aquí a que me digan que medida hai de apoio á maternidade que non existira que non sexa o apoio á RedMadre.

Miren, realmente é un momento ideoloxicamente complexo. Comezaba dicindo que subía a esta tribuna para defender algo que hai vinte e tres anos defendeu Pilar García Negro, visto o telediario de onte ao mediodía, onde dende a televisión pública do Estado español se falaba do decoro que deben ter as nenas ao vestir,...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...non sei se terei que subir a esta tribuna aínda para defender a elección das mulleres sobre o seu corpo, a súa vestimenta e a súa vida.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

Para a defensa da súa emenda, Grupo Parlamentario Socialista, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Antes de comezar, agradecer á señora Adán que facilitara a recuperación do meu compañeiro, do señor Docasar, moitísimas grazas.

Está claro que o señor Gallardón coa súa xestión vai de mal en peor. Se as taxas xudiciais, a supresión dos partidos xudiciais, a reforma do Código penal e do Consello Xeral do Poder Xudicial teñen levantando ampolas, agora a manifiesta intención de reformar a Lei de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo ten á cidadanía en alerta e ao seu partido, ao Partido Popular, enfrontado, porque menudo lío, menudo lío que teñen vostedes montado co aborto: os Opus, os bispos, o ministro de Interior e o ministro de Xustiza por un lado; as Villalobos por outro; a vice facendo malabarismos; Rajoy caladiño coma sempre, e mentres Feijóo aproveitando para escalar un pouquiño máis. E mentres, señorías, a cidadanía escandalizada pensando se a reforma do señor Gallardón nos vai retrotraer trinta anos atrás ou se directamente nos vai volver colocar na época do franquismo, esa que parece que tanto lles gusta a vostedes. Lío nas filas do PP, que ademais deben vostedes de apurarse a resolver porque, segundo din por aí, segundo din por aí, esta lei é unha das que vostedes máis usan.

Miren, a súa voceira no Congreso chegou a afirmar que e leo textualmente: “As que abortan en España son as mulleres con menos formación”. Por certo, algo que xa desmontou cos seus datos a señora Adán. Por outra parte, e segundo un estudo difundido pola Federación Española de Socioloxía, “As amas de casa” –tamén leo textualmente– “en Espa-

ña teñen un nivel de formación menor, e son na súa maioría votantes do PP". Polo que calquera descerebrado, dende logo eu non, pero calquera descerebrado unindo o que di a señora Escudero coas conclusións dese estudo podería chegar a afirmar que en España abortan as mulleres que teñen un menor nivel de formación e que son votantes do PP. Pero burradas á parte, o que vostedes esquecen é que están cuestionando o dereito máis íntimo e máis sagrado das mulleres: o dereito a decidir sobre a súa vida, sobre o seu corpo e sobre o máis apreciado, a maternidade.

Falaremos deste asunto con máis calma, pero vaia por diante que esta reforma nin é necesaria, xa que non a solicita ningunha maioría social, nin é xusta, pois faise para recortar dereitos, non para amplialos, ademais é machista, pois anula a capacidade de decisión das mulleres, e ademais é retrógrada, e non só dende o punto de vista social, que por suposto, senón tamén dende o punto de vista científico. Miren, a ciencia, señorías, ten avanzado e permite por medio de técnicas, como a amniocentesis, a ecografía, os estudos xenéticos, detectar problemas nos fetos, que ou se corríxen ou se impide a súa viabilidade. Eses son adiantos científicos, é ciencia, pero vostedes emulando, ¿non sei?, a Santa Inquisición, pretenden antepoñer a relixión á ciencia.

Nós imos apoiar a proposta que se fai dende o Grupo Parlamentario do BNG. E por suposto queremos manter a actual lei, lei que non obriga a ninguén a abortar; as que non queiran que non aborten, pero as mulleres que así o decidan que o poidan facer con garantías.

En canto a que a información que reciben as mulleres para decidir que facer nesa situación sexa facilitada pola RedMadre a través da web do Sergas, ben, a verdade é que isto parece un despropósito. Eu pregúntome se lles parecería axeitado, señorías, que esa información fora facilitada por unha asociación de feminismo radical, por exemplo, Femen—non sei se a coñecen, se non a coñecen revisen por aí—, e ademais que Femen informara dende a páxina da Administración autonómica. Pois nin a RedMadre, nin Femen, porque o Sergas ten profesionais, moitos e moi bos nos COF, aínda que a estas alturas xa non sei se teño que dicir que tiñamos grandes profesionais nos COF.

Precisamente nese senso vai a nosa emenda, señora Adán, unha emenda de adición para pedir que se manteñan

e incluso que se amplíen os COF de forma homoxénea e equitativa en toda a comunidade autónoma, coa intención de que poidan reforzar e cumprimentar o programa da muller...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...—remato, señor presidente— que se desenrole dende a atención primaria.

E quero rematar xa recalcando algo, recalcando que o ataque á muller do PP non é algo exclusivo de Madrid, non, aquí tamén se está a facer. E estase a facer dunha forma moi clara, anulando os centros de planificación familiar, os centros de orientación familiar, mentres o noso presidente con moito cinismo reclama para isto un debate sosegado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Acuña.

Grupo Parlamentario Alternativa Galega de Esquerda, señora Solla.

A señora Solla FERNÁNDEZ: Grazas.

Anunciamos xa que imos apoiar esta iniciativa, porque ultimamente semella que os dereitos sociais que acadamos durante décadas de traballo, de deixar a pel e incluso vidas pódese defenestrar en cuestión de meses por parte deste Goberno. Non podemos fiarnos da palabra deste Goberno, e en dereitos da muller, dende logo, pois non ía ser menos.

A faciana máis retrógrada do Partido Popular semella querer facer voltar as mulleres á casa, a parir e ao servizo doméstico, a ser solícitas esposas, ¡por suposto!, de homes. Iso amosan os anteproxectos de lei como o da reforma da Lei do aborto; unha lei lesiva para as mulleres, pero lesiva tamén para a sociedade en xeral. Pretenden que a vida das mulleres non valla nada, porque non só destrúe a Lei de prazos, que xa tiña eivas, non só pasa pola do 1985, tamén claramente insuficiente, senón que retrocede aínda máis no seu rexurdimento preconstitucional e pretende de maneira anti-constitucional tamén equiparar un feto a unha vida humana, (*Aplausos.*) e non só iso: protexelo de tal xeito que valla

máis que a vida dunha muller. Iso dinos esta reforma de corte fascista.

Vostedes non lembran que o Tribunal Constitucional xa declarou que isto non era legal alá polo ano 1985, que ía en contra da Constitución, porque se non valería máis un cigoto con malformacións, con defectos, que a propia vida dunha muller. ¿Fíxense en que tesitura de incumprimento dos dereitos humanos se sitúan por culpa do seu fanatismo relixioso?

Esta é unha lei que garante o dereito a nacer, pero non garante o dereito a unha vida digna. O mesmo Goberno que pretende que nazan nenos e nenas non desexados, que pretende penar por lei que unha muller decida se ter esa filla ou fillo, recorta en igualdade, recorta en servizos sociais, en dependencia, en educación, en sanidade; aproba unha reforma laboral que permite que se despida a calquera, tamén a nais, tamén a nais solteiras, que fai que o paro chegue a límites insospeitados, insoportables, que fai que o 55 % das mulleres novas estean no paro, e que en España teñamos un 20 % de pobreza infantil. Ese mesmo Goberno, esa política si deba estar penada por lei e non o dereito a decidir sobre os nosos corpos.

Para vostedes abortar é violencia ou terrorismo, depende de quen o diga. Para nós terrorismo é desafiuzar ás familias, desafiuzar aos nenos, que un de cada catro nenos e nenas sexan pobres. Iso é violencia institucional, iso é terrorismo institucional.

Pero esta lei non está escollida así ao chou, esta lei forma parte do proceso de involución dos dereitos da muller. Exáltase un modelo de muller que xa deixamos atrás: o modelo de muller que se lles impuxo ás nosas avoas, que se lles impuxo ás nosas nais. Impúxoselles, por certo, durante unha terrible ditadura dun Goberno sanguinario, que foi o de Francisco Franco e de todo, todo o seu Goberno.

Señorías, entérense: no corpo das mulleres mandamos só as mulleres, só as mulleres podemos decidir sobre os nosos corpos. Nunca decidir sobre os nosos dereitos e sobre os nosos corpos debería estar penado por lei. Os métodos anti-conceptivos hai que ensinalos na escola; a saúde sexual hai que ensinala na escola; o aborto ten que darse na sanidade pública, para todas as mulleres; a obxección de conciencia

non pode ser superior ao dereito das mulleres a decidirmos sobre os nosos propios corpos.

Temos que ocuparnos da saúde sexual, que é algo natural e que é ademais un dereito de todas e todos nós. Non queremos políticas paternalistas. As mulleres non necesitamos que nos digan o que temos que facer, non necesitamos titores. Os nosos corpos son nosos, non son da Igrexa e non son do Estado.

Polo tanto, non imos tolerar ataques deste tipo, non imos tolerar pasos atrás nos dereitos das mulleres. E se o Goberno segue a adiante con este tipo de leis, con esta aberración, voltará ter a marea violeta, voltará ter as mulleres na rúa. Alí estaremos para defender os nosos dereitos. Co capitalismo dende logo non cabe igualdade, o único que cabe é barbarie. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Vimos de presenciar varias intervencións nas que cun marcado carácter ideolóxico pretenden circunscribir *(Protestas.)* o debate sobre a intervención...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señorías, prego-lles que escoiten con respecto como se escoitaron as outras intervencións.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...ao ámbito político. Mire, non podo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señor Fajardo, chámoo á orde, chámoo á orde. *(O señor Fajardo Recousa pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, señor Fajardo, perdóeme, chámoo á orde e sei moi ben o que estou facendo. Houbo unha intervención e foi escoitada con todo respecto... *(O señor Fajardo Recousa pronuncia palabras)*

que non se perciben.) Pois eu téño clarísimo; polo tanto, chámoo á orde por primeira vez.

Prosiga, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Ben, estáballes a dicir que entendo que estas intervencións pretendían circunscribir o debate sobre a interrupción voluntaria do embarazo ao ámbito político, e desde logo non podo mostrar máis que o rechazo do meu grupo fronte ás acusacións tan insostibles e anacrónicas como as que nos dirixen. Pero, miren, non lles vou responder porque entendo que o debate é o suficientemente importante como para non perdernos en batallas dialécticas.

Vaia por diante en todo caso que a defensa dos dereitos das mulleres non é un patrimonio exclusivo dos seus partidos. E as mulleres e os homes do Partido Popular somos moi conscientes da facultade de decisión que lles corresponde ás mulleres, tanto para decidir no que atinxe á maternidade, tanto para decidir ser nais como todo o contrario. *(Aplausos.)* Pero tendo claro que debemos preservar e defender os dereitos das mulleres, atopámonos ante un debate no que existe outro interese en conflito: o dereito á vida do concibido, que tampouco é relegable, señorías. *(Protestas.)* Miren, este non é un debate menor, poucos encontraremos máis poliédricos, que ofrezan máis lecturas desde tantas ópticas diferentes, e especialmente quéroilles dicir desde o sentir de todas e cada unha das mulleres...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Sestayo... *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, pois vaime obrigir, pero prégoles que escoite co mesmo respecto que as outras intervencións... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Martínez, señora Martínez, chámola tamén a vostede á orde. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Chámola á orde, chámolle á orde. Hai que gardar respecto a quen está no uso da palabra como se fixo na anterior intervención.

Prosiga, prosiga... *(A señora Sestayo Doce pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Sestayo, señora Sestayo, non me obligue a facer o que non quero, ¿vale?

Prosiga, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Estáballes a dicir que este é un debate que ofrece lecturas diferentes e, desde logo, tantas como pode ofrecer o sentir de todas e cada unha das mulleres que se atopan ante unha decisión tan importante nas súas vidas.

Miren, a iniciativa do BNG propón manter a Lei 2/2010 considerando que o borrador é un retroceso nos dereitos das mulleres. Bueno, señorías, pois poderemos debater sobre a lei vixente porque o certo é que o proxecto de lei non foi aprobado e, polo tanto, non se coñece o seu contido. Convén recordar en todo caso que a Lei de 1985 –á que lle recoñecemos luces e sombras– permaneceu vixente vinte e cinco anos e motivou que o Tribunal Constitucional fixase unha doutrina sobre isto. Señora Solla, interprete ben a xurisprudencia, porque o que dixo o Tribunal Constitucional foi –e leo–: que o concibido é un ben xurídico protexido polo artigo 15 da Constitución española e que a xestación xera un terceiro existencialmente distinto da nai, aínda que aloxado no seu seo. Por iso cando o dereito á vida do *nasciturus* entra en conflito cos dereitos da muller non debe prevalecer ningún deles sobre o outro e faise obrigado facer unha análise prudente que permita conciliar ambos intereses en conflito.

Miren, nese contexto, a Lei 2/2010 veu introducir elementos que ao noso entender vulneraban o equilibrio entre dous intereses en conflito tan dignos de defensa. Refírome a un desequilibrio introducido ao eliminar o límite de prazo en casos de enfermidade extremadamente grave e incurable. Esta disposición, ademais de enviar unha mensaxe demoleadora para as persoas con discapacidade, vulnera o establecido... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* vulnera... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* –si, señorías– *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* vulnera o establecido na convención... *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, silencio, señorías.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...e de feito obriga, está requirido este Goberno para modificar esta disposición antes do 2015.

E convirán comigo en que o feito de que as rapazas de 16 e 17 anos poidan abortar non xa sen consentimento, senón sen coñecemento dos seus pais, simplemente alegando con-

flito grave, señorías, foi moi contestado socialmente, non respondía a unha demanda social e ademais enviáballes unha imaxe aos xoves que, desde logo, non afondaba nin na prevención nin na contracepción. ¿Era isto necesario, señorías? ¿Era esta unha demanda social? (*Murmurios.*) Nós cremos que non e precisamente por iso votamos en contra daquela lei, porque desoía a doutrina do Tribunal Constitucional e porque provocaba desequilibrios innecesarios entre bens xurídicos a protexer.

Señorías, non podemos debater sobre un proxecto que non coñecemos pero convirán comigo en que se impón algunha reflexión. Porque, miren, o aborto é un ben e un drama en si mesmo, para a muller e para a sociedade. Debería ser algo residual e, sen embargo, cando as mulleres e os homes temos máis formación e información ca nunca, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) máis métodos de contracepción e máis accesibles ca nunca... (*A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Martínez –perdoe, señora Rodríguez–, o tempo estouno controlando eu e coas interrupcións estou compensando o que teño que compensar. Sei modular moi ben o tempo, non me vai dicir vostede o que teño que modular.

Prosiga, señora Rodríguez.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Estáballes a dicir que cando temos máis métodos de contracepción, máis formación e información ca nunca o número de abortos aumenta de forma alarmante. E, señora Adán, cando vostede mostraba esa pancarta o dato é certo: 118.000 abortos no ano 2011, 323 abortos diarios.

Miren, a proposta do Bloque Nacionalista Galego, ademais de que se manteña a lei, propón que os abortos se practiquen nos hospitais públicos galegos con medios propios. Bueno, convén recordar que se está a garantir a prestación –iso é o que impón a lei– pero hai que conciliála tamén co respecto ao dereito da obxección de conciencia que teñen os profesionais. Profesionais, por certo, que xa están a recibir formación en materia reprodutiva desde a perspectiva de xénero, como vostedes reclaman.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: En canto á obxectividade –xa termino, señor presidente– da información, señorías, estase cumprindo a lei e o real decreto que a desenvolve en canto ao que se ofrece en sobre cerrado ás mulleres.

Pero si que me quero referir –para rematar– á RedMadre. Miren, o escano que eu ocupo non me faculta nin me capacita para facer unha análise moral de cada unha das decisións tomadas, pero a vostedes tampouco. Non creo que sexan quen de cuestionar a quen ofrece apoio ás mulleres que queren continuar co seu embarazo, como non somos quen de valorar as motivacións persoais que levan a tomar unha decisión diferente. E aproveito para facer un recoñecemento a esas persoas que desinteresadamente apoian as mulleres que querendo ser nais se ven condicionadas polas súas circunstancias económicas, familiares ou doutro tipo...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...e as axudan a seguir cos seus embarazos.

Por isto, señorías, non podemos apoiar as súas propostas, pero que ninguén dubide do noso compromiso coa defensa de ambos os dous dereitos en conflito, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de concilialos no marco da xurisprudencia do Tribunal Constitucional... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...e de protexelos desde a prudencia...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Rodríguez.

(*A señora Rodríguez Barreira pronuncia palabras superpostas que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señoría.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Grazas, señor presidente.

Agora si que saúdo as mulleres que se incorporaron a este debate e que están dende a tribuna.

En primeiro lugar, señora deputada, esta deputada que lle fala respecta tanto o dereito das mulleres como efectivamente o dereito da vida en formación. Pero, como vostede sabe perfectamente, o Tribunal Constitucional non os pon ao mesmo nivel, e vostede coñéceo e aquí deturpa estas interpretacións. En todo caso –porque este sería un debate realmente profundo e de calado non soamente lexislativo senón moral e político–, non digo que a Igrexa e toda a RedMadre moralmente acompañe as mulleres, o que pedimos é que nun Estado aconfesional non se financie con fondos públicos e non se pretenda impoñer a lexislación da Igrexa ou –digamos– o mundo do divino ao mundo terrenal. Non queremos que lexisle a Igrexa católica sobre os corpos das mulleres, queremos que lexisle o Estado e que non se financie con cartos públicos a RedMadre. Punto. *(Aplausos.)*

Cada unha dentro do ámbito das súas conviccións nós cremos que debe realmente pois exercer esas conviccións. Non estamos xulgando a ninguén, todo o contrario, porque efectivamente as mulleres neste planeta desde antigo trouxeron a vida e coidárona, sempre. Ninguén as pode acusar de asasinas, nunca, porque as guerras, os xenocidios son fundamentalmente cousas de homes. *(Aplausos.)* As mulleres neste planeta sempre coidaron a vida. *(Aplausos.)*

E dende logo que o principio ontolóxico dende o cal *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* para nada sexista...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Silencio, por favor. Silencio, señorías.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: Eu se de algo... señora Prado, eu se de algo me sinto orgullosa de ser muller...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Non, non dialoquen.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...de pertencer a un grupo que foi capaz de poñer a vida por diante doutros intereses. Síntome moi orgullosa e para nada sexista. Síntoo, non lle acepto clases de sexismo, señora Prado. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non llas acepto. *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señorías, silencio, por favor.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Estouilles pedindo silencio.

(Protestas.)

Estou pedindo silencio a todos. A todos, a todos, a todos.

A vostede a primeira, señora Sestayo.

A todos llelo estou pedindo.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

A vostede a primeira.

Será compensado o seu tempo, señora Adán, non se preocupe. Prosiga.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: O que estaba dicindo, eu si que quero rematar para dicir claramente que aquí temos efectivamente dous problemas de modelo. Nós debatemos sobre os dereitos das mulleres e da infancia, da infancia que a vostedes non lles interesa, vémolos ben claramente cos seus recortes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, aos feitos, aos feitos. E vostedes queren debater arrasados pola Igrexa católica sobre o estatuto ontolóxico do non-nacido, que é outra cuestión.

Pero eu quero hoxe acabar con algo claramente, que é cunha cita, mire, ata dun home, dun filósofo, de Mosserin, cando di claramente: “Cando o espermatozoide dun home penetra no óvulo maduro dunha muller e os núcleos de ambos gametos se funden para formar un novo óvulo, fórmase o cigoto, que pode converterse no inicio dunha liñaxe humana, dun organismo en diversas

etapas, que pode ser mórula, blástula, embrión, feto e finalmente, efectivamente, un humano en acto home ou muller. Aínda que estadios dun mesmo organismo, un cigoto” —como vostedes saben moi ben— “non é un embrión, e un embrión non é un feto, e un feto non é un humano completo. O neno é un ancián en potencia, pero un neno non é un ancián nin ten dereito á xubilación. Un ser humano vivo é un cadáver en potencia” —e todos os que estamos aquí dende logo que o somos—, e algo moi diferente é que “ese home vivo non é un cadáver”. Enterrar un home vivo é algo moi diferente a enterrar a un cadáver.

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Remate, por favor.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: E polo tanto, cando falamos dun embrión, non estamos falando dun neno. Cando se permite esta publicidade nas vallas estase acusando as mulleres de cometer un asasinato cando a interrupción voluntaria do embarazo —vostedes sábeno— non o é.

Á parte de que dependa da moral e as decisións de cada muller...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...temos que respectarllas. E vostedes queren impoñer...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Adán, xa rematou o seu tempo.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...a moral católica a todas as mulleres e coartar a capacidade de decisión das mulleres. É un paso atrás...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Adán. Xa rematou o seu tempo.

A señora ADÁN VILLAMARÍN: ...e a súa votación retrátalo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Ricardo Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei orgánica de mellora da calidade educativa

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Cosme Pombo Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débese engadir un novo punto 1 bis

“1 bis. O Parlamento de Galiza insta ao Goberno Galego a defender as competencias educativas exclusivas da Galiza, nomeadamente a fixación de currículos, materias troncais e defensa do idioma galego como lingua vehicular do ensino, como único xeito de defender un modelo propio de ensino público, galego e de calidade. No camiño de recoñecemento da realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español.”)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta proposición non de lei ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Moi ben, antes de nada grazas polo de antes e lamento terlles causado estas incomodidades. Aos compañeiros do BNG agradecerlles que cambiasen a orde do día. Intentarei agora máis tranquilo si poder expoñer as miñas razóns en contra da LOMCE. *(Aplausos.)*

Ben, o Grupo Socialista trae hoxe aquí a este Parlamento, señor conselleiro, unha idea clara e concreta: vimos pedir solemnemente que este Parlamento se dirixa ao Goberno de España para proceder á retirada da LOMCE e que se inicie unha vía de diálogo auténtica e sen cortapisas coa comunidade educativa. A finalidade última desta proposta iría encamiñada a dotar dunha vez por todas de estabilidade o noso sistema educativo; cuestión que, por certo, leva demandan-

do o conxunto da comunidade educativa dende hai moitos anos.

A política, señorías, está en débeda coa comunidade escolar deste país. É o momento de ser xenerosos e non prepotentes. É o momento de conducir coas luces longas e non coas luces de posición. É o momento de atopar entre todos un modelo educativo que non responda só aos desexos dun partido político, aínda que conte cunha maioría suficiente para poder facelo. Creo que é o momento de facer unha lei educativa que responda ás necesidades do conxunto da sociedade española, e de ser capaces que esa lei dure no tempo e que non sexa cambiada de maneira automática cando se produza un novo cambio de goberno, que se producirá, señorías, con toda probabilidade nos próximos anos. Eu son dos que dixen sempre que en educación non hai receitas máxicas, non existen, existe o traballo constante e sostido no tempo, pense o que pense o señor Wert.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que, a pesar do que se di con pouco rigor, nos últimos anos o noso sistema educativo ten mellorado de maneira importante na súa equidade e na súa calidade. Disfrutamos dun servizo público educativo que chega a toda a poboación en condicións de igualdade e que tan malo non debe de ser cando os nosos titulados son tan ben valorados fóra do noso país. Hai tamén que lembrar que a actual lei foi aprobada cun importante consenso —é verdade que faltou o Partido Popular—, contou no seu momento co apoio da comunidade educativa, das forzas sindicais e do conxunto do Parlamento español, salvo o Partido Popular. A posta en marcha desa lei, xunto co aumento de orzamentos educativos que se produciron neses anos —antes da chegada do austericidio—, permitiu un importante avance nos obxectivos educativos que a Unión Europea fixaba para o 2020.

Feita esta pequena introdución de principios xerais intencarei agora darlles argumentos máis concretos para pedirllas a retirada desta lei:

En primeiro lugar, porque non deben desprezar vostedes que o pasado 9 de maio milleiros de cidadáns, dende educación infantil á universidade, pararon este país, para pedirlle ao seu Goberno que non seguira a adiante cunha lei feita para contentar soamente os sectores máis conservadores desta sociedade: bispos, patronais do ensino privado e fundación FAES. E que por non contar non conta nin co apoio

da propia familia do ministro Wert; aí esta o caso do seu irmán, profesor de universidade en Castilla-La Mancha.

En segundo lugar, porque desprezan vostedes o informe do Consello de Estado, que cuestionou aspectos importantes dese proxecto —diso falarei despois.

En terceiro lugar, porque a lei non vén acompañada dunha análise rigorosa, compartida e coherente do actual sistema educativo, senón dunha análise ideolóxica, partidaria e revanchista.

En cuarto lugar, porque pretenden vostedes coa súa posta en marcha alcanzar todavía máis cotas de centros privados no noso sistema educativo.

En quinto lugar, porque intentan vostedes culpabilizar o actual sistema educativo de cousas coas que non teñen nada que ver. ¿Ou é que acaso o actual sistema educativo ten culpa do paro do país ou de non ter formado axeitadamente persoal cualificado para o noso tecido produtivo? Basta mirar como son recibidos por aí adiante os nosos titulados de universidade e de FP en Alemaña, Canadá, Brasil, Estados Unidos, Inglaterra, Francia, Australia, países da Europa do norte para darnos conta de que estamos diante dunha infamia para xustificar o inxustificable. Por certo, non me resisto de novo a pedirlle, señor conselleiro, que intenten facer algo dende a Xunta de Galicia para frear ese éxodo masivo de talento da nosa xuventude, tan ben formada. Aí temos o caso dese físico que no día de onte era noticia, por desgraza, nos medios de comunicación. Porque esta lei ademais intenta excluír canto antes do sistema educativo precisamente aos que máis o necesitan e formar os nenos e os mozos esencialmente con criterios competitivos e mercantís.

En sétimo lugar, porque se elimina o carácter educativo da etapa de 0 a 3 anos, converténdoa en meramente asistencial, en contra dos criterios que sosteñen importantes expertos do mundo da educación.

En oitavo lugar, porque se pretende degradar o papel esencial do noso profesorado, desconfiando del ao encargarlle as reválidas a persoal externo ao propio sistema.

En noveno lugar, porque esa lei intenta borrar dun plumazo a democracia dos nosos centros, convertendo os con-

sellos escolares en meros floreiros ao servizo dunhas direccións que serán nomeadas a dedo polo poder político de turno, aparecendo deste xeito un novo nicho de creación de empregos para premiar aos integrantes do partido gobernante, tamén mixto. Un retroceso histórico.

En décimo lugar, porque a LOMCE pretende fortalecer o ensino da relixión católica e eliminar a formación cívica de Educación para a Cidadanía, existente na meirande parte de países da Unión Europea, por certo.

En décimo primeiro lugar, finalmente, porque intenta esta lei meter en cintura ás comunidades autónomas, obvian-do o importante papel que teñen xogado nos últimos anos no proceso de mellora da educación no conxunto do Estado, e mesmo intentando degradar as linguas cooficiais, converténdolas en elementos arreboladizos entre cidadáns dos diferentes territorios do noso país.

Quero rematar, señorías, afirmando que esta contrarreforma educativa suporá, de aplicarse, un ataque directo á escola pública deste país, á que vostedes queren degradar en beneficio da escola privada, menosprezando o importante e indispensable papel que ten xogado no desenvolvemento da igualdade de oportunidades dos últimos trinta anos da nosa historia. Para os socialistas esta é claramente unha liña vermella que vostedes non deben traspasar. Se vostedes a cruzan teñen que saber que o Partido Socialista terá memoria e actuará en consecuencia no seu momento.

Moitas grazas e máis nada.

Como me sobrou tempo, señor presidente... Ah non, non, señora presidenta...

A señora PRESIDENTA: Pero é o mesmo.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...agradecerlles, terei despois na réplica que farei algúns argumentos máis para intentar convencer o señor conselleiro de que se dirixa ao señor Wert e poidan facer unha lei que sexa de verdade unha lei que dote o sistema educativo de estabilidade para os próximos vinte anos polo menos. Esa creo que sería a mellor contribución da política ao sistema educativo. E digo isto porque veño del, veño do sistema educativo, onde traballei toda a miña vida, no ensino público, e creo que o sistema educa-

tivo o agradecería profundamente. Creo que ese é un tema que de maneira reiterada se nos reprocha aos políticos.

Eu agora son político desde hai seis meses, creo que algo intento facer para intentar convencelos a vostedes de que sería, máis que intentar facer unha lei de partido, intentar consensuar unha lei que teña capacidade de durar e despois deixar traballar os profesionais. Esa é a maneira como poderemos mellorar o sistema educativo. Se o que queremos é facer unha lei –digamos– para servir a intereses moi conservadores, neste caso, unha lei de partido, estémonos equivocando unha vez máis. E eu aí tamén teño que asumir o meu *mea culpa* na parte que me toca como Partido Socialista, pois igual tamén nalgún momento non fomos capaces de ver iso. Creo que é o momento de velo entre todos. A partir de aí, se somos capaces de facelo, o sistema educativo poderá mellorar, porque en educación –xa o dixeran antes– cousas de maxia non existen, as cousas vanse conseguir se se sosteñen no tempo, se se fan con calma e se se deixa traballar os profesionais.

Moitas grazas e máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Pombo Rodríguez.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, señor conselleiro.

Comezarei por anunciar o voto afirmativo do BNG para esta proposición non de lei. Non podía ser doutra maneira, en primeiro lugar, porque o BNG comparte os dez argumentos que acaba de expoñer o ponente e, en segundo lugar, porque o propio BNG hai moi poucos días en sede parlamentaria defendeu unha proposición non de lei que tamén esixía a retirada da Lei Wert.

Aproveito a miña intervención para reiterar que o Grupo Parlamentario do BNG entende que este anteproxecto invade as competencias en materia educativa da Galiza e introduce cambios lexislativos que deterioran a calidade do ensi-

no público galego. Por esa razón o Bloque presenta unha emenda á proposición non de lei que pretende introducir un punto novo que diga: “O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a defender as competencias educativas exclusivas da Galiza, nomeadamente a fixación de currículos, materias troncais e defensa do idioma galego como lingua vehicular do ensino, como único xeito de defender un modelo propio de ensino público galego e de calidade, no camiño de recoñecemento da realidade plurilingüe, pluricultural e plurinacional do Estado español”. Agardamos que a nosa emenda sexa aceptada.

O BNG é claro que rexeita a LOMCE e a nós o que nos chama poderosamente a atención é que unha lei de tanta relevancia se pretenda aprobar sen un consenso amplo, sen un amplo debate social e sen a participación do profesorado, das organizacións que o representan, sen un amplo consenso da comunidade escolar e dos diferentes gobernos con competencias en materia educativa. Non é de estrañar a contestación que está a ter por parte da comunidade educativa e de moitas comunidades autónomas; cando menos, señor conselleiro, polo menos das que defenden as competencias educativas propias.

Pero se o BNG esixe, esixiu e esixirá a retirada da LOMCE hai moitas máis persoas que así o esixen. A Plataforma Galega en Defensa do Ensino Público fixo máis de quince peches por todo o país, máis de 3.000 persoas participaron e pediron a retirada dunha lei reaccionaria, españolizadora, antigalega, privatizadora, clasista, antipedagóxica, antidemocrática, confesional e liquidadora da igualdade de oportunidades. Tamén reclamou a retirada da LOMCE a sociedade galega, moitas ANPA, sindicatos do ensino, movementos de renovación pedagóxica, o estudantado e moitos partidos políticos.

O 6 de febreiro, folga xeral cun apoio maioritario en Galiza pedindo a retirada da LOMCE. O 18 de febreiro, 10.172 sinaturas do profesorado galego foron entregadas no Rexistro da Xunta demandando a retirada da LOMCE. A maiores hoxe a contestación á LOMCE multiplicouse, e o 9 de maio máis de 40.000 persoas participaron nas mobilizacións convocadas na Galiza; por certo, un dos territorios do Estado onde a participación foi máis elevada. Nestas mobilizacións insistíuse en que a LOMCE supón afondar na privatización do ensino, ao que intenta trasladar a ideoloxía

neoliberal do Partido Popular. Insistiuse en que afoga o sistema educativo galego, en que aumenta a confesionalidade, en que liquida a xestión democrática dos centros e en que expulsa o alumnado do ensino e pon en tea de xuízo o dereito á educación. Neste día 9 a sociedade galega e o ensino galego, cunha participación elevadísima de profesorado, alumnado, pais e nais...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando por favor.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...vou rematando, señora presidenta— afirmou firme e rotundamente un non á LOMCE. Está claro que esta lei debe de ser retirada porque de nacer nacerá morta. Só ten o apoio do PP, só ten, señoras e señores deputados, o apoio da patronal da privada.

Para rematar, o BNG despois do éxito da folga do 9 de maio pide a retirada da LOMCE porque elimina a igualdade de oportunidades, porque pretende volver a unha sociedade...

A señora PRESIDENTA: Remate por favor, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...e xa remato— na que o valor das persoas...

A señora PRESIDENTA: Remate xa.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: ...se mida polo que posúen e o seu futuro dependa de onde e en que familia nace.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Pombo.

O señor POMBO RODRÍGUEZ: O BNG defende un ensino laico, público, galego, democrático e de calidade. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Vázquez Díaz.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: *(O señor Vázquez Díaz pronuncia palabras que non se perciben no micrófono.)* ...e os motivos para o seu rexeitamento. É unha lei privatizadora, segregadora, determinista, reaccionaria, clerical; en fin, o que está

claro é que é unha lei que esgota os adxectivos. Eu, por non redundar, vou insistir en tres aspectos que creo que sobre esta lei non se teñen destacado e que a min me parecen de suficiente importancia:

O primeiro é que eu considero que a LOMCE non puidera ser considerada en sentido estrito unha lei orgánica, non debiera ser considerada como tal, porque, de feito, a LOMCE ten un único artigo, é unha lei de artigo único. Unha cuestión que eu creo que non ten antecedentes na lexislación educativa das leis orgánicas. Ten un artigo único que se chama de “modificación da Lei orgánica do ensino de 2006”. E con ese único artigo a norma fai un percorrido por todo o articulado da LOE, desbrozando calquera atisbo de progreso educativo que contiña a anterior norma. Con esta súa lei, coa lei do PP renuncia a facer ningún tipo de aportación, a incorporar algunha novidade, limitándose a facer exclusivamente os cambios que lle resultaban incómodos para o seu proxecto ideolóxico. Por iso é unha norma claramente destrutiva, nada propositiva, e iso é unha evidencia. Unha lei que filtra a norma anterior e a peneira pasándoa polo seu matiz reaccionario, demoucando os avances conseguidos con moito esforzo nos últimos trinta anos.

A LOMCE é unha lei do artigo único, pero tamén do partido único —como aquí se dixo—; ningún outro partido a apoia, ningún sindicato, ningunha federación de asociacións de nais e pais, ningún colectivo. O PP defende esta norma en solitario contra toda a comunidade educativa, “contra o mundo”, como diría aquela canción dos Diplomáticos de Monte Alto. A norma do partido único, do artigo único e cun único fin, e que non é outro que acabar co servizo educativo universal, público, democrático e laico.

Pero hai outra cousa na que a LOMCE tamén é única e é precisamente na unanimidade e no consenso en contra que reuniu, posto —unha cuestión que xa se puxo de manifesto e xa se dixo aquí— nas mobilizacións recentemente convocadas, e nas que participaron profesorado, alumnos, alumnas, familias, e participaron de xeito masivo. E por iso vostedes recuaron, por iso e polo ditame do Consello de Estado. Un ditame no que se ataca claramente diferentes aspectos contidos na norma: as materias troncais e as específicas, o tratamento das linguas cooficiais, o establecemento das reválidas, a invasión das competencias no deseño de currículo —como aquí xa se dixo—, a desaparición da Educación Cívi-

ca e o tratamento da alternativa da Relixión, a lexitimación dos centros segregadores e a propia memoria económica. Todo un repaso lle dá o ditame do Consello de Estado ás liñas mestras da norma.

Non esquezamos que no eido económico o propio ministerio calcula que a aplicación da LOMCE terá un custo de 400 millóns de euros en custos directos, reservando os custos indirectos para as comunidades autónomas. ¿E cales son eses custos, señor conselleiro? ¿Cales son os custos económicos, os custos humanos, os custos para a cidadanía, os custos para o futuro de Galicia? ¿Calculounos vostede? Supoño que cumpriu coa súa obriga de trasladar o ditame económico. De feito, corre a noticia de que hai un informe —que circula polos corredores de San Caetano— onde se pon de manifesto a insostibilidade económica da LOMCE para a Administración galega. E onde se pon de manifesto que vai supoñer, de aplicarse, que non vai ser posible recolectar o profesorado de Filosofía, o profesorado de Plástica, o profesorado de Música,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...en definitiva, o profesorado das humanidades sobrantes deste universo economicista no que vostedes pretenden situar.

E, en segundo lugar, creo que é tremendamente grave e é que a LOMCE é unha norma absolutamente acientífica, unha norma que non incorpora ningún dos avances da pedagogía, da didáctica, non incorpora ningún avance da psicopedagogía, nada. Polo menos, a LOXSE, que vostedes tanto criticaban nos anos noventa, incluía as fontes do currículo, a fonte epistemolóxica, a fonte pedagóxica, psicolóxica, sociolóxica... Tiña en conta o modelo construtivista, a aprendizaxe significativa, o modelo de ensinanza individualizada; incorporou un montón de elementos da vangarda pedagóxica. E vostedes renuncian a todo iso, carecen da máis mínima ambición. E por iso a LOMCE é unha lei absolutamente fanática, adoece dun tremendo fanatismo político, porque o fanatismo é lexislar contra a ciencia, pisoteando e ignorando...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...os máis elementais —e xa remato, señora presidenta—, gobernando contra o sentido común,

contra a ciencia e á marxe da cidadanía. Nós non necesitamos fanatismo nin a ningún fanático, menos a un fanático como Wert, que estudou, claro, nun colexio no barrio de Salamanca...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...Nuestra Señora del Pilar, concertado, nun barrio onde o metro cadrado da vivenda vale máis de 5.000 euros o metro cadrado. Aí é necesario poñer...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor VÁZQUEZ DÍAZ: ...recursos de todos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Rodríguez González.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Bos días, señora presidenta, señorías, señor conselleiro.

Señor Docasar, espero que se recupere, e nós agradecemos tamén a flexibilidade que naquel momento tivo a presidencia desta Cámara para poder debater. Non se poña nervioso que realmente os debates tampouco hai que levalos máis alá do estritamente necesario.

En todo caso, este debate non é un debate novo neste Parlamento, nin moito menos. Eu recoñézolles a vostedes que son francamente insistentes, absolutamente insistentes. Poderíamos utilizar iso de don erre que erre, porque en moi pouco tempo é o terceiro debate –creo recordar– onde vostedes están pedindo –evidentemente todo sazonado dunha serie de adxectivos de todo, menos bonito– que se retire este proxecto de lei. Nós, dende o Partido Popular, o que estamos facendo é pois aportando en positivo e apoiando un proxecto de lei que entendemos que vai mellorar o servizo educativo non só de Galicia senón no conxunto de España. Nós entendemos que iso é moi importante.

É obvio que calquera cambio en materia de educación pois xera rexeitamento, ¿non?, e xera mobilización. Sobre

todo cando os cambios, cando os avances son impulsados polo Partido Popular dá a sensación de que a esquerda, que está fortemente implantada no eido educativo, pois adopta unhas medidas xa críticas e plantexa un discurso que sexa un discurso único, é dicir: o noso discurso é o bo, o seu absolutamente é o malo. E a partir de aí realmente pois poderíamos dicir moitas cousas.

Falaron vostedes da folga. Todo o respecto á xente que foi á folga. En Galicia calcúlase que foi en torno ao 18 %, algo menos do 18 % foi á folga. Vostedes dixeron que era a máxima do Estado, que fora a máis elevada. Estamos falando do 18 %, respectámolo, pero tamén me dá a sensación de que algúns partidos son máis expertos en mobilizar a rúa que en ganar eleccións, e algúns cónfórmanse con mobilizar a rúa. (*Aplausos.*)

Realmente, tamén vostedes acaban moitas veces confundíndose, porque sempre falan coa boca chea da comunidade educativa, como “*el Estado soy yo*”. Vostedes sacan esa idea e confúndense. Vostedes confunden a parte co todo, porque nin todos os sindicatos foron a esta folga nin a convocaron, nin todas as asociacións de pais, nin todas as asociacións de alumnos. Realmente as súas si, os seus, digamos, a súa galaxia participou, pero non toda participou neste proceso.

E eu creo que aquí se fala de lexislación. España leva moitísimas décadas, máis de trinta anos, pois cunha lexislación educativa de corte socialista. Iso creo que non se pode negar, ¿non?, e que foi por certo cambiándose constantemente. O señor Docasar dicía que queremos unha lei de vinte anos de estabilidade. ¡Lástima!, señor Docasar, que o seu partido durante dúas-tres décadas non o fixera, porque dende a LODE, a LOXSE e a LOE foi cambiando constantemente o seu marco xurídico. Supoño que sería porque se foron dando conta de que non funcionaba, que o seu modelo non funcionaba, e non funcionou, non funcionou. Porque, mire, España, que ten un gasto público moi por riba da media da OCDE, ten uns resultados moi por debaixo. E iso é porque o modelo socialista, o modelo de esquerdas, non funcionou dende o punto de vista educativo. É certo que houbo avances, por suposto que houbo avances e hai que recoñecelo, pero tamén é certo que o diagnóstico final arroxa moitas sombras, e é necesario traballar para poder solucionar eses problemas.

Diálogo. Ningunha lei das que vostede citou aquí, das socialistas, foi apoiada ou foi consensuada co Partido Popular, ningunha. Vostedes reclaman o que vostedes non fan. E esta lei está sendo traballada, está buscando o diálogo, o que pasa é que dous non dialogan se un non quere. Pero mire: pasou polo Consello de Estado, houbo máis de 30.000 suxerencias, houbo aporte da Comunidade Autónoma –esta propia Comunidade Autónoma fixo os seus aportes–; as organizacións docentes, sindicais aportaron a esta lei. E un Goberno responsable, señorías, ten que actuar e ten que tomar medidas, e as medidas téñense que fundamentar na lexitimidade democrática que dan as urnas e non na presión das rúas.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: Vostedes están equivocados cando pensan que a presión da rúa fixo cambiar o calendario. Non, cambiouse por unha cuestión técnica, que así foi dito claramente por parte do Goberno, co cal a lexitimidade democrática, señorías, está nas urnas, non está nas rúas.

E dende Galicia entendemos que é preciso mellorar o sistema educativo, e esta lei fixa e marca asuntos de grande interese. Mire, plantexa o uso equilibrado das linguas oficiais; aposta pola formación profesional, especialmente a formación profesional dual; aposta por unha maior cultura do esforzo e a autonomía dos centros; quere mellorar o nivel formativo, de aí as reválidas; plantexa a liberdade na oferta educativa, e homologa os currículos, porque nós queremos que un neno de Galicia teña o mesmos coñecementos básicos e troncais que un neno catalán, que un neno vasco, que un neno murciano, e por iso queremos que haxa unha homologación...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...que é un maior control no que ten que ver cos currículos.

E nós agardamos que esta lei entre en vigor canto antes, atrásaa unha cuestión técnica e cremos que unha vez que se poña en marcha aquelas lagoas que herdamos dun modelo educativo socialista francamente obsoleto...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ GONZÁLEZ: ...se poidan solucionar con esta nova lei.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: Señor Román, por favor, vostede díxome cando cheguei aquí, alá polo mes de xaneiro cando eu o coñecín, que tiña que ser constante, que perseverara, e xa ve que persevero; tamén é verdade que vostedes non fan nin puñetero caso, esa tamén é a realidade. Pero, bueno, nós imos perseverar e acórdese sempre: eu fágolle caso ao que me dixo.

Vou aproveitar a miña réplica para reiterarlle algúns argumentos máis:

Señor conselleiro, pídolle por favor que con este tema aínda estamos a tempo de conseguir un consenso. Decía o señor portavoz do Partido Popular que o Partido Socialista non o busca. Emprázoo a que fale co señor conselleiro a ver se Ángel Gabilondo, o anterior ministro de Educación que tivo este país, se o intentou ou non. El poderalle dicir que si, pero evidentemente quen non quixo foi o Partido Popular, porque xa albiscaba que había *(Murmurios.)* unha posibilidade de maioría absoluta...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...e que poderían facelas sós. ¡Alá vostedes! Volvo anunciarlles: se vostedes a cambian sós, nós volverémola cambiar sen vostedes. *(Interrupcións.) (Murmurios.)* Si, si, si.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: Pero nós queremos facer unha lei que dure para vinte anos; se vostedes non queren, alá vostedes.

Bueno, xa sei que non queren vostedes escoitar o clamor dos cidadáns deste país, que faláron moi clariño o pasado 9

de maio nas rúas das nosas cidades; non queren escoitar o profesorado e as súas familias, e os alumnos e os profesores non lles parecen importantes o que poidan opinar; non queren escoitar o clamor das forzas políticas deste Parlamento e do Congreso en Madrid, e do Senado; non queren baixar do seu pedestal e darlle a este país unha lei con capacidade de durar no tempo. Insisto –e seguirei perseverando, señor Román–: non busquen só contentar a Conferencia Episcopal e as patronais do privado; non é, con iso non basta.

Non quero rematar esa intervención –xa lles dicía– sen darlles algúns argumentos máis por se acaso me queren escoitar. Quero falarlles en concreto...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...do ditame elaborado polo Consello de Estado...

A señora PRESIDENTA: E non se olvide da emenda.

O señor DOCASAR DOCASAR: Imaxino que non considerarán vostedes os membros do Consello do Estado como uns perigosos esquerdistas que non comprenden ao Partido Popular. O Consello do Estado fala, señorías, de cousas como insuficiente valoración económica; conveniencia de amplo acordo coas forzas políticas e sociais; deficiente participación da comunidade educativa, ao rebaixar o papel dos consellos escolares; falta de coherencia na distribución de competencias; posta en dúbida do nivel de autonomía dos propios centros; a metodoloxía de elección das direccións;...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor. E qué-dalle a emenda.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...advirte sobre a segregación moi temperá do alumnado; sinala igualmente que non se planifica ben o tema das TIC e a súa dotación; cuestiona a posibilidade de que as universidades poidan facer avaliacións, que entenden que poden prexudicar o tratamento uniforme do alumnado; destaca a falta de diferenzas entre materias troncais e específicas; sinala a conveniencia de potenciar e ter unha formación ético-cívica; pon en dúbida a legalidade do finaciamento...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...de centros que segrega.

Por certo, señor conselleiro, debe vostede de aplicalo á legalidade. Non quero rematar sen dicirlles que retiren a LOMCE e intenten de verdade darlle a esta comunidade educativa, a este país unha lei que sexa capaz de formar sen sobresaltos..

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Docasar.

O señor DOCASAR DOCASAR: ...a próxima xeración de cidadáns deste país.

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA: Señor Docasar, é que non dixo se aceptaba ou non a emenda, e este é un turno de posicionamento de emendas...

O señor DOCASAR DOCASAR: Si, creo que hai unha emenda do BNG, exclusivamente...

A señora PRESIDENTA: ¿Si ou non?

O señor DOCASAR DOCASAR: Si, si. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Perfecto.

Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Caamaño Domínguez e dous deputados máis, sobre a elaboración e a presentación polo Goberno galego dun plan de salvagarda da edición do libro en galego

A señora PRESIDENTA: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Ten a palabra o señor Caamaño para formular a súa proposición.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Grazas, presidenta.

Señorías, vou ler un breve párrafo que está nun artigo dunha lei do Parlamento de Galicia que di o seguinte: “A Xunta de Galicia recoñecerá o carácter estratéxico e prioritario do sector do libro pola súa importancia cultural, social

e económica, como instrumento para a expresión do dereito á creación e á divulgación da cultura, da historia e da lingua de Galicia”. Isto dío o artigo 2 da Lei 17/2006, do libro e da lectura; unha norma que evidentemente está en vigor e que foi aprobada por esta Cámara.

Pois ben, acabamos de coñecer hai apenas un mes un informe elaborado pola Asociación Galega de Editores onde se nos fala da realidade do libro e da edición en Galicia. E xa que faltan só dous días para o Día das Letras Galegas é bo que reflexionemos acerca de como está a edición, de como está este compromiso do artigo 2, este mandato legal á Xunta de Galicia e como o está a cumprir en relación co libro, coa lectura e coa edición en galego.

Nese informe, que todos poden consultar e ter acceso público a través de internet, podemos ler cousas tales como as seguintes: nos últimos trinta anos a edición en galego creceu de xeito progresivo, pasando dos 187 títulos no ano 1980 aos 2.544 no ano 2010. E a partir do ano 2004 iníciase unha etapa de estabilización, producíndose arredor de 2.000 títulos/ano. Coa chegada da crise, a partir do ano 2009 a tendencia cambia de inmediato de dirección e a edición en galego comeza a baixar de xeito moi acelerado, poñendo en grave risco a viabilidade económica do sector editorial en Galicia, e por suposto a capacidade de poder ler en galego por parte das persoas da cidadanía deste país.

Segundo ese informe, no ano 2011 a edición en Galicia baixou con respecto ao ano anterior un 28,88 % e a edición en galego o 16,30 %. A edición realizada por editoriais privadas no 2011 supuxo o 90,47 % da realizada en galego. Polo tanto, ben pouca edición pública na nosa lingua, porque o 90 % a tiveron que facer editoriais e o sector privado. Pero é que, ademais, esa pública foi no conxunto de todas as administracións do 9,35 %, a porcentaxe, señorías, máis baixa da última década. Máis concretamente, a edición realizada pola Xunta, incluíndo o Consello da Cultura Galega, tivo unha caída do 39,28 %, de xeito que o esforzo editorial da Xunta en lingua galega foi nese ano o 0,80 % do esforzo total.

Esta é a realidade do libro. Por iso, vendo estas cifras e algunhas outras que poderíamos engadir, poderíamos dicir que hoxe non é mal día para declaralo o Día das letras galegas non impresas, o Día das letras galegas non escritas. O

día en que deberíamos ter unha edición que soportase a nosa lingua e a nosa expresión e que, nembargantes, pouco a pouco imos non ter.

De feito, o Grupo Parlamentario Socialista na Comisión 4ª desta Cámara, con ocasión dunha iniciativa do propio Partido Popular, na que se querían establecer unha serie de actos para homenaxear o poeta Florencio Delgado Gurriarán, nós propuxemos co apoio dos outros grupos a posibilidade, xa que non existe, de que se editara a súa obra completa, mesmo en soporte papel ou en soporte dixital, e contou co apoio de todos os grupos menos do Grupo Parlamentario Popular que apoia ao Goberno. Parece que a edición e o Partido Popular son fronteas opostas, e iso é verdadeiramente grave para Galicia, para a súa lingua e para a capacidade de lectura de todos nós. Non só é incumplir o artigo 2 dunha lei aprobada por este Parlamento, é ademais facer unha política contraria ao desenvolvemento da edición en Galicia.

E para que non se diga que o único que fai a oposición é criticar, nós propoñemos nesta iniciativa que a Xunta de Galicia elabore un plan financeiro, claro, con soporte económico. Xa sabemos que hai crise, pero hai formas de armalo, de argallalo se se ten vontade de facelo, en colaboración con outras administracións públicas. Un plan no que se poida establecer un fondo dedicado exclusivamente a editar libros en galego e a difundilos, en soporte papel ou en soporte dixital; a dar traballo aos creadores de Galicia; a dar traballo a moitas editoriais que están en risco de pechar e que traballan para o mercado galego, pero tamén para o mercado portugués, para o brasileiro, do que falabamos todos por unanimidade onte, tamén para todo ese mercado; a moitísima xente que vive no noso país grazas á lingua. Pero sobre todo, señorías, para que os cidadáns de Galicia poidamos exercer un dereito que é fundamental, que é o dereito á nosa propia cultura, a ter tendencias, movementos, a que Galicia poida estar na vangarda, co apoio por suposto do sector público, apoiando aos creadores cos recursos que temos, si, pero con algúns; non indo cara a atrás progresivamente e de xeito dramático como nos está a dicir e a ensinar ese informe ao que acabo de facer referencia, e que ten outras cifras mesmo todavía moito máis duras.

Porque mentres en Galicia cae a edición en picado, no mesmo período de crise si se mantén a edición en castelán en Galicia. É sorprendente. Mentres no País Vasco e en

Cataluña, a pesar da crise económica, incrementan a súa edición nas linguas propias, en Galicia non somos quen, non digo de incrementar, senón de parar esa sangría cara á nada na que nos encontramos e nos atopamos neste momento.

E se ben é certo, finalmente, que a edición en papel como tal ten un problema no século XXI ante a edición dixital, cando un comproba os datos dese mesmo informe e os datos que pode un consultar tamén nas páxinas que ao servizo de todos os cidadáns pon a Xunta de Galicia, pode comprobar que non hai unha diminución correlativa, é dicir, que non é que se substitúa a edición en papel pola edición dixital; é certo que crece a dixital, pero á custa dunha redución enorme da edición de libro en papel.

Por iso, e concluíndo, o Grupo Parlamentario Socialista propónlle á Xunta de Galicia –e contará con todo o noso apoio e estou convencido tamén de que co apoio do libro e co apoio dos creadores– a creación dun fondo dedicado nestes momentos duros, difíciles para a economía, pero tamén para a cultura de Galicia, que poidan ter atención especial o libro e a lectura. Un fondo que ademais, xa que temos unha lei que lle permite ao Goberno de Galicia coordinar as deputacións, pode coordinar coas catro deputacións provinciais, que tamén dedican fondos estruturais á cultura e tamén á edición. E en troques de facer edicións dispersas, localistas, fagamos uns criterios prioritarios que atendan ás necesidades culturais de Galicia. Sumemos esforzos e, polo tanto, con esa suma de esforzos entre deputacións, Xunta de Galicia e concellos que voluntariamente queiran facelo para ter edicións facer un programa de edicións que sostente un sector creativo que dá moito traballo a moita xente e, ademais, que nos pode a todos permitir seguir disfrutando da lectura na nosa lingua.

Podémolo facer ademais, non para regalar libros, senón para mellorar a nosa rede de bibliotecas, que son bibliotecas públicas de todos e que necesitan tamén poder ter o último na poesía galega, no teatro, poder ter algo que ler e non só edicións vellas e pasadas doutros tempos. E ademais poderíamos con ese fondo ter unha liña de crédito específica, agora que é tan difícil achegarse ao crédito, en troques de dar discriminatoriamente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: ...subvencións a este si e a este non; unha liña compartida de crédito para que as empresas do sector poidan animarse tamén a editar e a publicar en galego.

Esta é a proposta que con ánimo, sinceramente, de poñer de manifesto unha realidade moi preocupante de Galicia, pero que estamos a tempo de entre todos, e con vontade de frear, de axudar á edición do libro, ao sector da edición e, sobre todo, de fomentar a lectura en galego, que é un dos elementos máis importantes que temos como pobo.

Moitas grazas, presidenta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Intervención dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, hoxe vén aquí un debate que ten que ver con cal é a situación crítica que están vivindo diferentes sectores da cultura galega. Evidentemente levamos nestes seis meses, e xa na lexislatura anterior, intentando facerlle chegar ao Goberno unha mensaxe que se escoita fóra, que se escoita dentro, pero que parece que non están en disposición de escoitar, e é que temos un tecido cultural que é importante para vertebrar na base un país, para articular a nosa cultura, que as políticas que se están facendo e os recortes –moi por riba da media do que son os recortes que están levando os orzamentos nesta materia– supoñen un erro estratéxico para Galiza, dado que poden supoñer a desaparición dunha parte de todo ese tecido que se construíu por abaixo con moito esforzo, e que efectivamente isto é un erro histórico.

E non cremos nós que esta situación se poida atribuír única e exclusivamente á crise económica ou á escaseza de recursos; hai con clareza decisións que teñen que ver co ámbito político. Nós cremos que estarían moito mellor investidos os miles de millóns de euros que se están destinando a unha programación que aínda non se lle viu nin-

gunha virtude na Cidade da Cultura, que estarían moito mellor destinados en apoiar todo este tecido cultural, que non é só cultura, que non é só unha maneira de proxectar e de que Galiza teña presenza en todos os ámbitos, senón que tamén é emprego. Porque hai que recordar que o sector editorial galego pois tamén ten un peso moi importante no número de empregos que representa o conxunto da cultura en Galiza. Polo tanto, non é unha cuestión menor.

Hai que lembrar tamén que este foi un sector construído da vontade de moitos galegos e galegas que con grande esforzo hai máis de setenta anos apostaron porque houbera unha industria editorial que lles dera corpo ás letras galegas. Imos celebrar o Día das Letras Galegas e evidentemente todo o sector editorial cumpriu un papel normalizador, que en moitas ocasións mesmo estivo por riba e por diante do papel que cumpriron as institucións. Polo tanto, para nós esta é unha cuestión relevante.

Hai tamén que lembrarlle á Xunta de Galiza que este Parlamento aprobou unha lei no ano 2006. Nós xa sabemos que vostedes ao Goberno bipartito non lle recoñecen absolutamente nada. É máis: mesmo nalgunha ocasión non lle quixeron nin recoñecer lexitimidade democrática. Mais imaxino que vostedes lle recoñecerán a lexitimidade democrática a este Parlamento cando aproba unha lei, e que as leis son de obrigado cumprimento para a Xunta de Galiza neste caso. E a Lei do libro e da lectura establecía mandatos moi claros en relación co apoio que tiña que ter o sector editorial. Porén, todo ficou en letra morta, porque vostedes evidentemente na súa –vou dicilo así– soberbia até pensan en moitas ocasións que están por riba das leis. Nós o que lles dicimos en todo caso é que se non están de acordo con esa lei que a modifiquen, pero non convertan as leis deste Parlamento en letra morta, porque iso é devaluar e inverter o funcionamento do propio sistema democrático.

Polo tanto, para nós neste momento o sector editorial evidentemente necesita de alternativas, porque o Partido Popular teima en dicirnos que están facendo todo o que poden e que o único que se poden facer son recortes. Porén, a realidade di que un goberno, aínda nun momento de dificultade, se ten interese en apoiar un sector que indica ou hai un sector estratéxico declarado por lei, pero aínda que non estivera declarado por lei seguiría sendo estratéxico para o noso sistema cultural, veríamos algunha iniciativa en positi-

vo por parte da Xunta de Galiza. E dóenos comprobar como nestes máis de catro anos que leva gobernando o Partido Popular nin unha soa iniciativa de impulso, só recortes, recortes, recortes e máis recortes, con especial teimosía...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...en todo o que ten que ver coa lingua galega. Aí están os orzamentos, que acreditan que isto que dicimos nós non é unha soflama, é unha realidade que constatan os propios datos da Xunta de Galicia.

Nós imos apoiar esta iniciativa, creo que a Xunta tamén coñece o documento ao que se fixo referencia, que non só analiza cal é a situación do sector, senón que está cheo de propostas que son absolutamente realizables, que só necesitan impulso e apoio político. Pedímoslles que, aínda que hoxe rexeiten esta iniciativa, non lle dean as costas ao sector editorial, porque están vostedes pouco a pouco destruindo o que tantos homes e mulleres construíron neste país durante o franquismo, construíron durante o réxime saído do franquismo...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e vostedes están pisoteando esas ilusións, ese esforzo e tamén o porvir do noso país.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bos días a todos e a todas.

Alternativa Galega de Esquerda vai apoiar a iniciativa que nos presenta o PSdeG porque incide en algo que Alternativa Galega de Esquerda leva denunciando desde que comezamos, e de forma moi especial cando discutimos dos orzamentos do 2013 neste pleno e en comisión, e é que o libro galego e en galego está en perigo. E iso que contamos cunha Lei, a 17/2006, do libro e da lectura de Galicia, que en

teoría debería de promocionar o libro e a lectura en galego (artigo 1) e considerar o libro en galego como identificador de Galicia (artigo 2). Mais coma en todo temos leis para que o Goberno non se aplique en levalas a cabo e en darlles vida, todo o contrario: figuran no caixón dos esquecementos.

Xa tivemos ocasión, cando compareceu o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, na Comisión de Educación e Cultura de denunciar que non existe na Xunta de Galicia unha diagnose clara de cales son os problemas do sector cultural de Galicia, e que polo tanto non tiña ningunha iniciativa en materia de política cultural. O propio secretario actuou máis coma un xestor de eventos ca un secretario de Cultura cunha idea clara de país e de cultura para este país. E o libro galego, o mundo da edición en galego non se libra deste naufraxio.

Un repaso rápido a algunhas cifras recolle ben a dimensión do problema:

Descenso da edición de libros en galego, que supera un 18 %.

A edición pública de libros en galego supuxo só o 9,53 %, a cifra máis baixa nunha década.

Redución das axudas destinadas para que as bibliotecas públicas se poidan nutrir de novidades editoriais, un 60 % ao longo da última lexislatura baixou.

As axudas para os grandes proxectos editoriais e para as traducións viven o seu peor momento. A edición en castelán pola súa banda só diminúe o 0,13 % e en catalán, todo o contrario, aumenta, en Euskadi aumenta, e nós perdemos. Se comparamos os datos do ISBN en relación co número de habitantes, Cataluña segue duplicando a oferta editorial existente en galego.

A redución maniféstase tamén coas axudas para a edición dos materiais didácticos, impresos e dixitais para o sistema educativo non universitario, que no ano 2009 –recordamos– tiña unha axuda superior ao millón de euros, e agora está nos 250.000 euros; neste 2013 un 75 % menos.

A iso temos que engadirlle a perda de postos de traballo. A propia Asociación Galega de Editores manifesta que entre o 2007 e o 2011 se perdeu o 25 % de postos de traballo.

Estas cifras, entre outras que non mencionamos, pero que se poden consultar nos informes que presentou a Asociación Galega de Editores, sinalan que o sector da edición en galego pasa pola crise máis seria da súa historia. O apoio ás industriais culturais, ás bibliotecas e ao fomento da lectura, ás canles de comercialización, ás axudas públicas destinadas a fomentar a existencia da creación e da produción de contidos, así comocomo a divulgación e a proxección desa produción, son imprescindibles para a existencia dun sistema editorial propio. Estamos de acordo en que se poña en marcha ese plan coa máxima urxencia e que se faga coa participación do sector. É o que demanda o artigo 2 da Lei 17/2006 e é o que esixe a Asociación Galega de Editores: a elaboración dun plan estratéxico para o desenvolvemento do libro en Galicia, un plan que debe ter ademais un alcance plurianual.

Recomendámoslle desde Alternativa Galega de Esquerda que a Consellería de Educación e Cultura non sexa soberbia e que lea o informe que a Asociación Galega de Editores lle remitiu...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor RON FERNÁNDEZ: ...e que foi presentado aos catro grupos parlamentarios. Daranse conta de que existen nese informe os datos negativos, pero que tamén existen medidas e alternativas para salvarnos deste naufraxio con base en tres eixes estratéxicos: afianzamento do sector, cohesión social e proxección. E miren vostedes que difícil, simplemente sería facendo que a Lei 17/2006, do libro e da lectura en Galicia, collese vida.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Ron.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Piñeiro Martínez.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: Moitas grazas, presidenta.

Moi bo día, señorías.

Enténdanme ben cando lles diga que é ben certo que non hai peor xordo que o que non quere oír, por algunha das cousas que se escoitou aquí.

Tráese hoxe aquí a debate unha proposición non de lei na que se pide un plan de salvagarda da edición en galego, conferíndolle un carácter prioritario dentro da política cultural contando coas entidades representativas do sector. Ben, sinceramente, señor Caamaño, non teño por que dubidar da boa fe que os move a solicitar de xeito lícito o devandito plan. É máis, o Grupo Parlamentario Popular está totalmente de acordo coa parte resolutiva desta proposición non de lei, non podía ser doutra maneira. O Grupo Parlamentario Popular evidentemente tamén quere que se elabore un plan que fomente o libro e a lectura, tamén quere un plan no que se conte con todos os axentes relevantes para que sexa un proceso do máis participativo –editores, libeiros, distribuidores, bibliotecas escolares, non escolares, etc., todos–; no que se defenda e apoie o importante papel das bibliotecas como elementos dinamizadores, claro que si; no que se axude e fomente a edición de libros en galego, tamén de acordo, claro que si. Claro que estamos de acordo o Grupo Parlamentario Popular, o Goberno galego, o conselleiro de Cultura e o propio secretario xeral. Pero resulta que ese plan que vostedes piden na data do 18 de abril de 2013, que é cando se rexistra esta proposición non de lei, ese plan xa foi anunciado nesta Cámara polo conselleiro de Cultura no debate de orzamentos o 14 de xaneiro. Reiterouno o 13 de marzo en comparecencia nesta Cámara e reiterouno o secretario xeral de Cultura na Comisión 4ª; por certo, atendendo tamén a demanda do que nos dá o programa electoral do Partido Popular, onde ía incluído este Plan director do libro. Por iso digo que non hai máis xordo que o que non quere oír ou o que non atende cando o Goberno comparece nesta Cámara.

Iso si, vostedes cámbianlle o nome, chámamlle plan de salvagarda, pero sinceramente vénlles ser a mesma cousa. Logo, señorías, haberá Plan director do libro, pero a iniciativa do Goberno galego que, síntoo, pero adiantóuselles, o Goberno galego adiantóuselles. Un plan que habería aínda que vostedes non presentaran esta iniciativa. E haberá plan do libro porque para este Goberno o sector do libro en Galicia é unha das prioridades en materia cultural. E así o vén demostrando con feitos, e os feitos están aí: 800.000 euros desde a Secretaría Xeral de Cultura para a promoción da industria editorial; coa presenza nas citas internacionais esenciais para o sector para impulsar a competitividade da literatura galega no mercado exterior, indo á Feira do Libro Infantil de Boloña, ás feiras do libro a Guadalajara, a Buenos Aires e Frankfurt –iso si, a Cuba non imos ir–; cun con-

venio de colaboración coa Federación de Libreiros para potenciar as feiras do libro en Galicia, que este ano aumentará en catro as citas chegando a un total de once.

En canto ás liñas de actuación que propón, señor Caamaño, a primeira saben vostedes que xa hai un fondo de apoio ao libro e á lectura, así como plans de fomento da lectura. E no punto dous, que nos fala da mellora da Rede bibliotecaria de Galicia, especialmente da rede de bibliotecas escolares, tamén hai un programa de apoio ás bibliotecas escolares, nodais e municipais, e mesmo se prevé que neste plan tamén se siga nese camiño. No punto tres fala da creación dunha liña de crédito. Ben, as empresas editoriais, señorías, xa están recibindo axudas e subvencións para editar as obras en galego a través de adquisición de novidades editoriais,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora PIÑEIRO MARTÍNEZ: ...axudas á tradución, etc.

Señorías, desde o Grupo Parlamentario Popular o noso máis firme apoio ao Goberno galego e aos seus responsables culturais para que continúen traballando nestes momentos complicados a prol do mundo do libro en Galicia e en galego.

Insisto: haberá Plan director do libro pero a iniciativa do Goberno galego, haberíao aínda que vostedes non presentaran esta iniciativa. Logo, comprenderán que non imos votar algo que xa está practicamente en marcha.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Caamaño Domínguez.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Moitísimas grazas, presidenta.

Só para agradecer aos grupos parlamentarios do BNG e de AGE o seu apoio a esta iniciativa, e tamén para dicir que o que é bastante incomprensible é que levan facendo toda a pasada lexislatura os mesmos plans, pero as cifras van en

dirección contraria. Cantos máis plans fan de apoio á lectura, de apoio á edición e de apoio ao libro, menos libros e menos lectura podemos ter en galego. Eu lamento moitísimo que as cifras traizen a aparente boa xestión da Xunta de Galicia.

Pero non podemos estar a enganarnos a nós mesmos, porque non é a crise ou non é só a crise, é a vontade política de querer coordinarse con todas as administracións, cousa que a min non me consta que exista neste momento en Galicia, e séguese editando sen un plan de prioridades editoriais. Cando hai momentos de esforzos debe de fálarse, e a Xunta pode facelo porque hai unha lei de coordinación e, polo tanto, ten esa capacidade para poder facelo e que non se fagan plans de edicións por separado cos mesmos recursos públicos. Polo tanto, queda un espazo claro para coordinar que non se está a utilizar. E, lamentablemente, se se están a facer todos eses plans, que, por certo, ningún negará que cada ano teñen menos recursos debido ás limitacións orzamentarias que no caso da cultura son dramáticas, absolutamente dramáticas, porque todo se vai á Cidade da Cultura, unha gran parte do presuposto; sendo isto así, se a falta de coordinación do aproveitamento dos instrumentos públicos que temos para potenciar o sector seguimos con políticas de planificación equivocadas, como é dar axudas por vía de subvencións, en troques de facelo a través dunha liña de crédito para que teñan a capacidade directa de poder acceder ao financiamento para editar as empresas do sector, e en troques de manter prioridades editoriais aproveitando feitos, datas simbólicas, para poder aportar e fomentar de paso a lectura –que é tamén do que se trata en Galicia– e cando temos esa ocasión, vén o Grupo Parlamentario Popular e di que editar a obra completa dun poeta non se debe de facer,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: ...pois é unha forma ben difícil de explicarlle a Galicia, a unha persoa que non sexa nin coñeza a obra deste poeta ao que facía referencia antes, é ben difícil dicirlle que a Xunta de Galicia e o Partido Popular non consideran oportuno, non está dentro dos seus plans de apoio á lectura, que os cidadáns de Galicia poidan coñecer a obra poética de quen os ourensáns a coñecen moito mellor pero non o resto dos galegos. Aproveitemos todo iso para planificar.

E era unha iniciativa do propio Grupo Parlamentario Popular, por iso que é verdadeiramente sorprendente o discurso que aquí se fai. Xa o facemos, o que ocorre é que é como se non fixeramos nada. Eu propóñoalles que, por favor, fagan algo en serio porque cada día hai menos libros e, como digo, non me gustaría que dous días antes do Día das Letras Galegas empezásemos a ter todos que pensar que é o Día das letras galegas non escritas.

Moitas grazas, presidenta. *(Aplausos.)*

Votación das proposicións non de lei

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pasamos á votación das proposicións non de lei.

Pechamos as portas.

Comezamos coa primeira das proposicións, do Grupo Parlamentario de Alternativa Galega, por iniciativa do señor Vázquez Díaz, que dixo que aceptaba as emendas tanto de adición do Bloque Nacionalista Galego como de modificación do Grupo Socialista. Polo tanto, votamos a proposición con estas emendas. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Ramón Vázquez Díaz, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos concertos educativos establecidos cos centros privados de ensino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa do señor Santalices, que non acepta as emendas presentadas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Miguel Santalices Vieira e seis

deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para garantir a construción do novo hospital público na área sanitaria de Vigo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Román Rodríguez, que coído que non acepta as emendas presentadas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Román Rodríguez González e dous deputados máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de política lingüística.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa do señor Sánchez, que me di que hai unha transacción cunha emenda presentada polo Grupo Popular.

¿Dá lectura vostede á transacción? ¿Que é o que se modifica en relación coa iniciativa inicial?

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Só se modifica un parágrafo antes da proposición das medidas que di o seguinte: “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a crear un grupo de traballo coa participación dos grupos parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia e da Consellería do Medio Rural e do Mar, para implementar, mellorar e perfeccionar as seguintes medidas de fomento da incorporación de mozos e mozas á actividade agraria para o ano 2014”.

A señora PRESIDENTA: Ben, moitas grazas.

Entón votamos a iniciativa coa transacción tal e como foi presentada e lida polo señor Sánchez. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as medidas que debe implementar o Goberno galego para o fomento da incorporación de persoas mozas á actividade agraria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 64; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Prado Cores, á que non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Real decreto lei 4/2013, do 22 de febreiro, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor Docasar, que acepta a emenda do Bloque Nacionalista Galego. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Vicente Docasar Docasar e dous deputados máis, sobre a

actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei orgánica de mellora da calidade educativa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: Votamos a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Adán Villamarín, que xa dixo que aceptaba a emenda socialista. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María do Carme Adán Villamarín e tres deputados máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co Anteproxecto de lei de modificación da Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e a súa aplicación en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

A señora PRESIDENTA: E votamos, por último, a proposición do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do señor Caamaño, á que non se presentaron emendas. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Francisco Caamaño Domínguez e dous deputados máis, sobre a elaboración e a presentación polo Goberno galego dun plan de salvagarda da edición do libro en galego.

Efectuada a votación deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta iniciativa.

Declaración institucional

A señora PRESIDENTA: Antes de continuar coa orde do día, dicir que os grupos parlamentarios me fixeron chegar unha declaración institucional á que vou dar lectura:

“Este 15 de maio, aniversario do comezo do éxodo do pobo palestino, o Parlamento de Galicia reclama da comunidade internacional que esixa a Israel:

O cumprimento das resolucións das Nacións Unidas.

O respecto absoluto dos dereitos humanos de palestinas e palestinos.

O respecto absoluto dos dereitos colectivos do pobo palestino.

O recoñecemento do dereito ao retorno das persoas e comunidades ás terras e casas das que foron expulsadas.

Manifestamos o noso máis firme compromiso cos dereitos inalienábeis da persoa, coa liberdade e co máis pleno respecto á dignidade humana.

O Parlamento de Galicia non escatimará esforzos en contribuír desde Galicia a construír unha orde internacional xusta baixo o respaldo da legalidade internacional, un mundo no que a forza fiquese sempre sometida ao dereito.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2013”. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Continuamos, pois, coa orde do día, co punto cinco, de interpelacións.

Interpelación de D. Pablo García García e dous deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións do Goberno galego sobre a campaña de prevención e extinción de incendios para o ano 2013

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a interpelación don Pablo García García.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Bos días de novo a todos e todas, señorías.

Señora conselleira, vaia por diante que esta interpelación cando no mes de marzo eu a rexistrei, os compañeiros a rexistramos, eu dende logo non pensaba que de ningunha maneira a mediados de maio, case finais, puidese ter a máis mínima vixencia e que a conselleira neses dous meses que van de marzo a maio ía despxear e ía resolver todas esas preguntas, e ía ter eu todas as respostas aclaradas a estas alturas do tempo con respecto ao dispositivo de extinción e prevención de incendios para esta campaña. Dúbdas –e quero empezar por aí– que baixo ningún concepto poden ser consideradas como desexos de que esa campaña de verán, e polo tanto de posibles incendios, sexa mala non para a Xunta de Galicia, non para vostede como conselleira, non para o Goberno, senón para este país.

E quero tamén facer miñas as palabras que onte o señor Calviño, o deputado Calviño fixo, e eu tamén as fago miñas no sentido de que nunca vai estar neste deputado nin nos socialistas, pois para nós os incendios son sempre unha mala noticia e non son bos para ninguén, e, polo tanto, eu nunca lle arroxearei hectáreas a vostede á cabeza e moito menos –que oxalá non ocorra– ningún tipo de desgraza persoal. Pero é verdade que aquí cada un fixo o que fixo e dixo o que dixo, e dixéronse cousas, e non foi precisamente do Partido Socialista, e arroxáronse cousas, e non foi precisamente o Partido Socialista, e hoxe están en cargos de responsabilidade, en delegacións nas provincias. E tamén cada un temos as fotos que temos, e o propio presidente da Xunta ten a foto que ten aínda que renegue absolutamente de todas as fotos.

Señora conselleira, onte creo que recibimos a comunicación de que pedía vostede comparecer –imaxínome que no vindeiro pleno nesta Cámara– para presentar o Pladiga. Sinceramente, creo que cando menos é un risco demasiado alto, non vou cualificalo de temeridade, pero que apenas como sabe tivemos unha semana de moi bo tempo e despois do inverno que nos precedeu xa houbo pequenos incendios e se isto non fose así, se esta semana non viñera mal, se non empeorara o tempo, posiblemente cando vostede chegara aquí co Pladiga pois seguramente chegaría tarde.

Empezo pola primeira pregunta: señora conselleira, ¿cal é o motivo que eu non logro adiviñar de por que o Pladiga

non se presenta no mes de xaneiro como reiteradamente ano tras ano todos os pertencentes ao sector de extinción de incendios e de prevención de incendios e os grupos políticos reclaman? Non adiviño a ver cal é o motivo. Só pode haber unha explicación baixo o meu punto de vista, que é que vostede e este Goberno non cren na prevención de incendios no sentido de prevención; non pensan que sexa útil, seguramente como mal menor –non vou entrar noutras consideracións, que serían máis graves e serían máis mal pensados, e eu non son unha persoa que sexa mal pensada nin moito menos–, e como xa lle digo non pensa que a prevención sexa o suficientemente quizás eficaz ou quizás útil. Non o fai vostede na vertente que eu tamén xa lle teño manifestado de considerar a prevención máis importante a máis barata, a máis eficaz e a mellor, de considerar a prevención baseada na actividade agrícola e na gandeira, e non o considera tampouco no persoal que ten a Xunta de Galicia para estes efectos.

Porque, señora conselleira, ¿que plan de prevención fixeron para as mil persoas que están contratadas pola Xunta de Galicia para isto? E non é culpa desas mil persoas, que teñen a mellor das vontades seguramente para traballar. ¿Cal foi o plan que se levou a cabo? Non existiu ese plan de prevención. ¿Cal foi concretamente? ¿Facer queimas controladas para despois imputarlhas como hectáreas a ese plan de prevención? Por certo, algunhas non tan incontroladas, porque, claro, como non temos o persoal contratado e temos as vacantes sen cubrir, pois había falta de persoal para controlar a propia queima controlada que facía o propio persoal da Xunta de Galicia. ¿Ir limparlle a finca a un membro próximo ao Partido Popular de Ourense ao seu chalé? Se a brigada do meu pobo, señora conselleira, hai seis meses que non pode facer nada porque non ten cartos para pagar as limas na ferretería –que, por certo, é de meu primo–, e desde hai seis meses dinlle que non lle serven limas. E cando chamaron á consellería a resposta que lle dixeron foi: buscade unha ferretería lonxe onde non vos coñezan a ver se vos fían. Ese é o plan de prevención que vimos levando (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), non se fan limpeza, non se fan cortalumes, non se limpan as pistas. Polo tanto, agora cando teñamos que acudir aos incendios teremos dificultades.

Señora conselleira, temos xa preto de mil persoas ou mil persoas desaproveitadas durante moito tempo e sen que ata

o de agora teñamos un plan xeral. Por certo, co mesmo director xeral dos últimos vinte anos. Eu cando era pequeno xa vía no helicóptero ao mesmo director xeral. Non pensaba eu que despois lle ía ter que preguntar ao director xeral como tiña planificado isto e dicía que case o collía de sorpresa. É dicir: pero ¡home! se eu xa te vía cando eu era pequeniño nisto dos incendios.

¿Cal é a finalidade do convenio que vai agora propoñerlle asinar aos concellos? No mes de maio todavía estamos presentándolle e debatendo con eles para facer, en teoría, prevención de incendios no mes de xullo. Señora conselleira, parécenos que non é serio. ¿Cal é a finalidade? ¿Estamos desviando fondos de extinción de incendios para substituír os antigos Grumir aos concellos? ¿Imos disfrazar os antigos Grumir para loitar contra o lume? ¿Vai querer botarlles a culpa aos concellos galegos agora mediante este convenio de que non se fixo a prevención axeitada, algo que é responsabilidade exclusiva da consellería que vostede preside? ¿Están en disposición os concellos de pagar e de asumir o 25 % do que custan eses traballadores, tal e como teñen as arcas os nosos concellos? ¿Quen vai pagar os gastos de desbroce, de maquinaria, de gasóleo, desprazamentos? ¿Quen en teoría vai facer eses traballos neses concellos? ¿O propio concello vai ter capacidade de asumir iso? Dun persoal que ademais vai ter que estar á disposición para a extinción de incendios permanentemente, ¿vai estar este persoal suficientemente cualificado para facer iso? ¿Se pasa unha desgraza persoal ímoslle tamén botar a culpa ao alcalde de turno por ter contratado a esa persoa?

Señora, estes son os consellos que lles fan os técnicos que lles van explicar isto aos responsables dos concellos. ¿E sabe vostede o que lles din eses responsables da Administración aos responsables dos concellos? Que non o saben, que van mirar, que van consultar e que terán outra próxima reunión.

Señora conselleira, ¿vostede considera normal adxudicar 12 millóns de euros mediante o procedemento de negociado sen publicidade como fixo cunha empresa? ¿Considera isto o normal e o habitual como vén facendo ademais nos últimos anos? ¿O adalid da transparencia e o modelo de transparencia é este do señor Feijóo, que tanto promulga e hoxe mesmo á mañá aquí reiterou, ao contratar nada menos que 12 millóns de euros desta maneira?

Señora conselleira, ¿vostede considera normal adquirir 132 vehículos que nos custan 687 euros cada vehículo cada mes e que eses vehículos non cumpran nin o prego de condicións nin a normativa vixente? ¿Considera vostede normal, señora conselleira, que tiveran que pasar eses vehículos un a un por un taller de Lalín a reparar para poñerlle un plástico no radiador, porque loxicamente eses vehículos non están especializados para achegarse ao lume? E agora unha segunda vez que teñan que pasar, porque a ninguén se lle acordou que neses vehículos ían bombeiros e persoas que ían loitar contra o lume e, polo tanto, tiñan que levar ferramentas e tiñan que levar un equipo e non tiñan onde os meter. E o que lle colocan é un portamaletas como o que teño eu para ir de vacacións de plástico, para que no mes de xullo ou de agosto teñan que ir a un incendio. ¿Considera vostede normal todo isto, señora conselleira?

¿Sabe, señora conselleira, que neste momento hai moitas brigadas que só teñen un membro e, polo tanto, son totalmente inoperativas? ¿Cal é o motivo de verdade da fragmentación do servizo de extinción de incendios? ¿Cal é o motivo de que teñamos, posto que non se entremezclan entre si, persoal da Xunta, persoal do Seaga, persoal de Natutecnia, persoal da UME —no caso de que veña— e agora persoal dos concellos?

¿Por que tendo un 30 % das vacantes do persoal fixo discontinuo sen cubrir e todo elo sen contratar no día de hoxe —e, polo tanto, por iso non puido haber prevención e agora imos ter dificultades para facer extinción—, por que estando todo ese persoal sen contratar e sen cubrir temos que pagarlle...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando por favor, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...—creo que me queda un minuto aínda— temos que pagarlle a unha empresa privada para que contrate persoal?

Estas son as preguntas que todo o mundo se fai.

Señora conselleira, ¿por que Natutecnia non contrata absolutamente a ningunha persoa que teña experiencia? ¿Cal é o motivo? ¿Cal é o motivo de que todas as persoas que contratou na pasada campaña Natutecnia non haxa unha soa

que tivera experiencia? E neste ano van ser as probas dentro duns días aí no Sar, veremos cal é o resultado. Ao mellor este ano contratan a algunha porque todos aqueles que se están presentando están eliminando do currículo toda a experiencia que tiñan contra incendios, porque se non saben que Natutecnia non os vai contratar. Polo tanto, ao mellor este ano cólase algún. ¿Pero cal é o motivo de por que Natutecnia poñía como condición indispensable non ter traballado nunca na extinción de incendios?

Señora conselleira, ¿por que desmantelaron as brigadas de investigación de incendios forestais? ¿Por que eliminaron as casetas de vixilancia no monte e, polo tanto,...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

Moitas grazas.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...o servizo é máis retardado.

Señora conselleira, –remato...

A señora PRESIDENTA: Señor García...

O señor GARCÍA GARCÍA: ...señora presidenta–.

A señora PRESIDENTA: Señor García, nas interpelacións o tempo remata como coas preguntas e xa se pasou vostede.

O señor GARCÍA GARCÍA: Simplemente contéstenos a estas preguntas e reincido no do ánimo de que preguntar non é mal pensar. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Señora conselleira ten a palabra.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor García, facía vostede referencia na breve exposición de motivos da súa interpelación sobre a falla de información desta consellería acerca do que tiñamos previsto abordar na loita contra os incendios forestais. Creo que é

necesario recordar que esta que lles fala compareceu diante deste Pleno e tamén na Comisión 3ª para dar conta das liñas que lle deben marcar as accións desta consellería, fundamentalmente no servizo de loita contra incendios. Daquela apuntaba que nós queríamos mellorar o servizo de prevención e, polo tanto, achegabamos máis de 140 millóns de euros en tratamentos silvícolas preventivos e infraestruturas de servizos nos montes, e facía explícito un compromiso que se asentaba na blindaxe dun aspecto básico ao meu entender, que é o operativo contra os incendios forestais. Para tal fin entendía que debemos traballar nunha dobre vertente: en cortar as perdas polo lume e en facer máis eficientes e mino- rar os custos por extinguir os incendios.

Galicia non pode ser referente nin ser noticia polos lumes nos seus montes, e por iso fundamentándose nun acordo amplo sobre esta vía de acción propoñiamos avanzar en tres camiños de futuro: o primeiro, coordinación e apoio entre as administracións, especialmente coas municipais; o segundo, a profesionalización do dispositivo contra incendios, e o terceiro, na mellora da concienciación e disuasión mediante a aplicación de medidas punitivas firmes e da disposición de medios como a videovixilancia nos nosos montes. Na implementación destas liñas entramos de cheo nestes meses de preparación da campaña, aínda que somos conscientes de que o seu sostemento e afianzamento de cara ao futuro son os únicos vieiros que nos deben levar a trocar de xeito efectivo a nosa forma de combater esta lacra.

Atendendo á primeira das liñas de traballo que pretendemos poñer en marcha nesta campaña, sabemos que o papel dos concellos na prevención e defensa contra os incendios forestais se considera moi importante para garantir o éxito do dispositivo, xa que non hai ninguén máis que a Administración que está máis pegada ao territorio para coñecer as súas necesidades. Xa que logo, coordinar, colaborar e apoiar as accións de prevención e extinción de incendios que poidan desenvolver as administracións municipais son un eixe fundamental que se revitaliza a petición da maioría dos alcaldes e alcaldesas. Neste senso, pretendemos poñer á disposición dos concellos, a través dos pertinentes convenios, o apoio económico que permitirá aos municipios poñer en marcha brigadas complementarias de prevención e defensa contra os incendios forestais durante os meses de verán.

A través destes convenios permitirase a contratación de entre catro e seis persoas para cada brigada, tendo en conta que estes equipos humanos e materiais serán subvencionados pola Consellería do Medio Rural e do Mar, tendo que aportar o municipio un máximo do 25 % do seu custo. Os concellos que asumen esta iniciativa comprometeranse a preparar faixas de xestión da biomasa en terreos forestais de titularidade municipal ou de propietarios descoñecidos, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible a súa mecanización.

Neste senso, estes traballos consistirán na posta en marcha da roza manual, rareo e eliminación de restos nun mínimo de cinco hectáreas durante os tres meses do operativo destas brigadas, co obxectivo de levar a cabo estes labores de prevención. O resto das actuacións das que se farán cargo estes equipos serán labores de vixilancia e extinción e que serán concretados polo responsable do distrito forestal correspondente, baixo o mando único descrito no Plan de defensa e incendios de Galicia, e executaranse tanto dentro do ámbito municipal como en caso de necesidade noutros puntos do distrito.

Estas brigadas sumaranse ao operativo de verán cos medios propios da Administración autonómica e coa posta en marcha doutros dous convenios para a realización de tratamentos de prevención en vías municipais e para o mantemento das motobombas para a actuación ante os incendios. Neste senso, e alén de atender esta vía xa establecida de apoio aos concellos, pretendemos tamén facer no marco do PDRS un esforzo inversor importante que permitirá renovar as motobombas dun alto número de concellos de Galicia e mellorar así a súa capacidade de resposta fronte ao lume.

Do mesmo xeito, tamén estaremos desenvolvendo proxectos piloto para apoiar e colaborar coas entidades municipais para desenvolver os seus plans contra incendios, en aplicación da normativa de incendios, e que permitirá apegar ao terreo e focalizar con maior precisión as necesidades de prevención e defensa fronte aos incendios forestais. Ademais, hai que ter en conta que a Xunta de Galicia colabora activamente e xunto coas deputacións provinciais e a Fegamp cos concellos tamén para a través dos convenios a posta en marcha dos grupos de emerxencia supramunicipal. Hai que recordar que, ademais de intervir en emerxencias e incendios urbanos, estes grupos tamén o farán en incendios

forestais; un traballo conxunto que se viña desenvolvendo cos municipios nos últimos anos e que agora se verá redobrado, posto que tamén colaborarán en labores forestais preventivos.

Como vostede comprenderá e atendendo a súa última pregunta, estamos en contacto cos concellos a través dos servizos provinciais e dos responsables dos distritos forestais para dar conta destas propostas e das súas condicións, celebrando xuntanzas informativas ao longo dos dezanove distritos.

No mesmo senso, creo que non é preciso recordar, xa que se fai evidente, que todos os mecanismos de coordinación no despregue de actuación destes medios e na racionalización das tarefas de prevención son contemplados no Plan de prevención de defensa de incendios forestais (Pladiga) para o ano 2013 que se está a finalizar. E, ademais, quero deixar claro que unha vez que se culmine a estruturación do operativo e se concrete de xeito definitivo o desenvolvemento dos mecanismos de coordinación que neste momento se está a avanzar dentro do Pladiga daremos conta a este Parlamento dos mesmos.

Non quixera rematar sen chamar de novo —e véñoo repetindo como vostede facía cada vez que veño a esta Cámara e cada vez que teño oportunidade de falar de incendios forestais— a un consenso que nos leve a apartar este asunto da axenda política por unha dobre vertente: a de conseguir que os incendios deixen de ser unha constante que arruína os nosos montes e mina a nosa economía pública, polo gasto, e privada, polos danos, e a de evitar as disputas e debates políticos partidarios, lícitos e democráticos, e que acaben xerando unha auténtica economía do lume en termos de réditos políticos, que só dan alas a quen planta o lume.

Sei que contra quen planta o lume, contra quen quere privar do futuro ambiental, social e económico o noso monte, o noso eido forestal, estamos todas e todos os que aquí estamos presentes, e estou segura de que moitos máis tamén dos que están fóra deste hemisferio. Da parte que poñamos en evitar esta lacra depende o porvir de Galicia, sei que estaremos todos á altura.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica. Don Pablo García García, Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra.

O señor GARCÍA GARCÍA: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, díxenllo e empecei por aí: consenso, perfecto. Poñémonos de acordo en tres, catro cousas e aceptamos o consenso: contratación de todo o persoal a través dos mecanismos que ten a Xunta de Galicia, de listas oficiais e do procedemento que estaba establecido; transparencia na información que haxa sobre todos os incendios –se non imos facer lío, e eu xa lle dixen que non lle ía arroxar as hectáreas–, que sexa transparente a información que dan dos incendios, puntual e veraz; transparencia na contratación dos medios que sexan necesarios –e repítolle o de antes que non me contestou: como é lóxico non contratemos uns coches e alquilemos uns coches que nin cumpren a normativa nin cumpren o prego de condicións–; poñámonos de acordo no funcionamento, vostede non pode ofrecer un funcionamento que xa ten resolto, concedido, feito co Pladiga a elaborar, vénnolo presentar e buscar o acordo. Independentemente de que eu non renuncio á máxima de que isto non vai ser unha arma arroxadiza, pero vostede ten que gobernar e eu teño que facer a oposición e, polo tanto, teño que manifestalo.

Señora conselleira, non me contestou a nada case –tam pouco o esperaba sinceramente, xa me ten acostumado– do que lle preguntei. Polo tanto, vou intentar contestarme eu. Señora conselleira, como lle dixen non existe prevención por unha cousa moi clara, porque vostedes non consideran que a prevención sexa o suficientemente eficaz e o suficientemente útil e punto. E non nos parece ben. Pero, por que non dicilo así, polo tanto non elaboran o plan de prevención, non invisten en prevención porque consideran que non é útil nin que iso resolve problemas. E, seguramente, porque no mes de febreiro a tele non sabe se vai haber incendios ou non en agosto. Polo tanto, non é un tema que importe. E a prevención faise no mes de febreiro, non no mes de xullo e agosto, cando pretenden agora empacararlles o problema aos concellos. Nos mes de xullo e agosto, facer prevención, ¡por favor, señora conselleira!

Señora conselleira, non me contestou a por que temos que fragmentar a contratación do persoal, nin a cal é o motivo. Non é que sexa máis barato, sae máis caro, e vostedes sábano. A nós, aos galegos e galegas, a vostede, aos deputa-

dos, a todos os cidadáns cústanos máis a xente que vostede contrata a través de Natutecnia que os da Xunta. E iso dino vostedes nos informes que fan para cando hai que mandar a un xulgado os gastos dun incendio provocado, e dino e recoñéceno claramente de que custa máis o persoal de Natutecnia que o seu propio. Polo tanto, ¿por que tendo vacantes os nosos propios temos que contratar os de Natutecnia?

Señora conselleira, ¿como vai facer consenso facendo estas cousas? Poñámonos de acordo niso e acadaremos sen dúbida ningunha o consenso, e vostede sabe que iso é así.

Señora conselleira, en definitiva, non acabamos de entender ou non acaban de entender, porque –repito– parece como que este ano, o ano pasado, a todos nos parece o ano que pasou no incendio das Fragas do Eume, volvemos ao de antes o que eu dicía de transparencia de información, temos un esquema, hai un incendio, isto é un drama, imos alí, prometemos un plan de rexeneración, que vostede foi; non hai plan de rexeneración nin de nada, dicimos que houbo un desalmado que lle prendeu lume, que por suposto que hai desalmados que prenden lume, e iso é contra o que temos que loitar todos, unírnos todos e poñernos detrás, aínda que despois quince días ou vinte días cando saia a intervención ou cando saian as investigacións conclúan que para nada houbo intencionalidade e que para nada foi un desalmado, pero xa dá igual. E seguimos usando o mesmo esquema durante os últimos vinte anos. É verdade que vostede non leva tanto, pero é o mesmo esquema. E non é por incidir nin por meter o dedo na chaga: ademais levamos o mesmo director xeral durante os últimos vinte anos coa mesma planificación.

E a mediados de maio vénnos falar de que están acabando de elaborar o plan que en teoría vai previr os incendios deste ano. ¡Como se este ano fose o primeiro ano que nos plantexásemos isto de que hai incendios neste país! ¿Que modelo de extinción de incendios quere vostede, o de Asturias ou o de Castilla-León, señora conselleira? Creo que nos parecemos bastante máis a Asturias que a Castilla-León. Vostede está optando polo modelo de Castilla-León totalmente privatizado, e cara a aí vai.

E, polo tanto, esas son as cousas que se quere consenso nos temos que poñer de acordo. Como lle dicían aquí antes noutra intervención, o consenso non é que nós sigamos facendo o que vostede queira. Para haber consenso sente-

mos, pactemos, que son fáciles de pactar, cinco parámetros e quitemos este tema do medio, que é máis cómodo para vostede e para min, porque eu non estou disposto a ir cos náuticos apagar o lume no mes de agosto.

Polo tanto, señora conselleira, esperamos que o tempo, sobre todo, porque por desgraza como non acabamos de ter conciencia de que os incendios ademais dun drama medioambiental, ademais dun drama paisaxístico, é un drama tremendamente económico, esperamos que o ano sexa benévolo.

Pero é que está vostede sentada sobre unha bomba, señora conselleira, e eu non vou prenderlle o lume a esa bomba, pero é que non a podo sacar da bomba. Sobre a bomba, unha actuación que veu levando nos últimos e neste último ano...

A señora PRESIDENTA: Moias grazas, señor García.

O señor GARCÍA GARCÍA: ...sentou vostede.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor García.

Ten a palabra para pechar o debate a señora conselleira do Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías.

Señor García, a verdade é que vostede di unha cousa e a súa contraria, e iso é bastante difícil de contestar. Vostede plantéxame a min por que non veño aquí presentar o Pladiga no mes de xaneiro. É que se pode dicir: no ano 2007, ¿cando se aprobou o Pladiga? O 24 de maio; e no ano 2008 o 18 de maio. É así, é cando se fai.

Pero, mire, vostede por dicir di que temos vacantes sen cubrir. Eu pódolle dicir que de 1.900 persoas, 1.902 para ser exactos, que existen neste momento hai aproximadamente 130 prazas sen cubrir, que no momento en que se finalice o concurso de contratados laborais se van cubrir todas antes de que empece a campaña de extinción de incendios.

Vostede di que estou sentada sobre unha bomba, estarei-no, non sei se me vai estalar ou non. Eu o que lle estou a dicir é que en todo momento, todos os días estamos a traballar para evitar esa bomba precisamente. Nós o que quere-mos é facer os montes produtivos, e estamos facendo todo o que cremos necesario para que iso sexa así.

E vostede dime que non hai información, que están agora informando aos concellos. Mire, é que nós somos tan claros e tan transparentes que xa o dicíamos cando aprobabamos a Lei de montes, e non ten vostede máis que revisar a Lei de montes, e mire vostede o artigo 8 e o artigo 59 desa lei e o que din é que a Administración da Xunta de Galicia colaborará cos municipios para loitar na prevención dos incendios forestais. E iso é sencillamente o que estamos a facer. E estamos a facer un paquete de convenios con todos os concellos de Galicia e estase explicando cal é a nosa maneira de entender a prevención, e xa digo que a maioría dos alcaldes e das alcaldesas están dicindo que estamos acertando.

Eu, sinceramente, o único que lle vou dicir é que non vou nin tirar hectáreas para arriba, hectáreas para abaixo, organización, coordinación e non sei que. Nós o único que estamos intentando é traballar coa absoluta transparencia en canto ás hectáreas, en canto ao número de incendios, en todo transparencia absoluta e total e coordinación absoluta e total con todos e cada un dos municipios. Entendemos que a sociedade de Galicia é o que espera de todos nós, e nós nesa liña imos traballar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Suspendemos a sesión ata esta tarde ás dezaseis quince, catro e cuarto.

Moitas grazas e boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e dezaseis minutos.

A señora PRESIDENTA: Vaian ocupando os seus escanos.

Reiniciamos a sesión coa continuación do punto cinco, de interpelacións.

Interpelación do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, por iniciativa de D^a María Consuelo Martínez García, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas cámaras de comercio e, en concreto, coa de Pontevedra

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Boa tarde a todas e a todos, e un saúdo para os traballadores da Cámara de Comercio que están presentes nesta sesión.

O motivo desta interpelación é a denuncia presentada por estes traballadores da Cámara de Comercio de Pontevedra sobre o incumprimento da normativa cameral, denunciado ante a propia Xunta e ante as autoridades xudiciais, pola concesión de subvencións e axudas de forma irregular que proveñen da propia Xunta e do Fondo Social Europeo, así como o incumprimento en materia de contratación na organización de eventos feirais.

A Dirección Xeral da Consellería de Industria, no segundo trimestre do 2011, creou unha comisión para o estudo do futuro das cámaras de comercio de Galicia. Desta comisión, formada por oito membros, resultaron imputados polos tribunais de Xustiza catro dos oito, dous representantes da consellería e dous representantes dos secretarios e directores. Evidentemente non se realizou ningún estudo. A Asociación de empregados das cámaras galegas reuniuse coa directora xeral no ano 2011 para denunciar a situación anómala que se estaba a dar nas cámaras de comercio de Galicia e de Pontevedra en concreto. Os empregados da Cámara de Comercio de Pontevedra que denunciaron esta situación irregular foron despedidos co beneplácito da Xunta de Galicia, quen na súa coñecida hipocrísia política e falta de ética anuncia nesta Cámara unha loita contra a corrupción e a favor da transparencia, pero desampara a quen denuncia a corrupción, o cal me leva a preguntarme se foi a propia Consellería de Industria quen deu o chivatazo á cámara de cales eran os traballadores que denunciaron as irregularidades para que puideran ser despedidos, e así calar a boca matando o mensaxeiro en vez de solucionar a corrupción.

O 19 de decembro de 2012 os empregados da Cámara de Pontevedra remiten un escrito á Consellería de Industria denunciando as ditas irregularidades e incidindo en que

deben tomarse por parte da Xunta as accións pertinentes para solucionar esta situación que outorga diñeiro de forma irregular a determinadas empresas e sobre a non-actuación da Xunta ante os despedimentos destes traballadores. Ademais, a Xunta tamén está recoñecendo como interlocutores a empresarios que non forman parte da Cámara de Pontevedra, non sendo electores e, polo tanto, non podendo ser elixibles, xa que dende o ano 2011 cambiou a lexislación e os membros da Cámara teñen que adscribirse individual e persoalmente para ser membros da mesma.

Ante a inacción da consellería, os traballadores da cámara de comercio presentan o 28 de decembro de 2012 unha denuncia ante o Xulgado de garda de Pontevedra por un delito de fraude, tráfico de influencias, usurpación de funcións públicas e falsidade documental contra a secretaria da cámara e oito membros do comité executivo da mesma. O 2 de xaneiro de 2013 o Ministerio Fiscal decide abrir dilixencias contra estas mesmas persoas: a secretaria xeral da cámara e os membros do comité executivo. O 30 de xaneiro, mediante escrito ao conselleiro de Industria e ao secretario xeral técnico, solicitan información da denuncia presentada ante este organismo polos traballadores o día 19 de decembro de 2012. O 12 de febreiro de 2013 a Fiscalía dirixese á cámara para que xustifique a redución do cadro de persoal. O 19 de febreiro do 2013 un empregado da Cámara de Pontevedra dirixese ao Consello de Contas para informar de posibles irregularidades na conta 5.700.000. O 22 de febreiro de 2013 os traballadores volven enviar escrito ao señor conselleiro —aquí presente—, ao secretario xeral técnico e á directora de Comercio para pedir información sobre o estado desa denuncia que presentaron o 19 de decembro do 2012. Os traballadores da cámara denunciando as irregularidades dirixíronse á Xunta de Galiza desde o 19 de decembro de 2012 ata o 26 de abril deste ano en vinte e oito ocasións, sen que de momento a Xunta lles teña respondido sobre os seus escritos.

Con data 6 de marzo do 2013 o Consello de Contas remite un informe dirixido á directora xeral de Comercio e interventora xeral onde lles di que o Informe da fiscalización da Cámara de Pontevedra relativo aos anos 2010 e 2011 está en fase de elaboración. A preservación dos intereses do erario público —segundo o Consello de Contas— aconsella trasladar escrito de denuncia á Intervención Xeral da Consellería de Facenda. Ante o posible prexuízo patrimonial para a Facen-

da pública, resulta razoable –di o Consello de Contas– que pola Administración tutelante se adopten as medidas necesarias para dilucidar as responsabilidades.

Por todos estes feitos Alternativa Galega de Esquerda presenta a seguinte interpelación á Xunta de Galicia, e prégoles, señor conselleiro, que por favor non me fale do bipartito nin de Andalucía nin de Extremadura (*Protestas.*) e conteste aos traballadores que están aquí...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...porque dende o 19 de decembro creo que xa é hora de que lles contesten ás denuncias por malversación de fondos públicos que levaron ao despedimento e ante o que a Xunta non actuou, amparando así a corrupción que se dá nas cámaras.

Pregunto, ¿en que estado se atopa a denuncia presentada o 19 de decembro do 2012 polos traballadores da Cámara de Comercio de Pontevedra ante esta Consellería de Economía e Industria? ¿Cal foi a conclusión da investigación sobre a utilización dos fondos Feder pola Cámara de Pontevedra? ¿Investigou a Xunta os fondos destinados ás feiras? ¿Que actuacións está a levar a Xunta en relación coa existencia de salarios entre membros da Cámara de Pontevedra que superan os 140.000 euros? ¿Por que a consellería, se os membros das cámaras non actualizaron os censos conforme esixe a reforma da lei, segue aceptándoos como interlocutores lexitimados a pesar de que estes non cumpran coa súa obriga de actualizar anualmente os censos da cámara e darse de alta? ¿Por que a consellería segue aceptando como interlocutores válidos empresarios que non están dados de alta na cámara e incluso algún que está imputado? ¿Algunha destas persoas vén percibindo subvencións da Xunta? ¿Algunha destas persoas mantén relacións políticas co Partido Popular? ¿Investigou a Xunta de Galicia os feitos denunciados sobre malversación de fondos? Nese caso, ¿cales foron as conclusións? ¿Están sendo utilizados os fondos para a internacionalización para fins máis lúdicos que empresariais, como así se denuncia tamén por parte dos traballadores a través de facturas que así o referendan e que están sendo investigadas tanto polos tribunais de Xustiza como polo Tribunal de Contas?

Con data 19 de outubro de 2011 a Comisión Permanente non lexislativa para a relación co Consello de Contas apro-

bou a Recomendación número 6, nos seguintes termos: “O Parlamento de Galicia insta o Consello de Contas para que realice un informe de fiscalización específico sobre as cámaras de comercio galegas e a súa viabilidade, logo da supresión da cota cameral obrigatoria”. ¿Cales foron as conclusións do dito informe?

Señor conselleiro, estamos falando de políticas anticorrupción, estamos falando de transparencia na xestión pública, eu prégoles que conteste aos traballadores da cámara de comercio, aos traballadores despedidos por denunciar a corrupción, tal como pide o fiscal anticorrupción, que lles di aos traballadores que denuncien os casos de corrupción. ¿Que vai facer a Xunta con todos os traballadores, públicos ou privados, que denuncien corrupción, se a resposta da Xunta vai ser a mesma que lles deu aos traballadores da Cámara de Comercio de Pontevedra, que vaian ao paro, para seguir amparando os corruptos, os que están utilizando diñeiro público en beneficio propio?

Espero que, por favor, me conteste a estas preguntas. E vólvolle pregar, por favor, que non me nomee Andalucía... (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...non me nomee Extremadura, non me nomee o bipartito. Dáme igual onde empezou todo isto, a responsabilidade é súa, de investigar e de dar unha solución, e de devolverlles o posto de traballo a estes traballadores que foron inxustamente despedidos por facer o que vostede non fixo e o que o Consello de Contas non fixo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía e Industria, don Francisco Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados.

A verdade é que fala vostede, se mo permite, cunha lixeireza sorprendente, porque dicir que a Xunta de Galicia

ampara a corrupción simplemente é unha expresión gratuíta que, con toda sinceridade, creo que no procede traer a esta Cámara. Pero, en calquera caso, loxicamente, dareille resposta á súa interpelación.

Como ben sabe, as cámaras de comercio son unha marca recoñecida, a súa existencia está estendida a nivel global e contan cun prestixio que espero que vostede non intente poñer en dúbida. Loxicamente é un prestixio e unha experiencia que están avalados no eido da promoción do comercio.

Como ben sabe, a súa misión principal é servir ao interese xeral, potenciando o desenvolvemento e promovendo a actividade industrial, mercantil e navieira mediante a prestación de diferentes servizos no eido do asesoramento empresarial, formación, internacionalización, creación e desenvolvemento das empresas, arbitraje e mediación.

Esta finalidade básica de promoción económica, que a Xunta ve fundamental, converte as cámaras nun instrumento importante da potenciación da actividade económica do noso territorio, e, loxicamente, nese sentido contan co apoio e coa colaboración da Xunta de Galicia.

Nestes momentos, ademais, como saben, as cámaras están en pleno proceso de redefinición do seu funcionamento para adaptarse ás novas circunstancias; un proceso no que debemos implicarnos todos os axentes relacionados, comezando, loxicamente, polos propios empresarios, que son os que verdadeiramente lideran as actuacións das cámaras de comercio. Neste camiño, coa nova normativa que está tramitando o Goberno central, atopámonos ante unha gran oportunidade para dar resposta a estas necesidades, tanto a nivel xeral como no caso particular das nove cámaras de comercio galegas.

Permítame, antes de abordar a situación concreta da Cámara de Pontevedra, facer unha análise da natureza das cámaras de comercio e o papel que ten a propia Xunta de Galicia. Entendo que esta análise axudará a entender a situación que está a atravesar a propia Cámara, e, por suposto, seguramente a que vostede encontre moitas das respostas ás preguntas que con moita lixeireza planteou esta tarde.

Como sabe, as cámaras son corporacións de dereito público, xestionadas e dirixidas directamente polos empre-

sarios, que teñen liberdade de acción e de decisión. A propia Lei de cámaras de Galicia recoñécelles plena capacidade de obrar e obrigaas a unha estrutura e funcionamento democráticos que é preciso respectar. A Xunta de Galicia exerce sobre elas, como así marca a normativa, a tutela de legalidade, tutela que está limitada a velar polo estrito cumprimento das normas e pola legalidade no seu funcionamento, e non pode en ningún caso a Xunta de Galicia entrar noutros aspectos non autorizados pola propia lei. Neste senso, a Xunta ten que respectar, polo tanto, os representantes democraticamente elixidos, e así o está a facer con todas as cámaras de comercio galegas. E ademais teno que facer ata o final do seu mandato. Por isto, porque o Goberno galego respecta a lei, respecta as cámaras de comercio e respecta o empresariado galego, actuamos en todo momento respectando tamén a súa gobernabilidade. E se o Pleno da Cámara de comercio de Pontevedra decide libremente que un vicepresidente exerza interinamente as funcións da Presidencia, nós, a Xunta de Galicia, non podemos facer máis que respectar a decisión dos empresarios, posto que o decidiron con total lexitimidade, acolléndose á normativa vixente.

Por outra banda, hai que ter en conta que o desenvolvemento das cámaras de comercio se viu fondamente afectado pola modificación da normativa introducida no ano 2010 polo Goberno Zapatero. Xa sei que non lle gusta falar do pasado, pero, se queremos falar do presente, temos que remitirnos a cales son os antecedentes.

O Goberno do Partido Socialista introduciu unhas modificacións na Lei básica das cámaras que, se ben perseguían obxectivos que poderían ser adecuados, non foron correctamente concretados, polo menos na nosa opinión. Foi unha modificación feita sen o consenso coas propias cámaras, sen o consenso co sector, sen o consenso coa Administración autonómica e sen consenso cos demais axentes implicados. O resultado final é ben coñecido desta modificación improvisada, froito dunha decisión inadecuada e que derivou nunha desregulación e nunha descapitalización das cámaras de comercio que obstaculizou o normal desenvolvemento das súas funcións.

Ante esta situación, dende a Xunta de Galicia, dende o primeiro momento, nós mostramos a nosa máis absoluta colaboración. Pero entremos no caso concreto da Cámara de Comercio de Pontevedra.

Dende a Xunta de Galicia somos conscientes de que houbo acontecementos dentro da cámara que agravaron a situación da cámara de Pontevedra, onde se denunciaron —é certo— feitos de suma gravidade. Dende a Xunta de Galicia consideramos que deben ser investigados ata o seu total esclarecemento, porque poderían significar, efectivamente, un grave prexuízo para o empresariado de Pontevedra, así como para o resto do empresariado de Galicia.

Pero, se mo permite, temos que distinguir dúas cuestións claramente diferenciadas. Por unha banda, as actuacións que está levando á cabo o Ministerio Fiscal para clarexar un posible delito de negociacións e actividades prohibidas por parte dunha traballadora da cámara. Un labor no que a Administración autonómica non pode interferir e no que está mostrando unha absoluta colaboración, como non pode ser doutra maneira.

Pero outra cousa distinta son as denuncias de diversas irregularidades no eido administrativo e da xestión económica, nas que nós, dende a Xunta de Galicia, estamos actuando co máximo rigor. Por iso, cando se tivo coñecemento delas iniciamos os trámites para esclarecer os feitos relativos a cuestións de competencia autonómica. En relación coa denuncia presentada polos traballadores, procedeu-se a informar tanto ao Consello de Contas como á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia para que estes departamentos analizasen os feitos denunciados.

O Consello de Contas, con total independencia, respondeu hai unhas semanas aconsellando tres cousas. Primeiro, trasladar o escrito da denuncia á Intervención Xeral da Xunta de Galicia na súa calidade de órgano competente para exercitar o control financeiro das subvencións. Tamén aconsellou que se adoptasen as medidas necesarias para dilucidar se existen responsabilidades das sinaladas, derivadas da incorrecta xestión dos seus bens, cuestión que está sendo sometida a estudo. E, por último, o Consello de Contas tamén aconsellou comunicar aos denunciados que o órgano competente para resolver sobre presuntas responsabilidades contables é o Consello de Contas, o que se fixo poucos días despois de recibir o informe.

Como poden comprobar, señorías, non só a consellería actuou diligentemente senón que o fixo con celeridade. Na actualidade a Xunta de Galicia, como administración tute-

lante, continúa coa tramitación do expediente e recompilando máis información para poder esclarecer todos os feitos denunciados.

En resumo, señorías, somos conscientes da importancia das cámaras de comercio no desenvolvemento do noso tecido empresarial e iso está fóra de toda dúbida. E, nese sentido, entendemos que as cámaras deben ser útiles, eficaces e eficientes para o tecido empresarial, e por iso mantemos unha aposta clara por cámaras solventes capaces de garantir a súa viabilidade e prestadoras de servizos de calidade. Dende a Xunta de Galicia imos ter moi en conta o recente Anteproxecto de lei de cámaras, que nace coa vocación de convertelas en instrumentos que poidan aportar valor engadido ao sector empresarial, e, loxicamente, nese sentido seguiremos apostando polas cámaras de comercio.

E no caso da Cámara de Comercio de Pontevedra loxicamente continuaremos con todas as actuacións, pero sempre, sempre, facendo fronte ao cumprimento estrito da normativa vixente; unha normativa que, como sabe, confire á Xunta de Galicia unha función de administración tutelante, e toda a xestión ordinaria, todas as decisións, competen aos órganos de xestión directivos das cámaras de comercio e, particularmente, da Cámara de Comercio de Pontevedra.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica para a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Señor conselleiro, como futbolista non ten futuro, todo é botar balóns fóra. Todo é botar balóns fóra. ¿Onde está a responsabilidade da consellería na fiscalización das axudas e das subvencións que outorga á cámara? ¿Onde está o seguimento da utilización do diñeiro público, onde está?

Mire, voulle dicir unha serie de documentación que eu teño, e vostede tamén, para que mire a gravidade desta situación e se amparan ou non a corrupción desde a propia consellería.

Mire, o 4 do 11 do 2009 enviábase un correo electrónico da secretaria da Cámara de Comercio de Pontevedra ao Grupo Norte que di textualmente —e vouno ler en español, porque

foi como se escribiu—: “*Ahora hay que inventar otra factura de 12.000 euros para el Xacobeo. El genérico es promoción de los caminos. También necesito una breve memoria de ejecución para mandarle a estos. Que los conceptos sean distintos a los de las otras facturas*”.

Tamén temos, por exemplo, unha denuncia do 2 do 4 do 2012 ante o Ministerio Fiscal por cobro indebido de axudas públicas a nome da empresa Contrato Em Comunicações Empresariais Ltda., con domicilio en Brasil, pero que se cobraban nunha conta a nome do marido da secretaria da cámara, estando esta como persoa autorizada.

Ademais, na propia consellería, na resolución da propia consellería, referente ao orzamento ordinario do exercicio de 2011, di que se aproba pero que falta documentación obrigatoria sobre o cadro de persoal, sobre as contías non satisfeitas no recurso cameral permanente, falta a memoria explicativa e falta o cumprimento da dotación do fondo de reserva.

¿Quere máis, máis documentación que vostede ten?

Factura de Ferpalia, 2011, por valor de 101.480 euros, factura de Pomovil por valor de 81.066 euros. ¡Ah!, refactura de Ferpalia por valor de -11.800 euros, refactura de Pomovil por valor de -66.066 euros. Pero aparece un extracto tamén da conta da Cámara de Comercio: ingresos a Ferpalia e Pomovil polas primeiras facturas, pero non aparece en ningún lado a devolución de Ferpalia e Pomovil sobre a segunda factura, onde se supón que lle debe diñeiro á Xunta.

Día 12 do 12 do 2012: declaracións públicas de Manuel Cabada, xerente do Grupo Norte, afirmando que rectificou as facturas de Ferpalia e Pomovil nun 42,6 % porque a cámara llo pediu. É dicir, un 42,6 % non se gastaba.

Escrito do Consello Galego de Contas solicitando información á Cámara sobre un libro de caixa e sobre caixas de caudais.

Escrito do Consello de Contas pedindo documentos e contratos sobre viaxes a Brasil e axudas inxustificadas por parte da consellería.

Escrito da Consellería de Industria á cámara pedindo información sobre a denuncia relativa á vogalía ocupada por Novagalicia Banco, porque vostede sabe que non poden ter

a vogalía. Non me vale se os escolleu o pleno, é contra a lei, non é legal. Aquí un non pode saltar a lei porque sexa que me gusta este que non é membro pero que o escollo porque me gusta. Están saltando a lei e vostede acábao de autorizar.

Nota de prensa do 24 do 3 do 2013 do fiscal de delitos económicos, que di: “O asunto da Cámara de Comercio de Pontevedra é moi preocupante, reflicte o descontrol que hai na custodia do diñeiro público. Insto o funcionariado a que traslade as irregularidades”.

¿Que ten que dicir a Xunta a estas afirmacións? ¿Prestará apoio a Xunta aos traballadores que denuncien as irregularidades ou permitirá a represión, igual que fixo cos traballadores da cámara de comercio? ¿É certo o que di o fiscal de que a Xunta non ten custodia do diñeiro público?

Denuncia do 3 do 4 do 2013 por tráfico de influencias e usurpación de representación.

Denuncia do 11 do 4 do 2013 do propio Ministerio Fiscal por obstrución á xustiza, coacción e ameazas aos traballadores hoxe despedidos.

Polo tanto, señor conselleiro, segue sen contestar, segue vostede sen cumprir as súas funcións. ¿Que pasa co diñeiro público? ¿Por que non se controla o diñeiro público? ¿Como se permite que o diñeiro público se utilice de forma fraudulenta e que esta consellería diga que non ten nada que facer aí, que llo deixe todo aos tribunais? Para iso que nos dirixa o Ministerio de Xustiza, porque vostedes están aquí para nada, para nada, simplemente para seguir apoiando aos que están roubando diñeiro público, aos que están utilizando...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: ...diñeiro público...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez.

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)

Moitas grazas, señora Martínez.

¡Silencio, por favor!

Señora Martínez, rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

Réplica do conselleiro de Economía e Industria.

Señora Martínez, por favor, tome asento.

(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.)

Faga o favor de tomar asento. *(Murmurios.)*

Ten a palabra, conselleiro.

¡Prego silencio, por favor!

¡Silencio, por favor!

Conselleiro, ten a palabra.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, presidenta.

Señoría, eu creo que, se quere falar das cámaras de comercio, sería bo que revisase previamente a propia normativa e a propia lei cameral. Porque, claro, está cometendo uns erros conceptuais e legais verdadeiramente preocupantes. En calquera caso, eu voulle contestar.

O que non lle acepto é a súa acusación de conivencia Xunta-cámara en relación cos despidos. Iso si que non llo acepto. *(Aplausos.)*

E pregaríalle que retire da acta desta sesión esas acusacións infundadas de conivencia entre a Xunta e a cámara. En calquera caso, voulle dar resposta.

Podería volver repetirlle todas as actuacións. Non o vou facer porque xa o fixen na primeira intervención, o que fixo a Xunta de Galicia para esclarecer todos os feitos. Pero si lle vou facer un pequeno resumo.

Efectivamente, existen denuncias de actuacións irregulares por parte dalgunhas persoas, pero que son denuncias que derivan de dúas vertentes distintas que vostede pretende

mezclar, e son distintas, son distintas. Por unha banda, a xudicial –iso é certo–, na que a Xunta de Galicia non pode máis que mostrar todo o seu apoio e colaboración, cousa que está facendo. E será o xuíz, o xuíz –nin vostede nin o Goberno, non, o xuíz– o que terá que resolver as demandas interpostas; loxicamente coa colaboración da Xunta de Galicia.

Por outro lado, unha vertente administrativa, na que estamos actuando coa máxima dilixencia e rigor para garantir a defensa, coma sempre, dos intereses públicos e, por suposto, dos recursos públicos. E estámolo facendo da man do Consello de Contas, da Asesoría Xurídica Xeral e da Intervención Xeral, órganos independentes e que outorgan toda a garantía a este proceso. Pero, señoría, eu pregaríalle que respecte a democracia interna e que respecte tamén as competencias das cámaras. Porque son os empresarios os que escollen os seus representantes, os propios empresarios. E porque son as cámaras as responsables, como ben sabe, de actualizar o seu censo, e a Xunta de Galicia non pode interferir no seu desenvolvemento. O único que pode facer é dar lexitimidade a actuacións que se acollen á normativa vixente, e iso foi o que ocorreu exactamente na Cámara de Comercio de Pontevedra.

E nese sentido estamos a traballar en todas as cámaras de comercio. E un exemplo que vostede non nomeou –pero fixo referencia ao resto das cámaras– é o caso da Cámara de Lugo, onde a normativa do ano 2010 chegou a xerar, en concorrencia con outras circunstancias, unha situación excepcional de desgobierno ao dimitir todos os membros do pleno do comité executivo. Aí si que hai unha carencia de gobernabilidade. E novamente a Xunta de Galicia actuou con estrito cumprimento da legalidade iniciando os trámites de constitución dunha comisión xestora que terá como principal misión restituír o goberno da cámara. De feito, hoxe mesmo foi notificada a constitución desa comisión xestora para que deste xeito se desbloqueen os problemas derivados do desgobierno da cámara, especialmente dos xerados aos traballadores.

Polo tanto, a Xunta de Galicia en todas as cámaras, en todas, na Cámara de Comercio de Pontevedra e na Cámara de Comercio de Lugo, o único que é é ser garante do cumprimento da normativa, e, por suposto, acolléndose á súa función de administración tutelante e, polo tanto, garantindo a aplicación da normativa. Ese é o noso obxectivo principal

en relación coas cámaras de comercio e, dende logo, nós seguiremos a apoiar as cámaras como prestadoras de servizo ao tecido empresarial. Iso si, sempre baixo parámetros de viabilidade económico-financeira e eficacia nos servizos que poden prestar aos empresarios.

A Xunta de Galicia neste sentido entende que é necesaria unha profunda reestruturación, tanto a nivel económico como funcional, das cámaras, coa necesidade de axustar gastos e buscar novas fontes de financiamento. Pero dende logo ten que ser abordada dende o rigor, o respecto ás institucións e, por suposto, o respecto á autonomía e ás competencias legais das propias cámaras e da Xunta de Galicia. E iso ímolo respectar en todo momento: a autonomía e competencias que teñen as cámaras e as competencias que ten a Xunta de Galicia. E, nese sentido, como lle dicía, seguiremos a traballar a prol da actividade das cámaras de comercio, que por suposto contarán coa colaboración da Xunta de Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Interpelación do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a aplicación en Galicia da Lei 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, e o anuncio da súa reforma polo Goberno central

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías, conselleira.

Bueno, pois menudo lío teñen vostedes montado, menu-do desgusto temos as mulleres e canta preocupación entre a cidadanía. E todo porque o señor ministro de Xustiza, o señor Gallardón, nos ameaza con destrozarnos a Lei de saúde sexual e reprodutiva e interrupción voluntaria do embarazo, que foi aprobada no ano 2010. Así que me vai permitir un consello, señora conselleira: estean vostedes quietiños.

E hoxe non vou analizar nin os prazos nin os supostos, todo iso déixoo para máis adiante, cando vostedes concreten,

cando vostedes saiban o que van facer. Hoxe o que eu quero coñecer é a opinión do Goberno galego ante esta anunciada modificación. Claro que, tratándose dun Goberno do PP, pois é fácil supor que teñen vostedes certo problema coa lei, posto que a teñen recorrida no Tribunal Constitucional.

Por certo, ¿non pensa a señora conselleira que o máis lóxico sería esperar a que ese tribunal se pronunciara antes de montar semellante lío? Claro que, despois de escoitar a voceira do Grupo Parlamentario Popular esta mañá, un xa dubida de se cuestionan vostedes a lei ou se cuestionan tamén o Tribunal Constitucional.

Mire, parece que vostedes non son conscientes de que existía unha absoluta paz social en torno a esa lei, paz social que se rompeu en canto Gallardón se puxo a falar dela. E agora teñen a toda a sociedade en armas. Miren, os sectores máis conservadores e máis retrógrados, encabezados polo propio ministro de Xustiza e axudado polo ministro do Interior, están moi nerviosos, moi nerviosos, porque queren aproveitar esa ocasión, esa reforma, para volvernos ao franquismo. Os máis progresistas pois están preocupados, preocupados ante o que seguro que vai ser un retroceso nos dereitos nunha reforma propiciada polo Partido Popular sobre a Lei do aborto. Os sectores máis moderados están preguntándose por que razón se crea un lío onde non o había, con todos os problemas que ten este Goberno sen resolver, e as persoas máis nihilistas analizando canto vai custar un cambio totalmente innecesario dunha lei cando nos din a diario, señora conselleira, que non teñen vostedes nin para gasas.

Os únicos que parecen considerar necesario este cambio son os bispos. E mire, francamente igual que eu non me sinto capacitada para falar de teoloxía, pois penso que o señor Rouco Varela tampouco o está para falar do aborto. Da mesma maneira que eu non utilizo este turno para cuestionar, non sei, o misterio da Santísima Trindade, paréceme razoable que tampouco terían que ser utilizadas as homilías para cuestionar a Lei de saúde sexual e reprodutiva. Sen embargo, faise.

Miren, que a Igrexa non respecta os dereitos das mulleres pois xa non sorprende a ninguén, é que nin sequera nos consideran. Non podemos ser papas, non podemos ser bispos, non podemos dicir misa con normalidade. Bueno, no

colmo do machismo, María ten que ser virxe. (*Murmurios*.) Si, si, isto é un feito, non o digo eu. É así.

Pero que o Goberno do Estado considere as mulleres incapaces de decidir sobre a súa vida, iso é intolerable. Iso si, señora conselleira, que nos parece inconstitucional. Mire, un goberno civilizado non pode plantexar unha lei para cuestionar a decisión das mulleres, non, senón para posibilitar o que as mulleres decidan. Por iso os socialistas queremos saber hoxe o que opina o Goberno galego e sobre todo saber qué vai facer ao respecto desa anunciada modificación. Queremos saber se, como o señor Rouco, consideran necesaria esa modificación e por que; se van propiciar, e cómo, ese debate sosegado que recomenda Feijóo. Pero, ademais, pensamos que, antes de modificar algo, nos axudaría ter datos, saber cantos abortos se practicaron en Galicia antes e despois de terse aprobada a actual lei. Supomos que para que o Partido Popular, o Goberno Popular, se cuestione unha modificación, pois tivo que comprobar fehacientemente que as cifras se dispararon, que a raíz desa lei pois nos entrou unha tolemia a todas as mulleres, que en lugar de ir tomar un café pois imos abortar.

Miren, señorías, cando unha muller decide abortar faino con gran dor de corazón. É algo que se pensa moito, pero moito, que se sopesa miles de veces, que se analiza detidamente e, sobre todo, se sofre. Non podemos esquecer que se vive como un fracaso e que se trata dunha decisión que provoca unha gran perturbación tanto física como psíquica na muller. Por iso un Goberno xusto, conselleira, debe respectar, debe axudar, debe facilitar as cousas ás mulleres que se encontran nesa situación e nunca culpabilizar, obstaculizar e perseguir incluso as mulleres.

Pero tal vez é que vostedes se ven obrigados a reformar esa lei por tratarse dunha lei moi conflitiva, que non fai máis que crear problemas. Pois ben, se é así, díganos cantas queixas ten recibido o Goberno, de que tipo, que colectivos as teñen propiciado, cantas chegaron ao Valedor do Pobo, cantos problemas legais, ou cantos conflitos legais, se xeraron no desenrolo da mesma, se é o que o saben. Que eu coñeza só existe a denuncia do Partido Popular, dun partido político, no Tribunal Constitucional, que, por certo —insisto—, aínda non se resolveu. Supoño que de ter sido unha aberración e claramente inconstitucional pois a xustiza tería espabilado e tería que tela parado xa, digo eu.

Por certo, a historia repítese. Mire, o fillo utiliza os dereitos das mulleres para xogar a emular o seu pai. Como saben, foi precisamente o pai do señor Gallardón quen levou a anterior Lei do aborto, a do 85, ao Tribunal Constitucional. Daquela o tribunal desestimou a denuncia, tal vez por iso o fillo pois agora non quere esperar, non vaia ser que lle pase como ao seu pai e que non lle dea a razón.

Mire, tal vez a necesidade de modificar a lei veña dada pola oposición dos profesionais, que todos os profesionais en masa se declaran obxectores de conciencia, que se negan a aplicar a lei e, claro, é imposible prestar este servizo na rede de hospitais públicos. Como vostede ten que saber moi ben, dende o noso grupo lle temos preguntado en moitas ocasións ao Goberno galego polos obxectores de conciencia. Non queremos saber os nomes, señora conselleira, non nos interesan os nomes dos profesionais e das profesionais, interésanos o número, interésanos saber se efectivamente son tantos —insisto— que impide que ese servizo se preste na rede pública.

Mire, tamén parece que están vostedes moi preocupados polas menores. Bueno, pois díganos cantas menores de 18 anos abortaron en Galicia nos anos 2008, 2009, 2010, 2011, 2012, dende que teñen datos para analizar a evolución.

Tamén están preocupados pola repercusión desta lei no nacemento de persoas malformadas e con grandes discapacidades, pois tamén analicemos como variou, como se comportou isto. Claro que sen esquecer que a día de hoxe a ciencia, co diagnóstico intraútero posibilita previr —como vostede sabe moi ben—, tratar e evitar a dor e o sufrimento do malformado. A ciencia hoxe permite que non sufra nin a nai, nin o malformado, nin a familia, nin a sociedade no seu conxunto. E iso que permiten os avances científicos non o vai poder impedir nin o señor Gallardón, nin o señor Rouco, nin sequera os dous xuntos.

E se as queixas veñen por parte da Igrexa católica, pois tamén é lóxico que o Goberno nos informe con transparencia e nos diga quen protesta da Igrexa, a quen lle protesta a Igrexa e por que se sente o Goberno obrigado a atender esas protestas da Igrexa.

E para finalizar, falemos de cartos. Estannos recortando, como vostede sabe perfectisimamente, nas medicinas, estannos recortando en educación, estannos recortando na Lei de

dependencia. Sen embargo, non sabemos cantos cartos se van gastar nunha modificación dunha lei que ninguén precisa, señora conselleira.

E aproveito, falando de cartos —e xa remato—. Díganos quen pagou e canto custou a abondosa e interesada publicidade que vemos hoxe en todos os xornais sobre o Día da familia. Por certo, familia ao uso...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña.

A señora ACUÑA DO CAMPO: ...pai —e remato— que mira para a nai, nai que mira para o fillo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Acuña, xa rematou.

(A señora Acuña do Campo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Non, señora Acuña, xa non se está a gravar.

Ten a palabra a conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señoría, mire, respecto da modificación da Lei 2/2012 téñolle que dicir que nesta Comunidade Autónoma nin a Consellería de Sanidade nin o Servizo Galego de Saúde recibimos ningún documento, ningunha comunicación ao respecto, polo que entenderá que non vou entrar a facer ningunha consideración sobre algo do que non teño ningún coñecemento que non sexa pola prensa.

Respecto da Lei 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, foi publicada no *Boletín Oficial do Estado* o día 4 de marzo do 2010 e entrou en vigor catro meses máis tarde, o 4 de xullo. A pesar de que non houbo tampouco ningún traballo previo coas comunidades autónomas, a pesar do curto prazo de tempo entre a súa publicación e a súa entrada en vigor e de que as comunidades autónomas non dispuxemos de recursos económicos adicionais para a súa implantación, en Galicia fixemos todo o necesario para cumprir co disposto na lei en tempo e forma.

Recórdolle que foi necesario non só dispoñer da información e documentación necesaria, senón tamén constituír o comité clínico e os circuitos asistenciais para dar a mellor resposta ás mulleres e cumprir a lei.

As mulleres que acoden ao médico de cabeceira, ao médico de familia ou algún dos especialistas son remitidas aos puntos de información, que os temos plenamente identificados na páxina web e nos servizos de xinecoloxía, onde se valora cada caso. Nos casos en que é necesario, as mulleres son remitidas ao xinecólogo, que fará a petición de informe ao comité clínico. Se non é preciso este informe dáselles a información establecida e tras o período fixado pola propia normativa remítese aos centros de realización das IVE.

Concretamente, nos artigos 14, 15 e 17 da lei establécese a información que é preciso proporcionar ás mulleres, xerada tanto pola Administración xeral do Estado como polo Servizo Galego de Saúde. Esta información refírese, fundamentalmente, ás condicións legais para a interrupción do embarazo, aos métodos utilizados, aos puntos de información, aos requisitos para acceder á prestación e ás condicións para a súa cobertura, aos dereitos, axudas, beneficios e prestacións públicas de apoio á autonomía das persoas con discapacidade e sobre as unidades de atención existentes.

Ademais da información que se proporciona nos centros asistenciais, na páxina web do Servizo Galego de Saúde tamén está dispoñible outra adicional, como a normativa, as estatísticas sobre IVE e a outra información adicional; todo isto á disposición das mulleres e de todos os cidadáns galegos, de todos os galegos e galegas.

Polo que respecta ao número de interrupcións voluntarias do embarazo —o que vostede me preguntaba—, direille que presenta unha evolución variable ao longo dos anos cunha tendencia crecente. Entre os anos 2000 e 2011 o número de interrupcións voluntarias do embarazo pasou de 2.283 a 4.140. Teño que aclarar que nestes últimos anos —desde o ano 2008— os aumentos producidos, superiores en moito aos dos anos anteriores, son atribuíbles en parte a unha mellora da notificación, a unha mellora no rexistro. Como lle dicía, no ano 2008 realizáronse en Galicia 2.541 abortos ou interrupcións voluntarias do embarazo; e no ano 2009 están rexistradas 3.207. Isto, como lle digo, é en parte pola mellora no rexistro. No ano 2010 o número foi de 3.511

—recórdolle que a Lei 2/2010 entrou en vigor na metade deste ano—, e no ano 2011 o número foi de 4.140. Aínda non temos dispoñibles os datos de interrupcións voluntarias de embarazo correspondentes ao ano 2012.

Respecto ás IVE, ás interrupcións voluntarias de embarazo, en mulleres menores de 18 anos, no ano 2008 rexístráronse 176; no ano 2009, 206; e nos anos 2010 e 2011 foron 202 e 165 respectivamente. En definitiva, señoría, nesta comunidade autónoma cumprimos coa normativa, cumprimos coa Lei 2/2010, e non temos coñecemento de ningunha dificultade, conflito ou queixa producida ao respecto.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Rolda de réplica.

Ten a palabra a señora Acuña do Campo.

A señora ACUÑA DO CAMPO: Grazas, presidenta.

Bueno, conselleira, parece vostede unha illa. Porque, mire, desa modificación da lei sabe moi ben o seu partido, sabe moi ben o seu presidente e saben moi ben todas as vallas do noso país, non ten máis que mirar para elas.

Mire, eu fixenlle sobre dezasete ou non sei cantas preguntas, respondeume a algunhas. Algunhas que me aclararon cousas, sen dúbida. Esa preocupación que hai polas menores de 18 anos non a entendo, porque no 2012 creo entenderlle que foron 165 os IVEs, mentres que antes desa lei eran máis, 176 ou douscentos e pico. E non hai queixas, confirma o que eu temía. Non entendo o motivo do cambio da lei. Sen embargo, sigo sen saber qué pasa cos profesionais e se hai moitos obxectores de conciencia, é un gran misterio neste país. Pero sobre todo sigo sen saber qué vai facer o Goberno galego respecto desa anunciada modificación, se van vostede propiciar ese debate sosegado que pide o señor presidente e como. Que non teña vostede respostas para todo isto confirmámos que ao mellor o que non teñen vostedes son razóns para modificar a lei. Ao mellor poderían decantarse por dicir a verdade e confesar que é un compromiso electoral co señor Rouco e que van utilizar os dereitos das mulleres como moeda de cambio.

Pero, mire, recórdolle algo que como Goberno e como conselleira de Sanidade non debería de esquecer: está comprobado que dificultar o acceso ao aborto non reduce o número senón que o que fai é aumentar a mortalidade feminina porque se recorre aos abortos clandestinos. Eu me pregunto e preguntolle tamén a vostede, conselleira, como se pode entender que unha persoa neste momento poida decidir sobre a súa vida expresando o tipo de coidados que vai querer nun momento determinado cando ela non poida decidir e, sen embargo, unha muller non poida decidir sobre a súa maternidade. ¿Como entender que as mulleres necesitamos ser tuteladas polo Goberno para decidir sobre o noso corpo? ¿Acaso non somos persoas, señora conselleira?

Mire, demostren sosego e esperen a que ditamine o Constitucional, como pide o seu amado líder —collendo prestado o termo cuñado por un deputado desta Cámara—. *(Murmurios.)* Debate sosegado, señora conselleira, sen cinismos, e aquí, actuando sobre o que depende tan só de vostedes; de entrada non suprimindo os COF, despois evitando que siga sendo a Red Madre a que informe desde a páxina web da consellería.

Mire, un Goberno ten que velar pola igualdade das persoas, polos seus dereitos e pola súa saúde; e todo iso, conselleira, está ameazado nesta reforma. Vanme permitir que dende aquí faga unha declaración de intencións. Porque, miren, eu nin como muller nin como socialista nin como médica, pero sobre todo como persoa, vou tolear nin acatar un retroceso así. Pero non se equivoquen, coma min pensa a maioría desta sociedade, señora conselleira, e sobre todo as mulleres, que aquí en Galicia xa se uniron. Uníronse e conformaron unha plataforma para loitar en contra dunha medida que só buscan, conselleira, os sectores máis reaccionarios da nosa sociedade. Non poden sacrificar a todas as mulleres para contentar a un pequeno sector da Igrexa. Pois, mire, estou convencida, conselleira, de que os verdadeiros católicos —eses que non se asustan cando digo que María non podía ser virxe despois de ter parido— non poden estar a favor de algo tan inxusto, tan machista, tan retrógrado, como parece que vai ser ese novo proxecto.

Eu quero aproveitar para facer unha chamada, primeiro a vostede, señora conselleira, a vostede como muller, e despois ao resto das mulleres, tanto ás deste lado coma ás deste outro. Si, para pedirlles que reaccionen e que non consintan

que decidan por nós, nin sobre o noso corpo nin sobre a nosa maternidade. Porque, ademais, quero recordar e deixar moi claro que é un dereito, unha loita que xa tiñamos feita e era un dereito que xa tiñamos conseguido.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da conselleira de Sanidade.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Mosquera Álvarez): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, mire, a Lei 2/2010, do 3 de marzo, está en vigor desde xuño do ano 2010, e esta Comunidade Autónoma está a cumprila. Estaa a cumprir, ademais, desde o primeiro día da súa entrada en vigor. Puxemos todos os medios materiais e organizativos para garantir a prestación desde o primeiro día, como lle digo. E iso a pesar das dificultades, a pesar da brevidade dos prazos desde a súa aplicación ata a súa entrada en vigor e das dificultades que iso supuxo para o Servizo Galego de Saúde para poñer a todos os profesionais e para poñer a toda a organización á disposición de todas as mulleres para poder cumprila; de que ás comunidades autónomas non se nos tivo para nada en contra na súa elaboración nin na súa aprobación, polo que descoñeciamos o seu contido ata o momento da súa publicación; de que a lei foi aprobada sen as achegas económicas nin de ningún outro recurso, para que as comunidades autónomas puideramos cumprila, por parte do Goberno central daquel momento. E non teña ningunha dúbida: seguiremos cumprindo a normativa vixente estritamente.

E no caso que temos entre mans, as prestacións sanitarias estarán garantidas, coas mellores calidades de seguridade que poidamos darlles a todas as mulleres de equidade na accesibilidade e de adecuación da atención sanitaria. Xa lle dixen noutro momento que os COF tiveron o seu momento e que neste momento o que estamos é intentando reorganizar toda a atención á muller desde a atención primaria á atención especializada, e pasando por todos os puntos de atención que necesitan as mulleres, e os homes tamén, tanto na anticoncepción como na prestación de toda a atención que necesitan en cada unha das súas etapas da vida, da vida fértil e tamén da menopausa.

Todas as mulleres desta comunidade autónoma teñen garantido o acceso á interrupción voluntaria do embarazo con cargo aos fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Señoría, hai algo máis dun ano preguntou sobre esta cuestión, e hoxe non temos aínda ningunha modificación nin temos coñecemento oficial de proxecto ningún da normativa. Por outra parte, nun sistema democrático todos os gobernos e todos os parlamentos teñen a mesma lexitimidade á hora de presentar iniciativas lexislativas e de lexislar, da mesma forma que todos os gobernos e todos os cidadáns teñen a obriga de cumprir as leis unha vez aprobadas, con independencia do que opinen sobre elas.

Así, pois, tanta lexitimidade ten a aprobación da Lei de saúde, sexual e reprodutiva e do dereito á interrupción voluntaria do embarazo como a Lei 5/2010, que establece e regula unha rede de apoio ás mulleres embarazadas, ou calquera outra. E todos temos a mesma obriga de cumprilas e de respectar os dereitos que estas leis amparan. E, desde logo, desde a Consellería de Sanidade así o faremos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día co punto sete, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Juan Carlos González Santín e D^a María Remedios Quintas Álvarez, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas ou xestións que está a levar a cabo o Goberno galego en relación coas oficinas do Banco de Caja España de Inversiones, Salamanca y Soria, ou Banco CEISS, en Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra o señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Grazas, presidenta.

Primeiro, gustárame saudar os traballadores do Banco CEISS que nos acompañan hoxe e darlles a benvida a esta Cámara, a cámara de todos os galegos.

Como ben é coñecido polo Goberno da Xunta, estamos a sufrir nos últimos anos en Galicia unha tremenda crise que

se está a cebar nos empregos e nas empresas da nosa terra. Baste con dicir, como exemplos paradigmáticos, que estamos preto dos 300.000 parados en Galicia e que empresas galegas que foron un referente a nivel mundial –como pode ser o caso de Pescanova– está en concurso de acredores. E iso por non falar da multitude de pemes que cerraron as súas portas por falta de financiamento.

Acábase de presentar un novo ERE por Caja España de Inversiones, Salamanca e Soria, Banco CEISS, que afecta a todas as oficinas desta entidade situadas no territorio galego. A causa deste ERE, aínda que poidamos pensar que é por causa da crise, que levou a empresa a ter perdas, non é o caso, xa que esta empresa tivo, no último exercicio da súa división galega, beneficios. A causa última deste expediente de regulación de emprego é precisamente que esta empresa está localizada en Galicia. Si, oíron ben, a causa última deste ERE é que a empresa está localizada en Galicia. Van botar os traballadores e abandonar as nosas empresas galegas por estar as súas oficinas en Galicia. ¿Como se pode entender que un banco vaia cerrar precisamente as oficinas que lle son rendibles? ¡Inexplicable!

O Goberno do Estado e a Unión Europea están a axudar os bancos en problemas para que poidan seguir dando servizos financeiros aos cidadáns cos cartos de todos os españois e tamén dos galegos. O obxectivo final de todas estas axudas –como nos di o Goberno– é facer viables as entidades financeiras e, en particular, as antigas caixas de aforros. Esa, polo menos, foi a explicación que nos deu o Goberno para explicar os despedimentos en Novagalicia Banco e o peche de oficinas desta entidade. Ademais, é sabido por todos que se está a producir, por causa do peche de oficinas bancarias, unha exclusión financeira en moitos concellos de Galicia.

Por todo iso, non podo entender por que o Goberno non se pronuncia e polo menos intenta evitar o peche por parte desta entidade das súas oficinas en Galicia –repito que son rendibles–, xa que este peche vai en contra de todo o que se nos dixo para xustificar os tremendos axustes que se están a ver no sector bancario en España e en Galicia.

Tampouco parece descabellado pensar que, ao tratarse dunha división rendible, lle interese a súa adquisición a outra entidade financeira ou, cando menos, que se manteña a división galega de Caja España –agora Banco CEISS–

mentres esta siga sendo rendible. E o Goberno galego nin se pronuncia, parece que non é competencia do Executivo a perda de 130 postos de traballo máis e a desaparición dunha entidade que dá servizos financeiros aos galegos, atendendo a máis de 10.000 asalariados e pensionistas na nosa comunidade, e a 7.000 pemes, autónomos e empresas, que perderán o seu financiamento e que terán serios problemas para seguir funcionando.

Por iso lle pregunto qué pensa facer o Goberno de Galicia para que esta decisión non provoque a perda de 130 postos de traballo directos e afecte o financiamento de 7.000 empresas galegas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Resposta da conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz):
Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Santín, en primeiro lugar, quero lembrar que a orixe dos problemas actuais está no Real decreto 2/2011, que obriga á bancarización de todas as caixas de aforros, as antigas caixas de aforros. Coa aparición deste real decreto, as antigas caixas de aforros. Coa aparición deste real decreto, as antigas caixas de Castilla y León, Caja España e Caja Duero, que estaban embarcadas nunha recén iniciada operación corporativa de fusión, víronse sorprendidas por un radical cambio de normativa en materia de solvencia que tivo como consecuencia frustrar a culminación do seu proxecto recén nado.

A diferenza do ocorrido co caso de Novagalicia Banco, que aínda loita por unha continuidade en solitario, estas antigas caixas castelán-leonesas vense obrigadas a unha nova operación corporativa, esta vez coa entidade andaluza Unicaja, que lles impón un esixente plan de adalgazamento de oficinas como condición previa e indispensable para a súa unión.

Neste contexto ese Plan estratéxico deseñado para a nova entidade prevé unha serie de peches de oficinas fóra da súa comunidade autónoma de orixe. Maila o anterior, a grande

parte destas oficinas ubicadas en Galicia conta cunha traxectoria comercial que supera nalgúns casos os trinta anos, sendo oficinas comercialmente consolidadas e que dan servizo a máis de 40.000 clientes.

As potenciais actuacións da Xunta de Galicia neste caso – como ben sabe – son escasas, porque non temos competencia en materia bancaria e ademais é un banco domiciliado noutra comunidade autónoma. Malia o anterior, a Xunta de Galicia púxose en contacto coa Comunidade Autónoma de Castilla y León e transmitiulle a estrutura consolidada da rede comercial do Banco CEISS en Galicia, a rendibilidade e estabilidade do territorio e da economía de Galicia, así como a importancia para o emprego e a situación económica das 150 familias que poden perder neste momento o seu posto de traballo. E tamén se lle manifestou que pode entenderse unha reestruturación por motivos económicos ou de rendibilidade, pero que este non era o caso do Banco CEISS en Galicia, que pois non se entende que se faga unha reestruturación por criterios unicamente xeográficos e non por criterios económicos.

Indicar dende aquí e resaltar o apoio da Xunta de Galicia, no marco das nosas competencias, a todos os traballadores afectados por esta decisión, que compartimos que non está fundamentada en criterios de rendibilidade senón simplemente en criterios xeográficos impostos pola entidade andaluza Unicaja para viabilizar a fusión con este banco.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor González Santín.

O señor GONZÁLEZ SANTÍN: Como vostede ben dixo, señora conselleira, reafirma o que eu lle dixen na miña intervención: que a causa para o cierre, para o peche destas oficinas é precisamente a territorialización en Galicia, que os efectos ímolos sufrir nosoutros, os galegos.

Señora conselleira, esta decisión de cerrar as oficinas situadas en Galicia deste banco vai supoñer a perda de 66 traballadores na Coruña, co peche de 16 oficinas; 8 traballadores en Lugo, co peche de 2 oficinas; 14 traballadores en Ourense, co peche de 3 oficinas; e 43 traballadores en Pon-

tevedra, co peche de 9 oficinas, o que fai un total de 131 traballadores directos que se irán á rúa. Ademais, ao cerrar esta entidade, que son 30 oficinas, perderase unha parte importante do tecido empresarial e financeiro da nosa comunidade autónoma, xa que quedarán sen servizo financeiro máis de 7.000 pemes, autónomos e grupos de empresas, que verán que co vencemento das súas pólizas de crédito quedarán sen financiamento. Isto moito me temo que arrastrará ao peche a máis dunha peme ou autónomo e poñerá na rúa aínda máis traballadores galegos.

O Goberno galego non se pode inhibir dun tema como este, que vai afectar seriamente o financiamento de moitas empresas galegas e que contribuirá á exclusión financeira da nosa comunidade nun momento no que o Goberno do Estado está sendo o protagonista de todos os cambios que se están a levar no noso sistema financeiro. Non podemos permitir este despropósito.

O Goberno galego ten que pedir explicacións ao Goberno do Estado, xa que todos os españois –e tamén os galegos– tivemos que saír en defensa das caixas e contribuír para que estas poidan seguir funcionando, pero, dende logo, non para que cerren unhas oficinas rendibles e para que boten á rúa os traballadores que aquí traballan en Galicia. A contrapartida deste esforzo non pode ser o despedimento de 130 traballadores e o peche de 30 oficinas, que –recalco– son rendibles. Un caso que sen dúbida é excepcional, dado que precisamente a falta de rendibilidade por parte das caixas, motivada polas súas inversións en activos tóxicos e a súa mala xestión, foi o que fixo necesario o rescate por parte do Estado.

Dende o PSOE entendemos que unha decisión coma esta non se pode tomar dun día para outro, e cremos que o Goberno galego e Galicia non se pode permitir nin se debe permitir esta situación. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Santín.

Réplica da conselleira de Facenda.

A señora CONSELLEIRA DE FACENDA (Muñoz Fonteriz): Moitas grazas, presidenta.

Señor Santín, compartimos que non compartimos as razóns polas cales se plantexa o peche das oficinas nesta

comunidade autónoma, porque non son razóns económicas senón razóns de índole xeográfica, pero reitérolle que este peche está obrigado polas condicións impostas por Unicaja, coa que se vai fusionar o Banco CEISS, condicións de reestruturación moi esixentes, Unicaja, entidade financeira radicada na comunidade autónoma de Andalucía que expresou, plantexou a obrigatoriedade de realizar este reaxuste de oficinas e de que se centre o funcionamento da entidade na comunidade de Castilla y León e na provincia de Cáceres.

Pero é que, ademais, este plan de reestruturación, o luns pasado, foi aprobado pola Comisión Europea, que é a que está empuxando –de feito concreto por Competencia, pola Competencia da Comisión Europea–, a que está empuxando a esta reestruturación financeira deste Banco CEISS.

E voulle ler directamente cales son as palabras do comisario da Competencia, Almunia, sobre esta reestruturación: “La oferta vinculante de adquisición del Banco CEISS por parte de Unicaja supone una buena noticia”. ¿Para quen, señor Santín? ¿Para o señor Almunia?, como tantas outras noticias que o señor Almunia está apoiando e decisións que está apoiando e que está prexudicando a esta comunidade autónoma. (*Aplausos.*) Anímoo a intentar convencer o señor Almunia de que cambie de opinión e que apoie un pouquiño as entidades galegas e os sectores galegos. Nós, dentro das nosas competencias, tentaremos seguir apoiando os traballadores afectados por esta decisión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, señora Gallego, segunda chamada á orde, e xa sabe o que significa a terceira.

Pregunta de D^a María Tereixa Paz Franco e D^a María do Carme Adán Villamarín, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o impacto para a provincia de Ourense do peche da empresa T-Solar

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a súa pregunta a señora Paz.

A señora PAZ FRANCO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados, señor conselleiro.

Quixera, en primeiro lugar, empezar por saudar os e as traballadoras de T-Solar que nos acompañan tanto na tribuna do Parlamento como no exterior da Cámara.

T-Solar é unha empresa punteira do ámbito das novas tecnoloxías que estaba chamada a ser unha das máis grandes e máis produtoras empresas deste ámbito da fabricación e da innovación no ámbito dos paneis solares de toda a Unión Europea. É unha empresa que, ademais, precisamente por este perfil, recibiu gran cantidade de axudas públicas no seu momento tanto por parte do Goberno da Xunta, da Deputación Provincial de Ourense e tamén do Goberno do Estado.

Trátase, ademais, dunha das poucas grandes –entre comillas– empresas que nos quedan en Ourense, e por suposto unha das poucas empresas industriais que hai en Ourense, e por se fora pouco, os 170 traballadores e traballadoras desta empresa son persoas maioritariamente de menos de 40 anos. Actualmente esta empresa atópase en situación de concurso de acredores e na tramitación dun ERE extintivo para estas 170 traballadoras e traballadores, que, de non buscardos unha solución, acabarán non tendo máis remedio que abandonar o noso país, como outros miles e miles de mozas e mozos.

Nós, señor conselleiro, queremos facerlle dúas preguntas. Unha, en relación coa situación de partida para intentar buscar unha solución; hai que coñecer cal é a situación de partida; e nese sentido preguntámoslle: a situación actual desta empresa, das súas débedas, da súa falta de viabilidade, ¿vén motivada polas decisións tomadas polo señor Rajoy tanto no Decreto 1/2012, polo que se lles quitan as primas ás enerxías renovábeis, como no Real decreto lei 2/2013, de medidas urxentes do sector eléctrico, no que lles dan un novo pau ás enerxías renovábeis, como di a empresa, ou existe algunha outra razón vinculada coa propia xestión da empresa que xustifique esta situación?

É importante, señor conselleiro, que nos responda a esta pregunta, para saber por onde buscar a solución: se a solución a buscamos pola vía de esixirlle ao señor Rajoy que cambie esa política enerxética e que non siga afundindo a empresas coma estas, ou se a solución a temos que buscar tamén pola vía dos órganos de financiamento da Xunta de Galiza.

Pero, en todo caso, señor conselleiro, nós esixímoslle ao Goberno da Xunta de Galiza que se poña á fronte e do lado dos traballadores, porque para o Bloque Nacionalista Galego non hai outra solución que evitar o peche desta empresa. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señoría, efectivamente, na Xunta de Galicia estamos igualmente preocupados pola situación que se plantexa na empresa T-Solar, unha empresa efectivamente innovadora, con gran capacidade de xeración de emprego e que traballa nun sector de importancia para Galicia como é o das enerxías renovables, unha empresa que ademais foi apoiada —como xa vostede reflectiu— pola Xunta no ano 2008, apoio que se continuou na pasada lexislatura. Hoxe, efectivamente, o proxecto está en risco, está en proceso de concurso de acredores, algo que preocupa profundamente a este Goberno, especialmente pola situación dos 170 traballadores da planta.

Creo que todos compartimos esa preocupación, pero en principio eu discrepo nas causas que parece que vostede dá a entender na súa pregunta que puideron levar a empresa a esta situación. Nós recoñecemos que o momento que atravesamos o sector das enerxías renovables, efectivamente, non é óptimo, porque a crise económica e os niveis acadados polo déficit de tarifa español obrigaron ao actual Goberno, efectivamente, a tomar medidas drásticas, como vostede reflectiu na súa intervención.

O Goberno do Partido Socialista, o Goberno de Zapatero, fixo medrar e multiplicar por trece, por trece, o déficit de tarifa do sistema enerxético, consecuencia dunha política enerxética errática e desordenada. Iso é unha realidade.

Efectivamente, nós, o Goberno da Xunta de Galicia, non compartimos algunhas desas medidas, e por iso xa presentamos no seu momento un recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto 1/2012. Pero tamén é certo que a situación, desde un punto de vista obxectivo, é unha situa-

ción grave. Basta dicir que o último informe da Comisión Europea sobre a situación macroeconómica de España apunta a que o déficit de tarifa xera un problema macroeconómico ao alcanzar case o 3 % do produto interior bruto no ano pasado.

En calquera caso, señorías, esta non é unha planta naci-
da para fornecer a España, é unha empresa que naceu dende o primeiro momento cunha vocación claramente exportadora, e nese momento, desde o primeiro momento, no ano 2008, cando se apostou por esta planta, ese era o obxectivo, e por iso entendemos que a situación do mercado español puido influír, pero se a empresa ten dificultades financeiras temos que buscar a explicación noutros aspectos, e nesta explicación entendemos que os xestores de T-Solar e o grupo Isolux teñen moito que aclararnos tanto ao Goberno como aos traballadores, e por iso lle estamos a esixir máis información.

Este conselleiro xa mantivo encontros cos propios directivos da empresa, de T-Solar e do grupo Isolux, e tamén co comité de empresa estamos a avaliar, estamos a identificar cales son as medidas que se poden tomar para conquistar unha viabilidade futura á planta, e loxicamente nese sentido non escatimaremos ningún esforzo para conseguir ese obxectivo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Paz Franco.

A señora PAZ FRANCO: Señor conselleiro, hai que ter moita insensibilidade e moita desvergoña para que lle preguntemos que ten pensado vostede facer para salvar 170 postos de traballo e que veña vostede aquí coa lería de Zapatero e da Comisión Europea, e que veña vostede aquí ademais a mentir, señor conselleiro, porque, efectivamente, coa excusa do déficit tarifario aplicáronse estas medidas de Rajoy, pero o certo é que despois destas medidas, neste primeiro trimestre do ano 2013, incrementouse o déficit tarifario en máis de 1.000 millóns de euros no Estado español, co cal se demostra que a vostedes non lles importa liquidar estas empresas, liquidar estes postos de traballo, con tal de seguir beneficiando as grandes empresas enerxéticas.

Pero non vimos aquí falar do déficit tarifario e das empresas enerxéticas. Vostede dixo en Ourense que a Xunta de Galicia non ía consentir que, despois de todos os cartos públicos recibidos por esta empresa, non cumprise cos seus compromisos de mantemento de postos de traballo. Pois díganos aquí, en sede parlamentar e diante dos traballadores, que ten pensado vostede facer para esixirlle á empresa o cumprimento dos seus compromisos, e non nos veña coas lerías que nos acostuma este Goberno a dicir: que apoian, que se comprometen, que están de acordo, que están a favor e que son marabillosos cos problemas da xente, pero a non mollarse, a non poñer enriba da mesa solucións.

E díganos tamén, señor conselleiro, se teñen vostedes pensado, para defender eses millóns de euros de cartos públicos que están enterrados na empresa T-Solar, poñerse á fronte tamén das negociacións para buscar alternativas ao peche desta empresa, señor conselleiro. E de ser así, ¿que xestións ten pensado facer?

E non saian novamente pola tanxente, son cuestións moi concretas. ¿Que vai facer vostede e o seu Goberno para salvar os 170 postos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Paz.

(A señora Paz Franco pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas, señora Paz.

Ten a palabra para a réplica o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, presidenta.

Señora Paz, permítame dicirlle que non me resigno a compartir a súa visión catastrofista, que ademais é permanente en todas as súas intervencións. *(Murmurios.)*

E non a podo compartir non porque a situación, efectivamente, non sexa grave, que o é, senón porque as visións apocalípticas que vostedes trasladan non axudan en ningún momento a atopar solucións nin moito menos a superar ningún tipo de situación de crise. Hai moitas empresas en situa-

cións moi complicadas e moitas delas, señorías, moitas, están a superalas, e nós seguiremos a traballar nese sentido e seguiremos a traballar especificamente tamén na situación que ten T-Solar intentando buscar unha solución.

En calquera caso, nós á empresa estamos a esixirlle que busque, efectivamente, saídas alternativas para o escenario presentado para T-Solar. Estamos desenvolvendo un labor de avaliación pormenorizada das achegas outorgadas á empresa, e advertindo –xa o fixemos– ao grupo Isolux que ten a obriga de cumprir co máximo rigor todas as condicións establecidas no momento no que se lle outorgaron esas axudas; e loxicamente nós seremos garantes do cumprimento estrito desas condicións. O certo é que non estamos nada satisfeitos –iso é certo– co grupo Isolux, coa actitude que ten mostrado, e, nese sentido, nós seguiremos esixindo a transparencia e claridade que se espera dunha empresa desa magnitude.

Polo tanto, nese sentido xa lle digo que podo trasladarlle a total garantía de que o Goberno velará polos intereses dos recursos públicos que se lle outorgaron no seu momento á empresa T-Solar e ao grupo Isolux.

Loxicamente estamos a traballar co comité de empresa buscando cales poden ser as alternativas de futuro. Xa son varias as reunións que se celebraron cos representantes dos traballadores, estamos a identificar esas posibles alternativas, e nós loxicamente non deixaremos ningún tipo de esforzo en encontrar unha solución ante esta situación.

Pero loxicamente non perderemos de vista –como lle dicía– a necesaria responsabilidade na xestión dos recursos públicos que fai, e que loxicamente nós entendemos que T-Solar non pode plantexar un peche como o plantexou incumprindo os compromisos derivados das axudas outorgadas, e, nese sentido, loxicamente xa lle digo que pediremos toda a responsabilidade.

Para rematar, permítame solicitarlle de verdade unha oposición un pouco máis construtiva, porque así sinceramente creo que neste tipo de cuestións non podemos ser nada construtivos, e máis nunha situación –permítame que o recorde– na que vostedes apoiaron este proxecto no ano 2008 e nós démoslle continuidade –é certo–. Polo tanto, traballemos nunha fronte común, traballemos buscando consensos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, con

propostas concretas e non con esas visións apocalípticas que vostedes trasladan nesta Cámara.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta de D^a Yolanda Díaz Pérez e D^a María Consuelo Martínez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o financiamento do dique flotante para Navantia, na ría de Ferrol

A señora PRESIDENTA: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Martínez García.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, estamos outra vez ante un tema recorrente como é o dique flotante de Ferrol. Os últimos datos da enquisa de poboación activa publicados polo Instituto Nacional de Estatística, correspondentes ao peche do mes de marzo, debuxan a dramática situación que vive Ferrol. A súa taxa de paro ascendeu en só tres meses dende decembro do 2012 ao 32 %, dez puntos por enriba da media galega. O futuro laboral de Ferrol non pode ser máis desolador, xa que tamén a taxa de ocupación é a máis baixa entre as sete cidades galegas. En Ferrol só traballa un terzo da poboación, o 33,7 %, mentres que por exemplo na Coruña a taxa de ocupación é do 50,4 %. A evolución de Ferrol é, con diferenza, a peor entre as sete grandes cidades galegas. Dende decembro de 2012 a taxa de desemprego aumentou cinco puntos, do 28 % ao 32 %. En marzo de 2012, só un ano antes, a taxa de desemprego de Ferrol era do 19,4 %, o que representa un incremento do paro de 12,6 puntos nun ano, fronte ao 2,72 de subida de media en España.

O naval de Ferrolterra está esquilmado, coas gradas baleiras, e o futuro parece vir aínda máis lóbrego. E, mentres tanto, o Goberno adicouse a entreter entre danzas e diretes, a botar a culpa a Europa de non poder construír o dique flotante, a prometer carga de traballo en forma de flotel, e ao final descubrimos que non hai nada de nada.

O flotel non se sabe o que vai pasar con el tras a compra de Barreras por parte de Pemex. Xa non sabemos se vai ir a Ferrol ou non vai ir a Ferrol algún flotel. Despois de máis dun ano falando do dique flotante, despois de multitudina-

rias mobilizacións dos traballadores de Navantia e do pobo de Ferrol, enterámonos de que España nunca preguntou formalmente a Europa sobre as posibilidades da construción do dique flotante en Ferrol. Así, na prensa do 1º de maio aparece que España elevará unha consulta formal nos próximos días á Unión Europea sobre se Navantia pode construír o dique flotante en Ferrol para aumentar as capacidades de buques gaseiros e *post-panamax* cunhas dimensións específicas para circular polo canal de Panamá.

O comisario de Competencia, Joaquín Almunia, asegura que a consulta formulada sobre o dique flotante que se demanda para os estaleiros da ría de Ferrol se presentou informalmente. O proxecto non se notificou formalmente á comisión responsable das axudas estatais para a súa avaliación con arranxo ás normas sobre as axudas estatais da Unión Europea.

O certo é que este desmentido por parte do comisario responsable de Competencia na Comisión, que si recoñece discusións informais cos responsables das axudas estatais da Unión Europea, fai evidente a mentira, a corrupción política con promesas que non se pensan cumprir, abandonando un sector estratéxico...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Martínez. *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Moitas grazas.

Ten a palabra para responder o conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señora presidenta.

Señoría, hoxe, por sexta vez no que vai de ano, teño a oportunidade de contarlles novamente a nosa postura no referente ao sector naval en Ferrol. Unha postura, señoría, que non mudou un ápice, non mudou un ápice dende a chegada deste Goberno á Xunta e que demostra que ningún goberno autonómico tivo nunca maior compromiso co naval ferrolán. É unha postura que curiosamente se lexitima con ese documento da Comisión Europea ao que vostede fai referencia e ao que eu me referirei máis tarde.

Dende o primeiro instante, señoría, recoñecemos a importancia social e económica do sector naval, non só de Ferrol, non só de Ferrol, senón tamén de Vigo e do resto de Galicia, polo tanto, do sector naval galego.

Os galegos sufrimos, efectivamente, no sector naval reconversións, sancións, gobernos centrais que non apostaron por nós, pero dende a Xunta de Galicia estamos a desenvolver un traballo de promoción do sector. Estámolo apoiando nos nosos orzamentos, como ben sabe, reactivamos Pymar, fomentamos a formación, estamos apoiando estaleiros en risco procurando un novo *tax lease* e incluso conseguindo contratos para as nosas empresas e tamén para Ferrol, e polo tanto ese flotel que se construírá en Navantia.

En Ferrol, ademais, dende o primeiro día este Goberno esixiu a Navantia o desenvolvemento das súas responsabilidades, e por iso dixemos –e mantemos– que eles, Navantia, teñen a responsabilidade de conseguir carga de traballo para os estaleiros e que teñen que facer do estaleiro un centro de referencia no sector das reparacións. En definitiva, señorías, dixemos en todo momento que Navantia tiña que conseguir carga de traballo ou carga de traballo.

E dígolle máis: a Xunta tamén quixo cooperar nesta tarefa, e saben perfectamente que, como resultado desa alianza estratéxica con Pemex, conseguimos a firma de dous contratos, que son os primeiros que se firman en Navantia dende o ano 2007, un en Navantia e outro en Barreras, como vostedes saben perfectamente.

No referente ao dique, vólvolle reiterar o que dixer en múltiples ocasións, a última hai un mes. A Xunta de Galicia suxeriu a creación dun *pull* investidor que lle permita a Navantia desenvolver a infraestrutura, e estamos colaborando nesa definición.

Realizouse tamén unha consulta informal á Comisión Europea para determinar a súa viabilidade –un procedemento habitual no eido da Unión Europea–, e coa información recibida estase nestes momentos deseñando a consulta formal sobre o financiamento do dique, que defenderá tamén o levantamento do veto e a construción civil.

Polo tanto, señoría, seguimos traballando en defensa do naval galego, seguimos traballando en defensa do naval de

Ferrol, en defensa de Navantia, en defensa de contratos e polo tanto de carga de traballo para os seus traballadores.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señora Martínez.

A señora MARTÍNEZ GARCÍA: Ben, a verdade é que é unha desgraza para este país que sigan no mesmo. Eu esperaba que cambiaran despois de ver as mobilizacións de toda a comarca de Ferrol en defensa dun sector que vostedes non están a defender. Navantia ten que buscar carga de traballo, ¿e a Xunta que pensa facer? Á parte de vender os estaleiros galegos a empresas foráneas, ¿que pensa facer a Xunta? Esa é a defensa do sector naval galego que fai a Consellería de Industria: vender as empresas galegas, as mellores empresas galegas, a países estranxeiros para que leven de aquí a tecnoloxía e acaben co sector naval galego. Iso é todo o que prometen.

Pero hai cousas moito máis tristes que todo iso. Din vostedes que é un sector estratéxico, que vostedes están buscando contratos para as nosas empresas. Xa me contará onde, cando, se conseguiron algún, porque o único que miramos aquí é unha venda barato-barato, véndese barato-barato o naval galego, barato-barato, ¿quen compra? Iso é o que vai dicindo a Xunta por aí. Parecen vostedes *los de la manta, es el top manta*: barato-barato, vendemos estaleiros. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, alianza con Pemex. Di vostede que veñen dous floteis, un para Ferrol e outro para Vigo. Non sabemos se é certo, porque había prometidos corenta e sete. Polo tanto, aquí non se ve nada. O certo é que levamos falando disto polo menos nesta lexislatura desde que empezou, pero aquí non se ve nada máis.

¿Pero sabe que é o peor? O peor é que acaba de dicir que se fixo unha consulta informal hai un ano, e dende hai un ano están vostedes preparando a consulta formal. ¿Aínda non a teñen preparada? ¿Pero que están facendo? Menos mal que é un sector estratéxico, porque se non chega a ser estratéxico, entérrano xa de por vida, vostedes soños.

Entón, o único que fan, a única política que hai por parte do Goberno da Xunta é vender o país a cachos, xa sexa por minas, xa sexa vendendo os seus sectores estratéxicos, xa sexa vendendo as empresas que... *(A señora Martínez García pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, grazas, señora Martínez. Grazas.

Réplica. Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señoría.

Señoría, non ten que me lembrar a min a importancia do dique flotante e moito menos a importancia do sector naval, porque foi este Goberno o primeiro en solicitar un estudo de avaliación da súa viabilidade, e foi este Goberno o primeiro en plantexar a posibilidade de promover un *pull* investidor que permita acometer o investimento deste dique, e tamén foi este Goberno a primeira e única administración que incluíu nos seus orzamentos unha partida orzamentaria de 5 millóns para abordalo. Por certo, por certo, sen o apoio do seu grupo parlamentario, e eu sigo lamentando *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que sigan sen apoiar ningún tipo de proposta, ao mesmo tempo que tampouco presentan...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Señora Díaz, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): ... ningunha outra alternativa.

Pero, señorías, unha vez máis teño que lamentar o profundo descoñecemento que vostede e o seu grupo, particularmente neste caso vostede, ten sobre o funcionamento da Administración comunitaria. Láméntoo profundamente.

Como ben saben, o camiño adecuado na práctica comunitaria consiste en realizar consultas informais —chamadas *non-paper*— para recibir información non vinculante sobre as posibilidades dun proxecto. Foi así como se fixo co dique flotante, e grazas a esa resposta obtida podemos abordar mellor o documento de consulta formal que se está a elaborar. E estou a elaborar Navantia, porque é a responsable de

elaboralo, non a Xunta de Galicia; outra cousa é que nós esteamos a colaborar loxicamente con Navantia.

Vostede sostén que a Comisión Europea desmentiu que se notificase de xeito formal o proxecto do dique flotante. Iso, como ben sabe, non foi así, non o desmentiu, porque ninguén o dixo antes.

Pero igual a sorprende unha cousa, señoría, e é que nós como Goberno sempre estamos a manter a mesma postura, aínda que vostedes se esforcen en intentar dicir o contrario. E iso para nós non é moi difícil, porque temos unha axenda moi clara para o sector naval galego, porque temos moi claro o que hai que facer e porque ademais o programa electoral do partido que sustenta ao Goberno é o único partido que fai un plantexamento serio ao respecto.

Dende o primeiro momento mantivemos que ou se conseguía carga de traballo para os nosos estaleiros ou ben se construía un dique flotante. E fomos os primeiros en concretar seriamente as posibilidades de desenvolvemento deste proxecto. Polo tanto, carga de traballo para Navantia ou carga de traballo para Navantia.

Por iso, seguiremos traballando, señoría, para aproveitar ao máximo o acordo estratéxico asinado con Pemex, que segue traendo boas novas para Galicia, aínda que vostedes consideren que é xustamente o contrario, e traballando para abrir novas liñas de futuro, novas oportunidades para o naval galego.

Estou convencido de que imos conseguir superar esta situación, porque non o facemos por intereses partidistas nin electoralistas senón porque o facemos convencidos de que o sector naval é un sector competitivo e que os nosos traballadores son moi competentes e que merece a pena loitar polo futuro deste sector, e nesa loita seguiremos...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

(O señor conselleiro de Economía e Industria pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Pregunta de D. Pedro Manuel Arias Veira e sete deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da

Xunta de Galicia do acordo que permitiría á empresa mexicana Pemex entrar a formar parte do accionariado do estaleiro Hijos de J. Barreras, situado na ría de Vigo

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular esta pregunta ten a palabra o señor Arias Veira.

O señor ARIAS VEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Conde, toda a opinión pública e este grupo parlamentario tivo coñecemento do acordo de Pemex coa propiedade do estaleiro Barreras. Para calquera observador que estea moi interesado en coñecer as posibilidades, as probabilidades de que se puidera chegar a un tipo de acordo deste tipo, a posibilidade de futuro para o sector naval galego é unha extraordinaria noticia, incluso case unha noticia que podería ser obxecto dun escepticismo racional, dunha incredulidade dende a esperanza, porque era tan anxeada, tan desexada durante tanto tempo.

Calquera que estude o sector naval internacional, calquera ve que existe unha crise no mercado de fretes, polo tanto que existe un descenso da demanda de construción de novos buques. Calquera que estivera analizando a traxectoria do sector naval galego durante estes anos vería que existía unha crise de pedido, de exceso de ocupación, de problemas de política de *tax lease*, dunha negligencia do Goberno anterior, dos gobernos anteriores, tanto central como autonómico, e que probablemente este tipo de acordo puidera ser algo extraordinario, incluso rozando a incredulidade, incluso rozando –por dicilo así case– un tipo de demagogia política.

A nós parécenos de todos xeitos que a seriedade da Administración anterior do Grupo Popular, da Xunta de Galicia, a actual xestión, a continuidade de responsabilidade, está dando pé, e parécenos que existen uns elementos de seriedade no feito de que unha empresa internacional acade este tipo de maioría, que iso implica que non soamente existe visión estratéxica por parte do Goberno senón que nos parece que hai unha enorme cantidade de xestión, unha enorme cantidade de xestión, afortunada, concreta, empírica, realista e empresarial, (*Murmurios*.) por parte de toda a Xunta de Galicia e da súa consellería e incluso dos seus antecesores, que nos gustaría que fixera vostede unha valoración e unha extensión para este grupo parlamentario, para este Parlamento, toda a opinión pública galega, deste tipo de acordo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Arias.

Resposta do conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, efectivamente, coincidimos nunha valoración moi positiva do feito de que Barreras puidera adquirir o 51 % do estaleiro de Navantia, porque consideramos que sempre é positivo que un país con grandes capacidades de desenvolvemento como é México conte con Galicia para investir.

México está a confiar en Galicia. Entendemos que iso é unha gran noticia e está a confiar tamén no noso sector naval. E iso entendemos que ten un dobre beneficio. Por unha banda, vén demostrar que Galicia, o sector naval galego, mostra calidade, mostra competitividade e polo tanto mostra as posibilidades de obter un produto diferenciado nun mercado tan globalizado e competitivo como é o sector naval. Entendemos que con esta confianza que nos está a amosar México non hai mellor carta de presentación para un país como Galicia.

Por outro lado, vén traer tamén carga de traballo –segundo aspecto positivo–, e polo tanto seguridade, a un estaleiro que é importantísimo e que non só significará carga de traballo directa para o estaleiro senón que tamén significará carga de traballo para a industria auxiliar que depende del.

México, como ben saben vostedes, non é un país estraño, ten unha forte vinculación con Galicia, porque durante moitos anos se contaron por miles os galegos que deixaban a nosa terra para traballar alí. Iso creou un vínculo indiscutible que aínda se mantén a día de hoxe e que entendemos dende o Goberno que temos que ser capaces entre todos de aproveitar.

Hoxe as capacidades de desenvolvemento do país americano fan que sexa o momento propicio para volver intensificar as nosas relacións económicas, e neste sentido a alianza estratéxica firmada entre Pemex e a Xunta de Galicia en

maio de 2012 entendemos que é o camiño adecuado. O camiño adecuado porque significou un acordo que frutificou na sinatura de dous contratos para a construción de dous flo- teis en estaleiros galegos, que propiciou ademais que a cuar- ta petroleira do mundo estableza a súa base loxística no porto exterior de punta Langosteira e que siga abrindo novas posibilidades de desenvolvemento para o naval galego.

Entendemos que estas novas posibilidades permitirán que coa colaboración entre estaleiros galegos e estaleiros mexicanos se poida optar á renovación da flota menor de Pemex, cun importante investimento que suporía máis de 200 millóns de dólares, e valoramos como igualmente posi- tivo a entrada –como lles dicía anteriormente– da empresa mexicana no accionariado do maior estaleiro privado de Galicia, un feito que certifica efectivamente as posibilidades de colaboración entre Galicia e México que este Goberno apoia e que este Goberno impulsará.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Réplica. Señor Arias.

O señor ARIAS VEIRA: Señor Conde, xa esta mañá asistia- mos a un debate –por dicilo así– moi central, nos modelos económicos de Galicia, nunha pregunta do Bloque Naciona- lista Galego, sobre o tema fundamental de se estabamos ven- dendo Galicia, se estabamos parcelando Galicia. Nós, é dicir, nese senso a súa explicación, no senso que nos di alianza estratéxica, concepción de Galicia aberta, concep- ción de aproveitar as vantaxes comparativas que tiveramos no pasado, é dicir, a non ideoloxización, o xeito de non ter dogmatismos, de concepción senón que é galego todo, é galego todo o que crea emprego, crea riqueza en Galicia.

Por outra banda, este tipo de referencias históricas do significado de México para os galegos, o significado da con- cepción das relacións internacionais, que está en sintonía coas súas palabras, pero fundamentalmente a política econó- mica do Partido Popular, entendida a política económica da Xunta, a política económica deste grupo parlamentario, co que é o pensamento económico hoxe máis construtivo res- ponsable dominante na sociedade galega.

Hai días viamos nos xornais incluso estatais que se publican en Galicia unha opinión maioritaria favorable á inversión estranxeira en Galicia, a concepción de reciproci- dade, o afianzamento deses modelos de intercambio econó- mico con ese tipo de vantaxes comparativas múltiples de David Ricardo de que se nós queremos que as nosas compa- ñías galegas invistan no estranxeiro, queremos que as estran- xeiras invistan en Galicia, que temos esa concepción com- plexa de difícil xestión, ese tipo de reciprocidade Galicia aberta-alianza estratéxica.

Nós queremos dicir explicitamente, porque é a nosa obri- ga, independentemente dos xuízos que poidan dar sobre este punto, que nos pronunciamos cun apoio, e quería facer unha felicitación expresa á súa xestión, á do presidente e de toda a Xunta de Galicia. É dicir, que esta é fundamentalmente o núcleo central, o eido esencial do que é a política económi- ca, o modelo económico do Partido...

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor Arias.

(O señor Arias Veira pronuncia palabras que non se per- ciben.) (Aplausos.)

Réplica. Señor conselleiro de Economía e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, grazas pola súa intervención.

Efectivamente, entendemos que Galicia está a promover un modelo económico aberto, un modelo económico que lle permita participar nos fluxos económicos e comerciais inter- nacionais, e nese sentido loxicamente tamén hai que centrar as posibilidades de inversión estranxeira directa, tanto de Galicia no exterior como a de posibles inversores que se poi- dan achegar ao noso país para investir.

Nese sentido, entendemos que a noticia da inversión de Pemex en Barreras é unha noticia de alcance, que debe ser efectivamente valorada con cautela, pero que marca unha tendencia moi importante no senso de que unha empresa a nivel mundial poida decidir investir en Galicia no noso terri- torio. Iso entendemos que é unha boa noticia.

Os investimentos estranxeiros, para situar este contexto da visión do modelo económico, comercial e de investimento que ten o Goberno, como saben, estes investimentos estranxeiros xa xogan un papel moi importante en Galicia. Temos exemplos como Alcoa, como PSA Citroën, que son empresas a ter moi en conta, empresas de tenza de valores que invisten nas nosas empresas en Galicia e que na última lexislatura foron preto de 1.000 millóns de euros os investimentos estranxeiros en Galicia. Todo isto supón unha mobilización da nada desprezable cifra de 50.000 empregos cada ano, datos realmente de moita importancia e de moito calado que reflicten o que están a aportar estes investimentos á economía e ao desenvolvemento de Galicia.

Ademais, é un feito obxectivo que existe unha relación directa entre os investimentos estranxeiros nun territorio e o seu crecemento económico. Iso é unha constatación económica que ten un consenso xeneralizado. Madrid, Cataluña e País Vasco están á cabeza na captación de capitais foráneos e exercen de motores económicos de España. E por outra banda tampouco son territorios sospeitosos de carecer dun sentimento de país, como o que podemos ter os galegos.

Por outra banda, tamén son moitas, señorías, as empresas galegas que invisten no exterior. Lonxe de prexudicar os seus territorios de implantación, estamos obtendo un beneficio.

Polo tanto, por responsabilidade e por convicción, dende o Goberno estamos a potenciar a presenza das nosas empresas no exterior e por suposto atraer capital estranxeiro que poida investir en Galicia. Potenciaremos a imaxe de Galicia no exterior, fomentaremos confianza nas nosas capacidades e por suposto intentaremos que sigan facendo oportunidades como a que supón o investimento de Pemex en Barreras.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da continuación co consenso establecido no Plan xeral de normalización da lingua galega

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, hai nove anos neste Pleno deste Parlamento aprobábase por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega, un documento que viña recoller un conxunto de medidas para darlle un impulso á necesaria normalización do idioma propio de Galiza, da normalización do galego.

Porén, este plan tivo a desgraza de que o Partido Popular decidiu dinamitalo, decidiu aprobalo, pero desde que vostedes están no Goberno pois están traballando seriamente para que este plan non se vexa materializado. E estano facendo cunha zunia especial nun ámbito tan sensible como é o ámbito educativo. Permítame, señor conselleiro, lerlle as cousas que aprobou este Parlamento tamén cos votos do Partido Popular. Decía: “Estamos nun momento decisivo para o futuro do idioma e é urxente promover unha acción social a prol do seu coñecemento, revalorización e uso en todos os ámbitos. Nesta acción a prol do idioma é imprescindible implicar a todos os sectores sociais. O ensino, como a administración, os medios e todos os espazos megafónicos de uso da lingua adquiren un papel fundamental nesta empresa”.

En relación co ensino, o plan o que establecía era que para o ensino infantil o obxectivo era garantir unha ampla oferta educativa en galego nos primeiros treitos educativos e na aprendizaxe da lectoescritura, na perspectiva de que este idioma se converta na lingua primeira do sistema educativo en Galiza, e establece como medidas unha oferta educativa en galego en preescolar, fixar como mínimo un terzo do horario semanal en galego nestas etapas educativas para os contextos e contornos nos que a lingua predominante sexa o castelán.

No caso do ensino obrigatorio, ¿que nos di para a educación primaria? Garantir que como mínimo o alumnado reciba o 50 % da súa docencia en galego; fomentárase que se impartan nesta lingua materias troncais como as matemáticas.

¿Que nos di o Plan xeral en relación coa educación secundaria? Tamén, garantir un mínimo do 50 % do ensino

en galego. E dirase: “Tenderase a que entre as materias que se imparten en galego figuren as matemáticas e a tecnoloxía, á parte das que xa estaban naquel momento legalmente establecidas”. ¿Que fixo o seu Goberno? Decretar, pola imposición dun decreto que rexeitou o conxunto da sociedade galega, da comunidade educativa e institucións representativas tanto da cultura como do idioma, xusto o contrario do que se poñía neste plan; un decreto que o Tribunal Superior de Xustiza dinamitou e dixo que os elementos fundamentais que estaban utilizando para erradicar o galego do ámbito educativo eran ilegais.

Nós pedímoslle, señor conselleiro, que volva ao que di o plan. Se quere consenso, témolo aquí escrito... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Santalices Vieira): Grazas, señora Pontón.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Señora deputada, teño que dicirlle que a Xunta de Galicia non ataca en ningún momento a lingua galega, por máis que o Bloque sempre lance ese tipo de acusacións, que non se corresponden coa realidade. Sabe vostede que a maioría da cidadanía non comparte tampouco as súas críticas. Sabe vostede que a maioría das galegas e dos galegos entenden que a Xunta de Galicia está a desenvolver unha política lingüística que se sustenta no mandato legal derivado do Estatuto de autonomía e tamén da Lei de normalización lingüística, e que tamén o Plan xeral de normalización lingüística guía as nosas accións a prol do galego. Sabe vostede que a maioría da cidadanía valora que o Goberno galego traballe, desde unha posición moderna e sen complexos, promovendo o galego no ámbito comercial, no da xustiza, no da tecnoloxía, no do lecer, no do deporte e noutros. Sabe vostede que a maioría das galegas e dos galegos non quere imposicións e que a cidadanía prefire unha defensa da lingua pro-

pia de Galicia desde o consenso e cunha visión totalmente positiva.

Esta Xunta está convencida de que o galego é útil en calquera ámbito e para todas as funcións. E, por suposto, tamén ten vontade política de crear as aptitudes positivas cara á lingua propia de Galicia no ensino e fóra do ensino. Nós non imos renunciar a sacar a lingua da confrontación, pese a que o Bloque, unha vez máis, queira alimentar os seus propios intereses e esquecer o que quere a maioría dos galegos e das galegas.

Con este tipo de iniciativas, e cos recentes anuncios para romper consensos de trinta anos, vostedes e o seu partido, en concreto, tratan unha vez máis de facer o seu habitual exercicio de axitación de bandeiras e de reafirmación das súas posicións ideolóxicas ante o que é o 17 de maio. O Bloque converte calquera situación particular nun suposto ataque ao galego e nun elemento, por suposto, de desgaste á política lingüística da Xunta; e magnifican as excepcións para crear a súa mensaxe apocalíptica. Pero os cidadáns entenden perfectamente que a defensa do galego non a exerce ningún partido político, e así o están a dicir tamén todas as autoridades lingüísticas neste campo, exercea o conxunto da sociedade galega, exercea a cidadanía no seu día a día e tamén en datas sinaladas, ¡como non!, do 17 de maio, o Día das letras galegas.

Nós queremos celebrar as letras galegas coa finalidade coa que se concibiron hai cincuenta anos, para celebrar, por suposto, que temos unha lingua propia. Por iso o facemos, como se vén facendo desde hai anos, con actividades de promoción da lingua nas que implicamos a todo o tecido cultural, asociativo, económico e educativo. Implicamos a cidadanía en xeral, sen exclusións, e aí é onde nos gustaría atopar tamén o Bloque Nacionalista Galego con todas as demais forzas políticas e sociais. Así o souberon facer as forzas desta Cámara o ano 1983 e así o deberíamos facer respectar e saber facer todos hoxe en día.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Esa é a nosa vontade e nese camiño estamos a traballar.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor conselleiro, nós dicimos desde o BNG que vostedes atacan a lingua. Pero é que non o dicimos nós sós, é que o din miles de persoas que se están manifestando en contra da súa política lingüicida, da súa política de erradicar o galego nas aulas, que é o que fixeron a través dun decreto que hai que dicir que lle impuxeron á comunidade educativa. Haberá que lembrarlle que houbo unha folga xeral, manifestacións, que foi recorrido non polo Bloque Nacionalista Galego, senón pola Real Academia da Lingua Galega, ante os tribunais e que os tribunais os deixaron a vostedes en evidencia. Que son vostedes capaces de ir en contra da legalidade con tal de conseguir que o galego cada vez fiquen nun lugar máis reducido no ámbito educativo. E as consecuencias do seu decreto xa as coñecemos, ¿pode vostede, se non, dicir se lle parece normal que o galego nas aulas de educación infantil nas cidades estea reducido a un mísero 5 %? ¿Iso é bilingüismo cordial e harmónico? Non sei cal é a categoría coa que vostede nolo vai definir.

En todo caso, a súa obriga como conselleiro é vir a este Parlamento a responder as preguntas que lle formulamos. E hoxe nós, señor conselleiro, formulámoslle unha pregunta moi concreta, ¿asumen, si ou non, o Plan xeral de normalización lingüística? Eu linlle literalmente o que votou o Partido Popular no ano 2004: oferta educativa en galego en educación infantil, garantir que en educación primaria como mínimo o alumnado reciba o 50 % da docencia en galego, que se impartan nesta lingua materias troncais como as matemáticas. En educación secundaria, ¿que di o plan?: o 50 % como mínimo en galego e que as asignaturas de matemáticas e tecnoloxía figuren entre as que están dadas na nosa lingua. ¿Acéptao ou non? Dígao, é moi sinxelo. O seu decreto di que non.

¿Están vostedes dispostos a volver ao consenso do ano 2004 ou van...? *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Moitas grazas.

Réplica do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas, señora presidenta.

Señora deputada, primeiro, dúas cuestións. A verdade é que me gusta escoitar que teñen consideración para a Real Academia Galega e para todos os seus membros. E, en segundo lugar, con respecto ao Plan xeral de normalización, creo que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deixou ben claro o que supón o Plan xeral de normalización.

Teño que volver manifestarlle que a maioría da cidadanía non apoiou o Bloque Nacionalista Galego no pasado e non o está a apoiar no presente, porque non comparte a súa pretensión de apropiarse do galego... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio.

Señora Pontón, vostede xa falou. Está a falar o conselleiro, que aínda non rematou a súa intervención.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

¡Señora Pontón!

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Señora Pontón.

Ten a palabra, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas, presidenta.

Tampouco comparte a cidadanía galega a visión pesimista sobre o futuro da lingua, sobre a que vostedes cren que teñen o poder absoluto ou o dominio absoluto.

Señora Pontón, o Bloque Nacionalista Galego está empeñado en converterse en especialista en rachar consensos que o pobo galego foi construíndo ao cabo do tempo. Porque foron vostedes os que romperon o consenso da lingua, obrigando aos seus socios do bipartito (*Murmurios.*) a aprobar o Decreto 124/2007, un decreto do galego que a maioría da cidadanía rexeitou nas urnas en dúas ocasións. E agora, para recuperar o imposto con ese decreto do galego, poñen en cuestión a Lei de normalización lingüística, a norma aprobada por unanimidade no ano 1983 nesta Cámara e que constitúe o núcleo de protección fundamental da nosa lingua dende hai trinta anos. Intentan de novo impoñer, a través dunha lei, o que rexeitou a cidadanía nas urnas, que rexeitou o seu decreto.

O Bloque pretende seguir apropiándose do noso idioma, estao a dicir todo o mundo, e penso que é xente que non é afín ao partido que dá sustento a este Goberno. Pero a realidade é que a lingua galega é de Galicia... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): ...e de todo o pobo galego. (*Aplausos.*)

Sería bo, señora Pontón, que por unha vez traballáramos todos xuntos por situar a nosa lingua fóra das confrontacións políticas. O grupo maioritario nesta Cámara intentouno de novo neste Pleno e vostedes néganse. Cadaquén está lexitimado para defender a súa posición, pero parece chegado o momento de afrontar un novo horizonte no que hai que seguir avanzando, con forzas renovadas, na promoción da nosa lingua precisamente.

Reitero desde o respecto á lexislación vixente a política lingüística que está a realizar a Xunta de Galicia, á parte do convencemento de que o galego é útil en calquera ámbito e para todas as funcións. E, por suposto, tamén a vontade política de crear aptitudes positivas cara á lingua que é propia de todos os galegos, no ensino e fóra do ensino.

Creo que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia deixou claro cal é o rol das leis e cal é o rol do Plan xeral de normalización lingüística. E, por suposto, o Decreto do plurilingüismo...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Vázquez Abad): Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e catro deputados máis, do G.P. Popular de Galicia, sobre os obxectivos da Rede Eusumo creada para o fomento do cooperativismo e a economía social, en especial no actual contexto económico

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra para formular a pregunta o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señora presidenta.

O pasado 27 de novembro publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 225/2012, do 15 de novembro, polo que se crea a Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social; un decreto que non só crea a Rede Eusumo, senón que ademais establece a normativa que vai regular o seu funcionamento. Segundo o dito decreto, esta rede pretende fomentar a fórmula da economía social e do cooperativismo a través do asesoramento e a través da promoción para a creación de novas entidades e empresas deste tipo. Así mesmo, sinálase que esta rede estará formada pola Xunta de Galicia e polas entidades colaboradoras que a ela se adhiran a través de convenios de adhesión coa Consellería de Traballo e Benestar.

A economía social e o cooperativismo son fórmulas que teñen demostrado nos últimos anos unha especial resistencia fronte á crise que vivimos de forma xeneralizada, por iso o Goberno do Partido Popular, este Goberno da Xunta de Galicia, ten decidido apostar por esta fórmula e pola Rede Eusumo, que xa ten permitido o nacemento de moitas cooperativas ao longo do último ano.

Dado o alcance deste programa de fomento do cooperativismo, e para coñecer os obxectivos que nesta materia se marca a Consellería de Traballo e Benestar, presentamos esta pregunta, que ten como obxecto inquirir á conselleira de Traballo sobre cales son os obxectivos da Rede Eusumo que impulsa o seu departamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder a conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Pois, como moi ben dicía vostede, señoría, evidentemente dende que chegou este Goberno á Xunta de Galicia apoiamos os traballadores por conta propia e mesmo tamén as cooperativas, porque estamos convencidos de que eles son un eixo clave para a dinamización da nosa economía e tamén para a creación de emprego.

Hai que ter en conta o feito de que na nosa comunidade haxa hoxe en día 1.200 cooperativas que agrupan 90.000 socios; e, por concretar, dende o ano 2008 ata o ano 2012 téñense creado na nosa comunidade 240 novas cooperativas, o que significa 8.000 socios máis.

As cooperativas teñen demostrado que resisten mellor a crise, mantendo incluso ou mellorando as cifras de emprego. Só no ano 2012 na nosa comunidade naceron un total de 58 cooperativas, con 590 novos socios, é dicir, un 34 % máis que no ano 2009. De feito hai que valorar que, pese á crise, o número de cooperativas foi medrando ano tras ano dende o ano 2010. Por todo isto, dende a Xunta estamos a apostar por este modelo empresarial, e para potenciar este modelo empresarial, dende a consellería contamos con esa rede publicada nese decreto, esa rede de asesoramento de economía social que se chama Rede Eusumo. Este ano potenciamos esta iniciativa tralo éxito acadado no ano 2012, onde xurdiron 12 novas cooperativas na nosa comunidade, das 58 que mencionei antes, e só no que levamos de ano, nestes catro meses xurdiron outras 9 cooperativas máis; é dicir, 21 novas cooperativas dende o ano 2012 ata agora.

A través da Rede Eusumo promovemos a xeración dunha maior competitividade empresarial no ámbito cooperativo, e mediante esta rede poder asesorar, poder formar e informar en todos os puntos, sobre todo na nosa comunidade. Como dicía, eses son os obxectivos principais que ten a rede: información e formación en temáticas vinculadas ao cooperativismo, fomento do autoemprego e emprendemento cooperativo, a realización de análise e estudo pero vencellado ao

desenvolvemento rural, o reforzo da presenza de asociacións e de empresas de economía social en redes de cooperación. E tamén ¿por que non falar da internacionalización, mesmo nestas cooperativas, de intercambio comercial e de cooperación empresarial?

A rede conta agora con 6 centros de desenvolvemento e 16 oficinas de fomento cooperativo, e froito deste apoio –como lle dicía antes– naceron 21 cooperativas, unha sociedade laboral e xeráronse 80 empregos directos; realizáronse 43 xornadas destinadas a crear esa conciencia tan importante do cooperativismo, ás que asistiron 1.000 persoas; e mediante a publicación do decreto, que tivo lugar o pasado mes de novembro, regulamos a posibilidade de que se adhiaran máis entidades a esta rede.

Ata a creación da rede, e a pesar da presenza destacada da economía social no noso territorio, non tiñamos un entramado, non tiñamos unha rede específica de servizos de promoción e asesoramento das cooperativas, e eu creo que era importante tela e que era importante fomentala.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica de don Miguel Ángel Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señora presidenta.

Ao longo das sesións plenarias deste Parlamento de Galicia comprobamos como desde os grupos da esquerda se trata de patrimonializar a sensibilidade fronte a problemas sociais como o desemprego, pero a verdade é que a sensibilidade social, a sensibilidade fronte ao desemprego, se demostra precisamente así, con medidas e con propostas como esta da que hoxe falamos.

As cifras de creación de cooperativas ao longo dos últimos anos falan por si soas, e demostran que a fórmula de economía social resiste moito mellor que outros mecanismos, e proba diso son esas 58 novas cooperativas que naceron ao longo do ano 2012; unha cifra que demostra que a realidade económica do noso país é ben distinta daquela na que tratan de insistir todos os días os distintos partidos da oposición. Por iso parece razoable, parece oportuno, apostar

pola economía social e polo cooperativismo, e apostar supón poñer recursos económicos á disposición destes programas. Neste sentido a Xunta de Galicia ten apostado tamén nesta dirección nos seus orzamentos para o ano 2013.

Señora conselleira, ¿que outras medidas de impulso do cooperativismo se teñen tomado e se van tomar dende o departamento que vostede dirixe?

Nada máis e grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da conselleira de Traballo e Benestar.

A señora CONSELLEIRA DE TRABALLO E BENESTAR (Mato Otero): Moitas grazas, presidenta.

Pois como lle dicía na anterior intervención, estamos a incentivar o noso apoio e o noso compromiso cos traballadores por conta propia, e mesmo tamén coas cooperativas, porque lle dicía que cremos que contan cun papel importante, moi importante, na dinamización da economía. E como, evidentemente, o compromiso tense que demostrar máis alá das palabras, co presuposto, así o demostra o feito de que no noso presuposto para o ano 2013 haxa 2,3 millóns de euros de apoio ás cooperativas; e, así mesmo, para a rede Eusumo investimos 310.000 euros este ano co obxecto de promover esa información-formación para o autoemprego e, sobre todo, para divulgar os beneficios do cooperativismo.

Dentro desta rede potenciamos especialmente o sector –tamén hai que dicilo– de servizos sociais, non só por esta consellería, senón porque estamos firmemente convencidos de que é un sector aínda a explorar e que ademais é un sector de xeración de emprego, e a rede ofrece un apoio específico para fomentar empresas de economía social dentro deste sector.

Tamén melloramos algo importante na pasada lexislatura, o marco lexislativo, que xa levaba moitísimos anos sen reformar, reformando a Lei de cooperativas que foi aprobada no ano 2011. E creamos outro programa, que é o programa Coopera máis, cuxo obxectivo principal é articular medidas que contribúan ao fomento e consolidación da eurorexión Galicia-norte de Portugal. Este ano damos un paso máis

e queremos crear algo novo, algo novidoso, que é un distintivo que impulse e promova esa fórmula cooperativa, que é a marca Coopera, unha marca que dalgunha maneira vai fomentar tres eixos principais dentro daquelas cooperativas que a merezan, que serán: o eixo da responsabilidade social, o eixo da xestión medioambiental e o eixo da boa xestión de calidade.

Evidentemente tamén, como lle dicía ao principio, non só apoiamos as cooperativas como unha fórmula de autoemprego, senón mesmo tamén os emprendedores, con 25 millóns de euros para o fomento do emprendemento, ademais de apoiar a contratación non só do primeiro traballador, senón tamén do segundo e do terceiro traballador, do que esperamos –dando cumprimento á nosa promesa electoral– que se poidan beneficiar 900 persoas con esta axuda do segundo e terceiro traballador. E buscamos tamén apoiar os asalariados, como non, ademais dos autónomos, pero sobre todo os autónomos e as micropemes, que agora nestes momentos o están a pasar mal. Polo tanto, asinamos un protocolo recentemente, esta semana, de colaboración coa Cámara de Comercio de Santiago e a fundación Incide, precisamente para que os autónomos que pasan un mal momento, e as micropemes que pasan un mal momento, teñan unha axuda de asesoramento e información por parte deste convenio. En definitiva, dende a Consellería de Traballo e Benestar estamos a poñer en marcha diferentes actuacións para facer do cooperativismo e da economía social unha das saídas estratéxicas desta crise, e facémolo, insisto, porque cremos que é un eixo principal da economía da nosa comunidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Acumúlanse as seguintes preguntas:

Pregunta de D. Antón Sánchez García, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre as medidas de fiscalización previstas polo Goberno galego en relación coa tramitación pola Consellería do Medio Rural e do Mar de subvencións para a reforestación

Pregunta de D^a María Soledad Soneira Tajés, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as actuacións previstas pola

Xunta de Galicia para aclarar as denuncias presentadas polos veciños da Costa da Morte en relación con supostas irregularidades na tramitación de subvencións para a reforestación de terras non agrarias

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra, para formular a primeira das preguntas, don Antón Sánchez García, do Grupo Parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes, señora conselleira.

Hoxe queremos preguntar polas accións que ten pensado tomar a Xunta de Galicia ante a suposta trama corrupta de subvencións para reforestación de terras non agrarias na Costa da Morte. Preto de cen persoas, afectados e afectadas, estafados e estafadas, nun proceso totalmente falsificado de principio a fin. Falsificáronse sinaturas; suplantáronse identidades; falsificáronse as actas de inspección de campo; falsificáronse contas bancarias, creadas con sinaturas falsas; pagos realizados a persoas que non aparecen nos borradores da declaración da renda, etc. Toda esta xente era utilizada, os seus datos eran utilizados, para que despois cobrara o importe das subvencións a empresa. Ata houbo sinaturas de persoas que xa faleceran ou que tiñan algunha enfermidade que os incapacitaba para tomar este tipo de decisións.

Isto puido pasar con dúas explicacións. Sendo benévolos, teremos que concluír que fallaron todos os mecanismos de control dentro da Administración. Sendo menos benévolos, temos que concluír que dentro da Administración houbo complicidade, houbo quen axudou a esta trama corrupta.

Esta segunda, a pesar de ser a menos benévola, é a máis verosímil para nós. Parécenos imposible que dentro destes case cen implicados e centos de parcelas que se inspeccionaron, cuxas actas de inspección teñen que estar asinadas por un axente forestal, por un axente da empresa e polo propietario da empresa, nun lugar onde todo o mundo se coñece, onde os axentes forestais levan traballando no campo moitos anos, non xurdira este escándalo en ningún caso por parte da Administración. Tivo que ser unha casualidade, un funcionario despistado que mandou unha comunicación a quen non debía de mandala, a unha veciña das estafadas. Isto foi así, non foi detectado pola Xunta de Galicia, polo tanto, no mellor dos casos, fallaron os mecanismos de control. A

partir de aí, a Xunta de Galicia fixo unha actuación máis propia de querer tapar, de querer esconder a realidade, que de colaborar cos afectados na solución, no clareamento desta situación, e por suposto non tomou nin unha soa medida correctora para que isto non pasara. A Xunta non se presentou como acusación particular, tiveron que ser os propios afectados os que se presentaran como acusación. Iniciouse un proceso xudicial que para nós non era obstáculo para que apropiada consellería, como se demandou por parte dos grupos da oposición e dos afectados, tomara medidas administrativas para garantir que a consellería funcionara correctamente e para garantir que isto non volva suceder.

Por favor, gustárame saber que medidas ten pensado adoptar para estas cuestións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra para formular a súa pregunta a señora Soneira Tajés, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora SONEIRA TAJES: Señora conselleira, se vostede se xira e mira cara á tribuna de invitados, verá un grupo de persoas. Esas persoas, imaxínese vostede –remedando a John Lennon– que calquera delas é vostede, que –máis grave aínda–, poden ser seus pais ou incluso nalgún caso algún avó, e imaxínese vostede que nun momento reciben no seu domicilio unha carta dunha entidade financeira na que lle din que ten vostede alí unha conta, e vostede sen sabelo. Cando vai vostede a esa entidade financeira, o director dille que si, que vostede abriu esa conta, que vostede asinou ese contrato, e vostede non sabe nada. Imaxínese vostede que cando lle pide o extracto dos movementos desa conta á persoa responsable desa sucursal, primeiro négase e despois acaba dándollo e dicindo: ¡que máis dá, se ao final todos imos acabar presos!

Imaxínese vostede que cando estuda o extracto ve que hai ingresos cuantiosos de recursos públicos desde a Consellería do Medio Rural, a maior parte fondos europeos, e tamén hai saídas cuantiosísimas, polo mesmo importe, que non as retira vostede nin ningún dos titulares da conta, senón unha das persoas que tivo interese en montar todo isto. Quero dicirlle que ademais nesa conta houbo ingresos,

ingresos por parte –teoricamente– das persoas titulares da conta, que non o sabían, para ingresar e abonar –en beneficio do empresario, evidentemente– facturas pola parte non subvencionable que lle correspondería ao titular da finca. Quero dicirlle que nalgunha conta eses ingresos persoais suman máis de vinte e cinco millóns das antigas pesetas, e vostede sen sabelo. Vostede e os demais titulares ingresaron, por valor de 25 millóns de pesetas, recursos nunha conta da que non tiñan o máis mínimo coñecemento.

Imaxínese vostede, señora conselleira, que no borrador da renda que lle chega á súa casa vostede ten apuntadas todas as subvencións que recibe pola súa actividade agraria, todas, algunhas hasta de cento e pouco euros, douscentos euros, pero resulta que non aparecen estas cantidades. ¿Como é posible?

Imaxínese, señora conselleira, que un responsable intermedio, importante, do Goberno galego ten unha relación de amizade, incluso leva coroas de flores e vai ao sepelio do pai deste construtor, o seu subdirector xeral de Recursos Forestais. Señora conselleira, ¿vostede que pensaría?

Imaxínese ademais, para rematar, que isto non é Botswana, República Centrafricana, Burundi, non sei, calquera país destes que sería case imaxinable pensalo; isto é Europa, España e Galicia. A min gustaríame que me dera unha explicación.

Nada máis. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para responder a conselleira do Medio Rural e do Mar, dona Rosa Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, creo que, en primeiro lugar, cómpre deixar claro de que lado estamos na Consellería do Medio Rural e do Mar. Estamos do lado da verdade, da clarificación dos feitos, tanto polo ben dos veciños e veciñas da Costa da Morte como tamén polo ben de Galicia, da súa Administración e dos funcionarios honrados e honestos que traballan na Administración pública. (*Aplausos.*)

Nós non nos amparamos nin na xustiza nin nos feitos pasados para eludir ou evitar responsabilidades políticas se un procedemento administrativo fose incorrecto ou ineficaz, ou se a meirande parte das axudas estiveran adxudicadas baixo unha inexacta tramitación, e espero que tampouco vostedes o fagan. Por iso non queremos facer que pareza honesta unha acción que poida ser indecorosa ou reprochable, xurídica e administrativamente, escusándoa con argumentos ou razóns. Non queremos nin desculpar nin encubrir nin escusar.

Varias respostas diante deste Parlamento proban que iso é inexacto e non é axustado á verdade, pero tamén creo que é xusto dicir que as causas xudiciais deberán ser prioritarias, e nós así o cremos. Debese deixar actuar á xustiza para comprobar se hai delitos, máxime cando nós non podemos entrar a verificar datos e cuestións bancarias e outras semellantes por non ter competencias sobre este tipo de aspectos. De aí a xulgarnos vai un treito amplo, o mesmo que dicir –como se fixo nalgunha destas iniciativas– que o Tribunal de Contas fai referencia a que Galicia é unha das rexións europeas que destaca polos erros na tramitación. Creo que isto non é bo para Galicia, e non hai nada máis lonxe da realidade. Todas as auditorías que temos acreditan que a nosa autoridade de xestión é das mellores e a que mellor traballo fai da media de toda España, por iso non aceptamos que se dean por xulgadas de forma paralela cuestións que aínda hoxe están en procedementos xudiciais abertos, polo que dicir que a Xunta incorreu en irresponsabilidades estimo que é prematuro, e apuntar xa a unha fraude é certamente insensato, aventurado e falto de sensatez.

En todo caso, queremos dilucidar se as axudas foron controladas de forma eficaz e se estas teñen un procedemento que permita evitar calquera desvío fóra do indicado para os fondos. Neste senso hai que sinalar que a Xunta é a primeira interesada en que se aclare esta situación, é por isto polo que a propia Consellería do Medio Rural e do Mar está a realizar un control de calidade adicional, por persoal técnico alleo a ese distrito forestal, sobre todos os expedientes executados, que previamente xa foron revisados, para comprobar novamente que os investimentos obxecto da subvención están realizados e que se axustan aos expedientes. Ademais desta medida adicional ao control extraordinario, que se realizou unha vez coñecidas as denuncias de supostas fraudes, tamén se está a poñer todo de parte da consellería para ache-

gar información que clarifique o caso. Cómpre insistir en que a Xunta colaborou e segue a cooperar en todo momento coa xustiza para esclarecer esta situación. Todos os expedientes que foron solicitados polo Xulgado de Corcubión tras abrir dilixencias previas por presuntos delitos de falsidade en documento público, estafa e usurpación de identidade fóronlle remitidos integramente. Do mesmo xeito, tamén se lle facilitou toda a información e o acceso aos expedientes a todas as persoas físicas que o solicitaron, debidamente identificadas, e se mantiveron xuntanzas que vostedes coñecen cos supostos afectados.

Así pois, en canto ao control interno extraordinario, o secretario xeral técnico e a Consellería de Medio Rural acordaron a apertura dun período de información previa co obxecto de examinar a correcta tramitación destas axudas. A partir de aí efectuáronse de novo comprobacións sobre todos os expedientes executados, pero cabe recordar que estas axudas son achegas á inversión e, polo tanto, o seu pagamento está condicionado á execución, comprobación e certificación das obras. Polo tanto, as accións incluídas no expediente de axudas aprobadas deben estar executadas correctamente e axustarse ás bases reguladoras das correspondentes ordes de axudas; por iso todos os expedientes xa foron revisados por segunda vez para comprobar novamente que os investimentos obxecto da subvención están realizados, de ser o caso, e que se axustan aos expedientes.

Creo que nin a Xunta estivo parada nin se nega a aceptar as responsabilidades. Se hai un mal procedemento, estamos dispostos a corrixilo e a adoptar as medidas de depuración administrativa e mesmo política, e só agardamos dúas cousas: a primeira, que a xustiza ditamine sobre o caso; e a segunda, que vostedes sexan consecuentes con este procedemento e coas súas responsabilidades.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra para a réplica o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Señora conselleira, sabemos que a maioría dos funcionarios e funcionarias son honrados, pero un sistema ten que

estar preparado para que haxa funcionarios que non sexan honrados, detectalos e depurar as responsabilidades. Menos demagogia con ese tema.

Agradecemos a información que nos dá das medidas a adoptar, que se adoptan recentemente, despois de case dous anos de que os afectados estiveran pedindo estas medidas e despois tamén de que os grupos da oposición llas demandaran hai máis dun ano. Máis vale tarde que nunca.

Sabemos que hai unha investigación xudicial, pero se a investigación xudicial conclúe que non hai delito nesta trama, ¿significa iso que funcionou todo ben? Non, iso non significaría que funcionou todo ben. O sistema fallou. Aínda que non haxa delito, fallou porque o diñeiro tiña que estar garantido que fora ás contas da xente e que fora parar ás mans da xente, dos propietarios das parcelas. E olidóuselle dicir a vostede que as actas de inspeccións están para garantir precisamente iso, e iso non se garantiu.

A Xunta de Galicia foi a remolque en todo momento coa presión que fixeron estes afectados, coas mobilizacións que fixeron, e nunca actuou de xeito proactivo para esclarecer estas cuestións. Non se detectou o problema, non se personaron como acusación particular e non mudaron nada aínda para que isto non volva suceder.

Queremos insistir en que, se vostede non quere que haxa sombras de dúbidas de colaboración da Xunta de Galicia, ten que actuar para esclarecer xa isto e tomar medidas administrativas para que o Distrito forestal V funcione correctamente, que non está funcionando correctamente nin neste caso nin nas denuncias por reforestación de terras agrarias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica da señora Soneira Tajés.

A señora SONEIRA TAJES: Señora conselleira, quen debería estar aí contestando no caso da nosa pregunta é a señora conselleira de Facenda. Unha conselleira moi eficiente en recortar dereitos sanitarios, educativos, sociais, e en dicirlle a vostede cando ten que pechar a caixa para non pagar as facturas —a vostede e ao resto do Goberno— e así despois ter

400 millóns encubertos que se trasladan ao exercicio seguinte, como din os informes do Consello de Contas que aquí non se presentan.

Señora conselleira, aquí hai un problema moi serio. Cando eu lle dixen antes que nunha conta teoricamente se puxeron ata 25 millóns das antigas pesetas de recursos e que non eran conscientes esas persoas que teoricamente os ingresaban de que os poñían, ¿por que cre vostede que se fai iso? Porque eses son cartos de papel. ¿Será para branquear recursos? E a Xunta, e a señora conselleira de Facenda, e o Goberno galego, resulta que non queren investigar iso.

Claro, como aquí nesta Cámara incluso se ten chegado a dicir ¿que non coñecía a un contrabandista neste país?, e incluso case se ten dito que é o máis común pasear cun narcotraficante arousán pola ría, pois seguramente isto tampouco interesa moito. Pero a realidade é que aquí, con cargo a subvencións públicas, teoricamente se moveron como mínimo un 20 % ou un 30 % máis de recursos en contas que non controlaban os seus teóricos titulares, señora conselleira.

Eu non sei se lle parece que iso é grave ou non é grave. Desde logo a algúns parécenos que é grave. Señora conselleira, eu o que non quero crer é que vostede lle ocultaba información fiscal á Consellería de Facenda. ¿Por que non aparece no borrador da renda?

E a axilidade e o interese da Xunta de Galicia é moi recente, señora conselleira, despois de que os grupos o trouxemos a esta Cámara, despois de dous anos de denunciado. E, por certo, con incumprimento dos acordos que se tomaron co seu secretario xeral, porque alí non se están revisando os expedientes da man dos afectados, senón que aparecen persoas...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Soneira. Moitas grazas.

(A señora Soneira Tajés pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Ten a palabra para pechar o debate a conselleira de Medio Rural e do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señora presidenta.

Señorías, a verdade é que pouco máis teño que engadir ao que dixen antes. Eu soamente por clarificar algunhas cousas quero dicir que o desenvolvemento desta medida ten un manual de procedemento e de control que está informado pola autoridade de xestión, e que este manual de procedemento se aprobou o 28 de xullo do ano 2008; é un manual de procedemento e de control que non aprobamos nós, que estaba xa aprobado no ano 2008. *(Interrupcións.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): Tamén teño que dicir...

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento.

Por favor, deixen rematar á conselleira, que xa estamos a rematar.

Fagan o favor. A conselleira aínda non rematou, eu creo que hai que deixala falar. É o seu turno. *(Murmurios.)*

Ten a palabra, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL E DO MAR (Quintana Carballo): A verdade é que parece ser que a alguén lle molesta a verdade, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* pero eu teño que dicir que estas ordes de axudas veñen convocadas dende o ano 2007, dentro *(Aplausos.)* do Plan de desenvolvemento rural aprobado pola Comisión Europea para o 2007-2013. Son ordes de axudas publicadas, cun manual de procedemento e de control aprobado pola autoridade de xestión, manual que se elaborou polo antigo director xeral de Montes. E creo que é bastante correcto dicilo, é un manual administrativo aprobado xuridicamente e que se cumpre.

E tamén teño que dicir que dos 68 expedientes que reclamou o Xulgado de Instrución número 1 de Corcubión, nos expedientes de reforestación, do total dos 68, 8 foron pagados no ano 2007, 20 foron pagados no ano 2008 e 9 foron pagados no ano 2009. A verdade é que pode que se tiveran cometido erros no ano 2008, no ano 2009, no ano 2007 e esteamos cometendo erros, pero eu veño aquí, dou a cara e digo: se se cometen erros, corríxense. Tamén digo que o que

non podemos é actuar, porque o artigo 53 da Lei de subvencións de Galicia aprobada no ano 2007 di que, en tanto en canto non resolva a autoridade xudicial, non se poderá seguir cos expedientes administrativos. E eu digo: cando resolva o xuíz, tomaremos a decisión de continuar ou non co expediente administrativo, pero non me vou saltar a Lei de subvencións de Galicia, que quedou aprobada dende o ano 2007 e que me parece que está ben.

Eu o único que digo é que, cando se quere enmarañar, enmaráñase. Se queremos construír, construímos todos xuntos. Creo que vostedes tiveron a oportunidade de estar nunha xuntanza cos afectados na Secretaría Xeral de Montes, onde tiveron oportunidade de ver todos os expedientes e onde se

acreditou que había notificacións a particulares que recibían a notificación na súa casa e logo dicían que eles non a abrían porque lla entregaban á súa xestoría. ¿Eu que queren que lles diga? (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazas e boa noite.

Remata a sesión ás seis e corenta minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Angel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Calviño, David	(AGE)
19.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
20.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
21.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
22.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
23.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
24.- García Pacín, Isabel	(PP)
25.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
26.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
27.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
29.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
30.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
31.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
32.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
33.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
34.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
35.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
36.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
37.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
38.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
39.- Pardo López, Carmen	(PP)
40.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
41.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25